


MEMORIA CURSO ESCOLAR 2022/2023


C.E.I.P. PLURILINGÜE MANUEL BERMÚDEZ COUSO




C.E.I.P. PLURILINGÜE MANUEL BERMÚDEZ COUSO

MEMORIA ANUAL



1. Introducción
2. Avaliación do funcionamento dos órganos  xerxiados de goberno.
 - 2.1 Claustro.
 - 2.2 Consello Escolar
 - 2.3 Comisión de Coordinación Pedagóxica
 - 2.4 Comisión de Convivencia.
 - 2.5 Probas TIMSS
3. Relacións coa Comunidade Educativa.
 - 3.1. Pais/nais
 - 3.2. ANPA.
 - 3.3. Concello
 - 3.4. Relación co Instituto e Gardería
 - 3.5. Relacións coa Inspección Educativa
 - 3.6. Departamento de Orientación.
 - 3.7. Reunións co profesorado.
4. Obras que se fixeron no Centro.
5. Memoria Económica da Secretaría do Centro.
6. Colaboración do Concello
7. Comedor Escolar
8. Memorias por cursos
 - 8.1. Memoria de Educación Infantil.
 - 8.2. Memoria do 1º curso
 - 8.3. Memoria do 2º curso.
 - 8.4. Memoria do 3º curso
 - 8.5. Memoria de 4º curso
 - 8.6. Memoria de 5º curso
 - 8.7. Memoria de 6º curso
 - 8.8. Memoria de Educación Física.

- 8.9. Memoria de Inglés e Plurilingüismo.
- 8.10. Memoria de relixión
- 8.11. Memoria de música
- 8.12. Memoria da Biblioteca Escolar: PLAMBE-BIBLIOTECA CREATIVA-RADIO NA BIBLIOTECA
- 8.13. Memoria Actividades Extraescolares e Complementarias.
- 8.14. Memoria do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.
- 8.15. Memoria de Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- 8.16. Memoria Tic
- 8.17. Memoria do Departamento de Orientación
- 8.18 Memoria de Pedagogía Terapéutica
- 8.19. Memoria de Audición e Linguaxe
- 8.20. Memoria da ANPA
- 9. Aprobación Claustro
- 10. Aprobación Consello Escolar.



1. INTRODUCCIÓN

Esta é a memoria que corresponde preparar ao Equipo Directivo en colaboración co resto de profesorado do Centro. Unha vez que se prepara é o momento da reflexión. Esta reflexión axudaranos a programar mellor o vindeiro curso. Esta é a principal razón polo que a memoria ten xustificación.

Intentamos na medida do posible que os obxectivos que nos marcamos e que reflectimos na programación anual se cumpriran.


1.1 Continuamos cunha boa harmonía entre tódolos membros da Comunidade Educativa:

Mestres Mestres/as / alumnos/as Mestres/as –Pais/nais - ANPA – Concello e demais organismos
--

1.2 Traballamos o longo do curso nos seguintes proxectos:

- Traballamos no proxecto :No proxecto da auga Planeta Trive
- Traballamos en varios Proxectos de Normalización Lingüística :
 - O Samaín
 - O magosto
 - O Nadal
 - A Paz
 - As Letras Galegas Traballo:
- Curso de Formación:” Polos Creativos
- Plan Dixital
- Edu-Saúde
- Digital-week
- Digicraft
- Cp- innova
- Elaboración das programacións
- Plambe

- Voluntariado
- Radio escola



2. AVALIACIÓN DO FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO.


2.1 O CLAUSTRO.

O longo do curso o Claustro reuniuse en 3 ordinarios

Temas Tratados:

- Presentación de Mestres
- Horario de Mestres.
- Horario de atención a pais/nais
- Equipos de ciclo, Normalización Lingüística, Actividades Extraescolares e Complementarias, Comisión Pedagóxica, Biblioteca, Actividades Tic.
- Reunión Xeral cos pais/nais.
- Quendas de Mestres encargados da vixilancia de recreos.
- Organización do traballo para o 1º trimestre.
- Comedor Escolar
- Balance económico
- Actividades 2º trimestre.
- Actividades programadas pola ANPA.
- Actividades extraescolares
- Contas 2023
- Actividades 3º trimestre
- Resultados das avaliacións
- Aprobación da memoria final.

2.2 CONSELLO ESCOLAR.



O Consello Escolar do Centro reunirase 3 veces o ano.

2.3 COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica reuniuse os 2º luns de 16:00 horas a 17:00 horas.

Temas tratados:

- *Seguimento das programacións
- *Valoración dos resultados das distintas avaliacións.
- *Adaptacións curricular.
- *Protocolo a seguir co alumnado de TDA e Dislexia...
- *Revisión e actualización dalgúns documentos base.
- *Programa de Habilidades Socio-emocionais.
- *Técnicas de Estudo.

2.4 COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Este ano non mantivemos reunións . No centro non tivemos problemas salientables.


2.5 PROBAS TIMSS2023

As probas leváronse a cabo na clase de 4º de primaria o día 8 de xuño de 2023 transcorrendo con normalidade.

3. RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

3.1 Pais/nais

As relacións foron normais mantivemos reunións presenciais pero si estivemos en contacto en cada momento



3.2 Relacións coa A.N.P.A do Colexio.

Durante este curso as relacións coa A.N.P.A. foron boas e colaboraron en todo o que lles foi posible.

3.3 Relación co Concello.

As relacións son normais,precisamos máis limpeza no patio.

3.4 Relación co instituto e a Gardería.

As relacións foron positivas co instituto. Estivemos en contacto a través do Servicio de Orientación con reunións para tratar o paso de primaria a secundaria.

Relación coa Gardería.

Mantivemos contacto o longo do ano para a admisión do alumnado e a matrícula.

3.5 Relacións coa Inspección Educativa, Delegacións e outras institucións.

A relación coa Inspección foron boas. Acudimos a ela sempre que o precisamos e obtivemos asesoramento en cada momento. Con respecto a outras institucións atenderon as nosas peticións.


3.6 Relacións co departamento de orientación.

Este ano o Departamento reuniuse cos titores, e cos pais/nais cando foi preciso. Na memoria de Orientación presentamos con máis detalle os horarios de reunión

3.7 Reunións co profesorado.

As reunión co profesorado levámolas a cabo nas coordinacións de ciclo en Infantil e colectivamente co resto de Mestres/as

Tratamos temas como:



- Características dos grupos
- Actividades para os distintos grupos
- Seguimento do proceso educativo
- A convivencia
- Propostas de mellora e modificación.

A finalidade das reunión foron compartir información, realizar unha análise de cada grupo, a necesidade de chegar a acordos concretos e particulares na toma de decisión para intentar mellorar o rendemento académico e o clima de convivencia na aula e máis no Centro.

4. OBRAS QUE SE FIXERON NO CENTRO NO CURSO 2022/23

Neste curso escolar arranxamos o chan da cociña, creamos unha aula de polos creativos e é moi urxente cambiar o tellado pois chove nas clases.

5. MEMORIA ECONÓMICA DA SECRETARÍA DO CENTRO

Na seguinte táboa reflectimos os datos referidos a ano 2018

	INGRESOS POR PARTE DA CONSELLERÍA	
	Gastos de funcionamento	19695 euros
	Innovación educativa	300 euros
	Centros plurilingües	503,00 euros
	Dinamización Lingüística	311,00 euros
	Fondo Solidario de libros	1111,81euros
	Comedor	42635,35euros
	Contratos programa	800,00euros
	Plan Lía	500,00 euros

	OUTROS INGRESOS	
	Dotación	2520euros
Remanente		42553,10euros
Xuros das contas		00,00 euros
GASTOS		
Subministracións		10295,65euros
Tributos		0,0euros
Material de Oficina		12060,07euros

Comunicacións	2150,19euros
Transporte	1144,60euros
Gastos Diversos	10803,27euros
COMEDOR	41219,70euros
TOTAL ingresos - gastos	110929,26-77673,48euros
Remanente	33255,78 euros

6. - COLABORACIÓN DO CONCELLO

O Concello colaborou nos gastos de mantemento do centro, na subida a serra a neve, na viaxe a “enreguéfate”

7.- COMEDOR ESCOLAR


O Servicio de Comedor funcionou normalmente dende 11 de setembro ata o 21 de xuño. No Nadal, Entroido, e fin de curso tivéronse unhas comidas en relación con estas datas festivas e de celebración.

Este curso no comedor escolar contamos con 110 comensais entre bolseiros e non bolseiros.

Un cociñeiro e unha axudante.

5 colaboradores -3 mestres

2 nais



8. MEMORIAS POR CURSOS

8.1 MEMORIA DE EDUCACIÓN INFANTIL

8.1.1 COMPOÑENTES DO CICLO

- M^a Luz Rodríguez González (titora da aula de 4^o de Educación Infantil).

- Elena González Pérez (titora da aula de 5^o de Educación Infantil).

- M^a José Rodríguez Martínez. (titora da aula de 6^o de educación Infantil e coordinadora do ciclo).

Outros Mestres:

María Pérez Álvarez. (Mestra de Inglés).

Iria Alberich Quintas (Orientadora).

Montserrat Méndez Pérez (Mestra de A.L)

Amador Ares Ares (Mestre de Relixión).

María del Pilar García Mosteiro (Mestra de música).

María Blanco Rodríguez (Mestre de P.T.)

Sara Rielo Quintela (E.F)

Mari Luz González Carballo.(apoi)

8.1.2 AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

-1 aula de 4º de Educación Infantil (con 12 nenos/as que empezaron no mes de setembro e coa incorporación de 1 neno no segundo trimestre).



-1 aula de 5º de Educación Infantil (12 nenos/as).coa incorporación dunha nena no terceiro trimestre.

-1 aula de 6º de Educación Infantil.(11 nenos/as).

8.1.3 FUNCIONAMENTO DAS TÍTORIAS

PROPUXÉMONOS DOUS TIPOS DE ACTUACIÓNS:

CÓ ALUMNADO

Facilitar en cada grupo clase a integración, comunicación e participación de todos e cada un dos alumnos e alumnas tanto en actividades individuais, do grupo-clase, e de todo o ciclo.


Efectuar un seguimento global das aprendizaxes dende a avaliación inicial ata a fina; detectando as necesidades e dificultades dalgúns alumnos/as para darlles a resposta adecuada.

CÓS PAIS E NAIS

Tivemos reunións en grupo para tratar temas xerais: normas de funcionamento o principio de curso, reunións coas titoras.

Os pais e nais dispoñen dunha hora semanal de tutoría para tratar temas concreto sobre a evolución dos seus fillos e fillas. A ditas titorías acudiron un gran número de pais e nai

A relación coas familias foi moi satisfactoria. As familias son moi colaboradoras e implicadas en todo o que se lles pide, respectando horarios.




8.1.4 CALENDARIO DAS REUNIÓN S REALIZADAS E TEMAS TRATADOS

As reunión s realizáronse en horario de 16:00 a 17:00 horas do serán, e os principais temas abordados nelas son os seguintes:

Organización do comezo do curso

- Listado das necesidades de material de uso común e por aulas.
- Elección das aulas segundo cada nivel.
- Organización da participación do ciclo nas actividades complementarias e extraescolares que se relatan no apartado correspondente.
- Deseño de actividades que impliquen a participación dos pais/nais.
- Programación do Período de Adaptación.
- Plan de acollida dos nen@s de 3 anos.
- Plan de acollida ós nenos que se foron incorporando o longo deste curso escolar nas distintas aulas. (polo departamento de orientación e a titora da aula , así como o resto de especialistas)
- Plan de medidas ante problemas de conduta.
- Revisión e diferentes propostas para o proxecto lector.
- Elaboración de distintas actividades para as T.I.C.

- Elección de libros de texto
- Necesidades e propostas de mellora cara  rso que vén.
- Realización da memoria.

8.1.5 CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE CICLO

O curso 2022/2023 desenvolveuse con normalidade. O proceso de ensino-aprendizaxe baseouse en experiencias e xogos próximos ós nenos e nenas, nun clima de confianza e afecto tendo en conta as súas características psicoevolutivas.

Partiuse da realidade máis preto ós nenos/as e dos seus coñecementos previos para así facilitarlle a construción de aprendizaxes significativas. Favoreceuse a socialización mediante actividades de gran grupo, e pequeno grupo como por exemplo o traballo nos diferentes recantos que conforman o espazo da aula, o que deu lugar a que todos interactuasen con todos evitando preferencias por parte duns compañeiros cara os outros. Déuselle importancia ó tratamento da educación moral e para a paz con actividades diarias que formaron parte das rutinas da aula e que axudaron ós nenos e nenas a adquirir valores coma a convivencia pacífica, o respecto á diversidade, a resolución de conflitos, o respecto polos demais cumprindo as normas.

A avaliación dos obxectivos formulados en Educación Infantil faise a través da observación sistemática dunha serie de aspectos que nos permiten ter un control do alumnado nos distintos momentos. Para realizala é indispensable dispoñer de pautas apropiadas para planificar e prever a situación na que se van formular. Ademais tamén nos baseamos en:


Traballos individuais dos nenos/as.

Comportamento social.

Progresos que van facendo.

Adquisición de hábitos.

Desenvolvemento no seu contorno.



8.1.6 RESULTADOS DA AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Avaliouse a cada alumno/a tendo en conta o seu estilo de aprendizaxe: lento, reflexivo, impulsivo,... Non se trata de modifica-la programación proposta para o grupo, pero si de ter en conta o feito de que o alumno/a é diverso á hora de aprender e o punto de partida de cada un.


Unha vez ó trimestre mandóuselle ós pais un boletín que recollía a progresión das aprendizaxes do alumnado. Con certa periodicidade se informaba ós pais dos traballos que se ían facendo diariamente na aula sobre a unidade didáctica que se estaba traballando.

Alumnos/as de 4º de E.I.: a avaliación foi positiva. Os 13 alumnos e alumnas que pertencen a esta aula acadaron os obxectivos e contidos para este nivel.

Alumnos/as de 5º de E.I.; a avaliación foi positiva. Os 13 alumnos e alumnas que pertencen a esta aula acadaron os obxectivos e contidos para este nivel.

Alumnos/as de 6º de E.I.: A avaliación foi positiva. Os 11 nenos e nenas que forman este aula acadaron os obxectivos e contido do nivel e da etapa promocionando para a etapa de primaria.

8.1.7 APROVEITAMENTO DOS MEDIOS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Como tódolos anos a importancia que lle damos á manipulación e á experimentación cos materiais por parte do propio neno/a, un tempo de preparación e programación está adicado a distribución e logación por idades e necesidades deste material.

Así mesmo parécenos moi importante a elaboración e transformación de material a partir do material de refugallo, por iso é un dos recursos didácticos que utilizamos e que nos axuda a conecta-lo entorno e a escola.

O material, aínda que pertence a unha aula determinada, compártese entre todas en función das necesidades e da súa idoneidade para a idade dos nenos/as.

Outros materiais utilizados son os Cds, dvds, a fotocopiadora, o canón, ordenador, pizarra dixital, prensa,...Algún destes materiais son utilizados de forma compartida polo centro.

Para a Psicomotricidade os nenos/as usan o ximnasio e o material específico que se atopa recollido no mesmo.

8.1.8 ACTIVIDADES CONXUNTAS REALIZADAS DENTRO DO CICLO

As actividades realizadas foron adecuadas respecto ós obxectivos dos tres niveis do ciclo. Foron adaptadas no seu contido e polo seu desenvolvemento e en consecuencia espertaron un alto grado de interese para os alumnos e alumnas.

O longo do curso escolar en horario de tarde fixéronse obradoiros nos que traballamos conxuntamente todos os nenos e nenas de educación infantil.

Nestes obradoiros traballamos e fixemos actividades relacionadas con:

- Obradoiro e talleres relacionados cos proxectos que se desenvolveron o longo do curso escolar.

PROXECTOS REALIZADOS A NIVEL DE CICLO:

1º trimestre: “ O NOSO CORPO”

2º trimestre: “ A VOLTA O M  p”

3º trimestre: “ A AUGA”

- As distintas conmemoracións que se celebraron ao longo do ano

- O proxecto que dende biblioteca se esta desenvolvendo no centro, Este ano elaboramos o noso xornal mensual : O FISCAIÑO. cada mes tocounos elaborar unha sección do xornal.

OBRADOIROS REALIZADOS AO LONGO DO CURSO ESCOLAR:

1º TRIMESTRE(Obradoiros)

► DÍA DAS BIBLIOTECAS: Os nenos e nenas de educación infantil desfrutamos esta xornada cunha visita a biblioteca municipal.

► OBRADOIRO DE OUTONO: este obradoiro traballamos o outono, decoramos o noso patio de infantil cunha gran árbore de outono e con diversas manualidades referidas a esta estación.


► DÍA DA INFANCIA: “ obradoiro da calma”. Cada neno/a elaborou a seu tarro da calma.

► ARTE CON CHOCOLATE: “ CONCERTO DE NADAL EN FAMILIA”. Na casa da cultura de Trives os nenos e nenas de infantil desfrutamos dun concerto de panxoliñas de nadal, O coro que nos delito con dito concerto estaba formado polas familias dos nenos/as(pais, nais, avós...etc).

Despois do concerto desfrutamos todos dun rico chocolate con churros.

► OBRADOIRO DE NADAL: Manualidades de decoración de nadal.

2º TRIMESTRE(Obradoiros):

► DÍA PAZ: “XOGOS POLO PAZ” . o neno  enas desfrutaron dunha xornada lúdica organizada polo profesorado con xogos cooperativos e populares.

► OBRADOIRO DE ENTROIDO; Taller de mascarar e decoración de entroido.

► DÍA DE ROSALÍA : xornada festiva na todo o cole saímos a distintas prazas e rúas do pobo para cantar e recitar versos da nosa Escritora Rosalía de Castro

Os nenos e nenas de educación infantil cantamos a canción “ ROSALÍA PEQUENIÑA”

► DÍA DO PAI: fixemos un bonito agasallo para papá.(chaveiro)

► DÍA DA MULLER TRABALLADORA: “ DEPORTE EN FEMENINO”. Cada aula de infantil investigou e fixo un pequeno traballo sobre unha deportista galega.

3º TRIMESTRE

► DÍA DA NAI: cada neno elaborou un bonito agasallo para a súa nai.(chaveiro).

► DÍA DO LIBRO: Ruta da auga En Educación Infantil estamos entusiasmados co novo proxecto do noso ciclo sobre a AUGA, e por iso, decidimos saír en busca de auga polo noso pobo.


Atopamos algunha fontaña, algunha ponte e unha fervenza. Andamos moito e gozamos de lecturas ao aire libre como remate da actividade.

No parque lemos, fixemos lectura compartida e disfrutamos lendo sobre a auga, as súas propiedades, estados.

► DAS LETRAS GALEGAS: Nas aulas de infantil celebrouse este día elaborando bandeiras, carteis e coñecendo un pouco ó autor o que este ano estaban adicadas as nosas letras(Francisco Fernández del Riego).

Co resto do cole desfrutamos:

Dun recital da nosa lingua



Visionado da Película VALENTINA, na casa da cultura do concello.

► DÍA DO MEDIO AMBIENTE: carreira de orientación. Xornada de xogos orientados a concienciación do alumnado o coidado do medio ambiente.

VISITAS E SAÍDAS EDUCATIVAS REALIZADAS O LONGO DESTE CURSO:

— AUDITORIO: O 9 de maio , os nenos/as de infantil desprazámonos ata o auditorio de Ourense para ver a obra de teatro “FEO”

— VISITA A MARCELLE: O 26 de Abril , fixemos unha visita o parque natural de Marcelle.

Outras actividades conxuntas:

- Películas de DVD na BIBLIOTECA.
- LECTURA DE CONTOS NA BIBLIOTECA.
- CONTACONTOS organizados pola anpa do colexio.

8.1.9 CELEBRACIÓNS E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Durante este curso participouse en tódalas actividades extraescolares que se fixeron conxuntamente como así consta na Memoria de Actividades Extraescolares.


A parte delas fixéronse outras actividades complementarias como son

FESTA DO MAGOSTO:

SAMAIN:Exposición de cabazas.

FESTIVAL DO NADAL:

ENTROIDO: “ SEMANA LOUCA”



SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

As actividades conxuntas co resto do cole van explicadas na memoria de normalización lingüística e na de biblioteca, dependendo do departamento dende o que foron organizadas

A maior parte destas actividades resultaron moi agradables e enriquecedoras para os nenos/as. Esperamos, dun modo ou outro, darlle continuidade no próximo curso.

8.1.10 MEMORIA DO PLAN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA EDUCACIÓN INFANTIL

No presente curso escolar incorporáronse o noso ciclo de educación infantil 16 nenos e nenas.

12 nenos/as fixérono para cursar 4º de Educación Infantil.


3 para cursar 6º de educación infantil.

Con respecto os 12 nenos/as que se incorporaban a **4º de Educación Infantil** o período de adaptación consistiu no establecemento das seguintes medidas:

REUNIÓN INICIAL

No mes de xuño cada familia foi informada telefónicamente sobre o funcionamento do centro, e do ciclo de infantil, e resolvéronselle persoalmente as dúbidas que cada familia tiña.

Informóuselle que día comenzaban as clases e que tendo en conta a *ORDE de 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 en los centros*

docentes sostidos con fondos públicos en la Comunidad Autónoma de Galicia (Dita orden marca o período de adaptación para os nenos/as que se incorporan ó ciclo de Educación Infantil), as familias poderían acollerse ou  establecimiento dun período de adaptación e a entrada gradual dos seus fillos/as, ou xa a entrada a tempo completo. No caso de acollerse o período de adaptación, este período sería dende o 8 de setembro ata o 16 de setembro.

REUNIÓN CA TITORA

Nos primeiros días da setembro a titora mantivo unha reunión coas familias onde concretou con cada familia o período de adaptación de cada neno/a. Aclarar e informar sobre o funcionamento da Educación Infantil e da aula máis concretamente.


ENTREVISTA PERSOAL DA TITORA COAS FAMILIAS

Envióuselle a cada familia a entrevista persoal En estas entrevistas comentamos o cuestionario individual que traían cuberto e aclaramos dúbidas persoais.

INCORPORACIÓN DOS NENOS E NENAS DURANTE OS 10 PRIMEIROS DÍAS LECTIVOS.

9 nenos/as entraron a xornada completa, soamente se acolleron ó período de adaptación 3 nenos/as que non asistirán antes a escola infantil de 0 a 3 anos.

Aclarar e informar sobre o funcionamento da Educación Infantil e da aula máis concretamente.



8.1.11 REFLEXIÓN, VALORACIÓN E PROPOSTA DE MELLORA


Como valoración do curso, agradecer sobre todo as familias a súa colaboración e axuda nas experiencias vividas neste curso.

A nivel de etapa, dicir que a coordinación foi moi boa e eso fixo que as actividades que se fixeron en común resultaran gratificantes e interesantes tanto para o profesorado como para o alumnado.

En canto as propostas de mellora penso que tendo en conta a metodoloxía de traballo e o número de alumnado sería conveniente ter unha hora diaria de apoio na aula, tamén creo que é moi necesario un mestre de PT e de AL.

Con respecto as zonas de Recreo que no centro temos para os grupo de nenos e nenas de infantil sería necesario solicitar o concello a mellora destes espazos:

- No patio exterior para esta etapa de Infantil(pavimentar o chan con materias adecuados a estas idades e poñer cuberta, un pouco máis grande que a que temos actualmente, para os días de sol.
- Delimitar a zona do areeiro e protexela para que os animais non podan acceder a este espacio.
- No patio interior(o que no cole coñecemos como gomera) : convertelo nun espazo de usos múltiples onde o grupo poda traballar actividades conxuntas.(por ej. As paredes que son de ladrillo pintalas de un cor claro para ganar luminosidade).



8.2 MEMORIA DE 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

8.2.1 COMPOÑENTES:

8.2.1 COMPOÑENTES:

1. Titora: María Espasandín Martínez
2. Mestre de Relixión: Amador Ares
3. Mestra de lingua estranxeira -inglés: María Pérez Álvarez.
4. Mestra de Música: Pilar García Mosteiro
5. Mestre de Educación física: Sara Rielo Quintela
6. Mestra de AL : Montserrat Méndez Pérez
7. Mestra de PT: María Blanco Rodríguez
8. Orientadora: Iria Alberich Quintas

8.2.2. AGRUPAMENTO E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

No 1º curso de educación primaria estiveron escolarizados desde setembro 8 alumnos en total (5 nenas e 3 nenos).

Promoción. Tendo en conta que, coa lexislación vixente, a promoción nos cursos impares é

obligatoria, todos os nenos e nenas deste curso promocionan.

Dous dos oito alumnos tiveron apoio das mestras de AL, PT e da orientadora durante todo o ano da seguinte maneira: 2 horas por semana AL (traballo fóra da aula ordinaria), 3 horas por semana PT (traballo fóra da aula ordinaria) e 1 hora por semana orientadora (traballo dentro da aula ordinaria).

Previsión de apoios cara o curso que vén.

Dos dous nenos que estaban recibindo apoio de PT fóra da aula, un pode deixar dito apoio; en colaboración con orientación, acordouse que o mellor era manter o apoio, mais só dentro da aula.

No tocante ao apoio da mestra de AL ambos alumnos deben seguir recibindo dito apoio que, normalmente, deberá levarse a cabo fóra da aula polas características dos alumnos e da dificultade a traballar. Non obstante, priorizarase a inclusión dos nenos no seu grupo-clase.

8.2.3. CALENDARIO DAS REUNIÓNIS REALIZADAS E TEMAS TRATADOS.

.As reunións do equipo docente tiveron lugar os luns de cada mes no horario de 16:00 a 17:00 horas. Os principais temas abordados nelas foron os seguintes:

Elaboración da programación de Curso.

Concreción dos apoios a realizar no 1º Curso.

Organización da participación do curso nas actividades complementarias e extraescolares que se relatan no apartado correspondente.


Organización das distintas celebracións e conmemoracións.

Organización das saídas e excursións anuais.

Programación de actividades a levar a cabo ao longo do curso 2022-2023.

Deseño de actividades que impliquen a participación dos pais/nais.

Colaboración e implicación nas actividades biblioteca.



Valoración e seguimento do alumnado, e decisión e posta en marcha de medidas para solucionar problemas de aprendizaxe do mesmo.

Coordinación co equipo de orientación, co cal mantívose unha estreita relación para valorar a mellor solución aos problemas detectados e traballar todos seguindo unha mesma liña de traballo, especialmente co alumnado que recibe apoio.

Avaliación da aprendizaxe do alumnado e promoción do mesmo.

Concreción das necesidades cara o curso que vén.

Valoración do traballado e observacións cara ao curso que vén, sobretodo na distribución horaria cos nen@s que precisan apoio.


Realización desta memoria.

8.2.4 ALUMNADO E DIVERSIDADE

Remítese ao punto correspondente das memorias de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Pero destacar que os apoios recibidos polos nenos foron axeitados en canto ao horario e disposición do profesorado, os nen@s aproveitáronos de distintas maneiras segundo o seu ritmo de aprendizaxe.

Neste curso 2 alumnos recibiron apoio específico por parte da mestra de AL e PT e, na súa meirande parte, os apoios leváronse a cabo fóra da aula. Ademais, tamén recibiron apoio da orientadora, sempre dentro da aula ordinaria.

Un dos nenos presentaba dificultades na escrita e na comprensión lectora especialmente, sen conclusións de afectación cognitiva, feito que se explica no seu informe psicopedagóxico. A outra nena presenta dificultades na escrita, na comunicación e na comprensión lectora, dificultades na adquisición do aprendizaxe matemático e na atención

sostida, así como na memoria de traballo. Todos estes aspectos foron traballados polas mestras de apoio en estreita colaboración coa titora e coa orientadora quen, como xa vimos, valorou de cerca as dificultades traballando  eles dentro da aula ordinaria unha ou dúas horas por semana.

Do mesmo xeito, a orientadora examinou e valorou as dificultades que presentaban estes alumnos así como a súa evolución e progreso, facendo regularmente as probas que se consideraron oportunas dependendo da necesidade e casuística de cada un.

Para o curso 2023-24 recoméndase seguir cos apoios dentro e fóra da aula ordinaria, valorando cal é a mellor opción atendendo ás actividades que se van realizar na aula e priorizando sempre a inclusión destes co seu grupo-clase.

É conveniente seguir traballando sobre todo cos alumnos que presentan maiores dificultades na mesma liña deste ano, xa que foi resolutive e con resultados bastante positivos. Traballáronse con metodoloxías activas, tales como aprendizaxe cooperativo, regulamento das emocións, traballo por proxectos relacionados coa súa realidade e intereses e facer traballo sobre todo manipulativo.

8.2.5. VALORACIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS

Os resultados da maior parte do alumnado foron moi satisfactorios. Obsérvase a melloría e progresión esperada ao comezo do curso. Na aula existe diversidade en cuanto a ritmo e nivel de aprendizaxe, polo que considero fundamental os reforzos das mestras de apoio.

Cómpre salientar neste apartado tamén que a comunicación coas familias foi un recurso moi importante, especialmente para os alumnos que presentaban maiores dificultades, reuníndonos con elas varias veces por trimestre para traballar de maneira conxunta familia-escola e derivar aos especialistas necesarios (no caso dunha das alumnas foron logopedia e saúde mental para obter un diagnóstico e poder traballar con ela de maneira máis

especializada no centro, e solicitouse tamén o apoio do Equipo de Orientación Específico de cara ao curso que vén).

Agás esta nena, todo o alumnado superou todas as materias. No caso da alumna con maiores dificultades, suspendeu dúas sinaturas, ao non acadar os mínimos esixibles nestas materias instrumentais. Isto non significa que no resto das materias non presente dificultades, senón que, conxuntamente familia, orientadora e titora valoramos como mellor opción que o resto das materias foran aprobadas, tendo en conta a evolución da nena ao longo do curso e o esforzo e traballo que para ela implicou.

8.2.6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS REALIZADAS.

Ao longo deste curso participouse en todas as actividades complementarias e extraescolares que se fixeron conxuntamente como así consta na Memoria de Actividades Extraescolares e na de Biblioteca escolar.

As actividades que se levaron a cabo neste ano foron:

(En calquera caso remítese ao punto correspondente de actividades extraescolares desta memoria e de Biblioteca onde están as actividades alí detalladas)

Traballo sobre a reciclaxe e o medio ambiente. Durante todo o curso concienciouse a alumnado da importancia da reciclaxe, a reutilización e redución de residuos. Ademais participouse en obradoiros sobre este tema, talleres con Sogama e manualidades feitas con materiais reciclados en colaboración con Instituto.

Traballo- proxecto de investigación sobre a auga.

Participación durante todo o ano na Radio Pingueira coas emisións referidas aos contidos e actividades traballadas na aula.

Outras das actividades levadas a cabo foron as seguintes:

DÍA DAS BIBLIOTECAS. Os nen@s tiveron unha xornada de lecturas compartidas co alumnado do instituto, ademais da elaboración dun relato cos protagonistas da nosa biblioteca.



Celebración do SAMAÍN. Fixéronse actividades na aula e participaron nun xogo de gamificación que se organizou dende a Biblioteca escolar.

FESTA DO MAGOSTO: Do mesmo xeito que no Samaín, fixéronse actividades na aula e celebramos este día con todo o alumnado e profesorado do centro no patio do colexio. Ademais realizamos unha andaina pola nosa contorna.

DÍA DOS DEREITOS DO NENO E DA NON VIOLENCIA DE XÉNERO. Investigamos sobre a importancia da igualdade de xénero no mundo.

FESTIVAL DE NADAL: Participaron no concurso de Nadal da biblioteca, sobre a temática do proxecto, postais de Nadal. Ademais cantaron no festival xunto co alumnado de segundo de primaria unha panxoliña.


DÍA DA PAZ: Investigamos sobre a paz mundial e recitaron unha poesía de Gloria Fuertes sobre a paz e a non violencia.

ENTROIDO: Realizouse un desfile polos circundantes do colexio, actividades a nivel de ciclo, cada un tiña un disface personalizado, no caso de primeiro foron de superheroes da reciclaxe, a semana louca e, rematouse co recitado das coplas e da queima do lardeiro no patio do Colexio.

DÍA DA MULLER TRABALLADORA. Investigamos e vimos vídeos sobre como cambiou o rol da muller na sociedade, coñecemos vocabulario específico deste campo e fixeron un mural xunto co resto do alumnado do colexio escribindo nas pólas dunha árbore mensaxes positivos sobre as mulleres.

DÍA do PAI: Os nen@s elaboraron un agasallo para os seus pais que consistía nun álbum con debuxos e frases sobre a súa relación co pai, ademais dunha flor con papiroflexia.

DÍA DA ÁRBORE E DA AUGA QUE XUNTO CO DÍA DO MEDIO AMBIENTE tivemos unha charla cun profesional do coidado dos bosques, posteriormente plantamos árbores no patio do centro.



DÍA da NAI: a actividade prevista foi a elaboración dun estoxo na aula de polos creativos, co material que alí se atopa.

DÍA DO LIBRO. A actividade foi prevista para todo o centro na contorna de Trives, consistía nunha especie de xincana e xogo de adiviñas sobre contos tradicionais facendo parada nos lugares máis emblemáticos do pobo.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS E MOSTRA DE POESÍA E TEATRO. Aprendemos o himno galego, o recitaron e o cantaron no patio do colexio, acompañados de gaitas e pandeiretas dun grupo local. A nivel de ciclo, ademais coñecemos o motivo deste día, o autor homenaxeado neste ano e fixemos actividades dinámicas a este respecto na aula.

EXCURSIÓNS: Ademais das saídas pola contorna (andainas, xincanas...), foron a Ourense a ver unha obra de teatro, nesta viaxe ademais acudimos á biblioteca máis achegada ao auditorio para facer alí actividades co persoal da biblioteca.

Festival FIN DE CURSO Cada aula fixo unha representación elixida libremente, no noso caso fixemos a obra de teatro do Ratiño presumido e, xunto cos compañeiros de segundo, fixemos tamén un baile.

Durante todo o curso levamos a cabo actividades como : hora de lectura, e lectura de libros en galego e castelán, actividades na biblioteca, representacións e dramatizacións, colaboracións con outros cursos como lecturas compartidas. Aprendemos a Colaborar no mantemento da biblioteca e das nosas aulas, reciclamos todas as semanas.

8.2.7 .- PLURILINGÜISMO NA AULA

Os nenos tiveron ao longo do curso actividades relacionadas coa lingua inglesa, así fixeron dramatizacións e cancións, poesías en inglés, en Arts and Krafts coa mestra de plurilingüismo.




8.2. 8. - O TRATAMENTO DAS DISTINTAS ÁREAS

Nas áreas de linguas traballamos tanto a expresión oral como a escrita, a través de relatos de experiencia , contacontos, elaboración de contos sinxelos ou verbalización dos mesmos ou experiencias propias , ditados, resumes, redaccións, descrições , memorizacións de poemas e recitado, lectura de libros de xeito colectivo ou lectura individual respectando os tempos destinados para elo, a utilización do ordenador e a internet para buscar información, recalcando a importancia das dúas linguas nas que se poden expresar por vivir onde viven, ensinándolles así mesmo a utilizar o diálogo para resolver as situacións problemáticas que lles foron xurdindo de xeito normal pola convivencia dentro dun grupo. Neste grupo atopei dende o principio de curso un rexeitamento a falar en galego, que intentei traballar dende o primeiro día, deben seguir traballando neste aspecto, pois aínda estamos en proceso de conseguir comunicarnos por igual nas dúas linguas.

Na área de matemáticas traballamos o cálculo oral e escrito todos os días, así como o razoamento e resolución de situación problemáticas intentando achegalos á vida cotiá o máis posible. O progreso do alumnado foi axeitado na maioría dos casos. Intentei achegar o material manipulativo aos nen@s en todo momento para facerlles participes da súa aprendizaxe, cada un na medida das súas posibilidades, foi quen de continuar con bo ritmo na súa aprendizaxe e conseguir os criterios de avaliación establecidos. Tratei de potenciar os contidos novos co apoio audiovisual e con xogos manipulativos ou outros referidos tamén as linguas, como recitado de trabalinguas, dar unhas palabras e formar frases cun número determinado, continuar unha historia, memory, ...etc

Nas área de ciencias sociais e ciencias naturais, utilizamos as súas propias vivencias e experiencias para irnos achegando ao coñecemento real do que se nos formulaba unhas veces nos seus libros e noutros casos xurdía sen formulalo. O feito de vivir nunha zona

rural facilita en moitos casos dito acceso e a proximidade a moitos contextos nos que é moito máis fácil observar e experimentar. O coñecemento do noso planeta e o planisferio fixémoslo a través dunha  proxecto chamado “O noso mundo” no que nos convertíamos en astronautas que ían visitando diferentes lugares para coñecer o que neles acontecía (a sabana, os polos, os desertos...), involucráronse moito con este proxecto e foi realmente motivante para eles.

Dende a reflexión, a manipulación e a experiencia intentei que descubriaran e aprenderán por sí mesmos, facéndolles partícipes da súa aprendizaxe, interiorizando e consolidando as técnicas de estudo, fomentando o traballo en equipo, a colaboración e autonomía na aprendizaxe .

Os canles de comunicación foron moi fluídos na miña titoría, asumindo pola miña parte a organización unidireccional e sendo eu o eixe vertebrador deste xeito de aprendizaxe.

8.2.9 .- PROPOSTAS DE MELLORA

Tendo en conta as características deste grupo, pode facerse un repaso xeral ao comezo de curso que vén para saber en que nivel se atopa cada un; ademais así poderán valorarse mellor a pertinencia das medidas ordinarias e extraordinarias que se levan a cabo; desta maneira tamén afianzarán contidos todos os alumnos, especialmente os que teñen unha necesidade específica de apoio educativo.

No que se refire a convivencia do grupo clase , resaltar que é un grupo moi colaborador e participativo en todas as actividades que foron xurdindo. É un grupo moi traballado no que a emocións se refire, grazas ao traballo colaborativo orientadora e titora. De cara o curso que vén, convén seguir traballando sobre este aspecto e comprender e respectar as diferenzas do resto dos compañeiros.

Convén seguir traballando as actividades que favorezan a comprensión e velocidade lectora e o razoamento lóxico, xa dende actividades na aula, na biblioteca do centro ou do centro en xeral, son actividades ás que, por outro lado, estiveron moi receptivos e motivados durante este ano.

Seguir utilizando o diálogo para a resolución de conflitos e desenvolvemento da expresión oral e o razoamento matemático.

Non esquecer atopar un xusto equilibrio entre o traballo individual e o traballo en equipo, axudándolles a entender a importancia da pertenza a un grupo e a súa relación co resto, e desenvolver un espírito crítico, emprendedor, colaborador e empático co resto dos compañeiros.

Seguir contando cos apoios referidos con anterioridade é unha prioridade para dar a xusta atención a diversidade na aula, xunto coa estreita colaboración coas familias e co resto do profesorado.

8.3. MEMORIA 2º CURSO DE PRIMARIA

8.3.1 .- EQUIPO DOCENTE QUE IMPARTIU NESTE CURSO .

Titora : M^a José Rioz González

Mestra de lingua estranxeira-Inglés: María Pérez Álvarez.

Mestra Arts and Krafts: Pilar García Mosteiro

Mestra de E.F. : Sara Rielo Quintela


Mestre de Relixión: Amador Ares Ares

Mestra de AL. : Monserrat Méndez Pérez

Mestra de PT: María Blanco Rodríguez

Orientadora : Iria Alberich Quintas

Auxiliar de conversa: Alizza Winneg



8.3.2 .- AGRUPACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Neste curso 2022/23, a aula de 2º estivo formada por 11 alumnos e alumnas, deles 4 nenas e 7 nenos. Un dos nenos é ucraíno, e está con nós dende mediados do curso pasado .


Todos eles promocionan ao curso seguinte coas seguintes particularidades.

Tres nenas estiveron recibindo apoio fora e dentro da aula por parte da orientadora do centro e da mestra de AL e de PT. Asemade contamos coa presenza do apoio da mestra de Arts and Kraft que ao contar con dispoñibilidade horaria , puido apoiar na aula nas materias de linguas para facilitar o traballo de desenvolvemento do neno ucraíno.

Todo elo facilitou o traballo de posta a punto para resolver carencias ou dificultades non consolidadas no curso de primeiro.

➤ Previsión de apoios cara o curso que vén:

Dadas as diferentes velocidades no grupo, convén continuar co apoio e reforzo iniciado xa no primeiro ciclo. Todo o grupo proporciona ao curso seguinte sendo necesario continuar con apoio dentro ou fora da aula no vindeiro curso para axudar aos nen@s acadar un mellor progreso.



8.3.3.- REUNIÓN DOS MESTRES QUE IMPARTEN DOCENCIA NESTE GRUPO.

As reunións tiveron lugar regularmente e no calendario previsto.

Nestas reunións debatéronse e concretáronse decisións relativas á programación do curso, á relación de actividades programadas, á organización de tempos e espazos, á distribución de apoios, e á realización das tarefas necesarias para o bo funcionamento do curso: novas tecnoloxías, robótica, radio, fomento da lectura e comprensión lectora na biblioteca, un espazo de lecer e de aprendizaxe e todos os proxectos iniciados neste curso e nos que nos implicamos. Asemade tívose en conta a posta en común de reflexións sobre a marcha do alumnado de xeito individual e como grupo, facendo fincapé no alumnado de reforzo. Tamén a través do blogue de aula , establecéronse canles de comunicación e información dos mestres cara ás familias [.https://megarroxa.blogspot.com/](https://megarroxa.blogspot.com/)

Planificáronse actividades nas que se puido contar coa colaboración das familias. O horario de titorías cos pais e nais foi os luns de 17h a 18h, flexibilizando este horario en función da dispoñibilidade das mesmas e dotándoas da importancia que teñen ás mesmas.

Para rematar fíxose unha reflexión dos aspectos mellorables e unha autocrítica das actividades de cara a unha mellora de todos os aspectos que inciden no proceso de ensino aprendizaxe.

8.3.4 .-ALUMNADO E DIVERSIDADE.

A mestra orientadora do centro e as mestras especialistas de AL , PT xunto coas mestras que forman parte do equipo docente, e a valoración da titora, concretan de xeito específico

os resultados acadados co alumnado co que se traballou dentro deste grupo, e salientan a evolución positiva e a coordinación no seguimento dos mesmos contribuíndo tamén á fluidez nas relación coas familias para a súa colaboración na aprendizaxe dos seus fillos e fillas das cales salientar traballaron en prol dos bos resultados e sempre en consonancia coa titora.


8.3.5 .- VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES DOS ALUMNOS.

Os resultados da maior parte do alumnado foron satisfactorios.

O total dos alumnos e alumnas aprobaron todas as sinaturas. En xeral é un grupo traballador con moitas gañas por aprender. Hai un grupo de 4 nenos e nenas cos que hai que estar un pouquiño máis atentos e cunha aprendizaxe máis individualizada, e cos apoios contemplados no curso , pero nada que non lles impida continuar cun ritmo axeitado.. Por outro lado é necesario precisar que a evolución do neno ucraíno foi constante pero limitada pola ausencia do pequeno cara ao final do curso debido a problemas familiares perfectamente comprensibles, pero constatar que o interese e disposición da familia foi sempre axeitado en todo momento, loitando conxuntamente coa escola por unha adaptación e mellor aproveitamento da súa escolaridade que non foi doada .

Os nenos e nenas estiveron seguindo o Blog de Megarroxa e combinando o traballo de aula cunha maior autonomía para facer algunha actividade no blog cada certo tempo, todo o traballado foise subindo tamén na aula virtual de segundo e no Blog, como unha aproximación ao traballo dixital.

8.3.6. .- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS REALIZADAS DURANTE O CURSO.



Ao longo deste curso participouse en tódalas actividades extraescolares que se fixeron conxuntamente como así consta na Memoria de Actividades extra -escolares e na de biblioteca escolar.

Este ano iniciamos , no colexio, co proxecto das” O xornal o Fiscaíño, o xornal dos nosos meniños e meniñas, novas de acá e de acolá”, no que participamos aportando actividades que facíamos na aula, , polo que todas as actividades complementarias levadas a cabo estiveron en estreita relación co proxecto e están explicitadas na memoria de biblioteca.

A parte delas fixéronse outras actividades complementarias como son: Entrevistas con Pepe Carreiro, actividades de reciclaxe, obradoiros científicos , obradoiros de igualdade , teatro, cociña ou emocións. Traballos nos proxectos sobre a reciclaxe e o medio ambiente (plan proxecta) , edu- saúde (contratos programa) formaron parte tamén da organización trimestral .

(En calquera caso remítese ao punto correspondente de actividades extra escolares desta memoria e de biblioteca onde traballaron nas actividades alí detalladas).).

Traballo- proxecto de investigación sobre a auga , PLANETA TRIVES, a partir da aula de polos creativos , en colaboración coa ANPA . Dende todo o centro traballouse coa temática dos auga en todas as actividades programadas, no caso do segundo curso centrámonos no ciclo da auga e na lectura do libro “Gota de agua”.

Outras das actividades levadas a cabo foron as seguintes, todas están recollidas no Blog de aula, o Blog de Megarroxa <https://megarroxa.blogspot.com/>

No apartado celebracións foron recolléndose todas as actividades referidas a estas datas que sempre traballamos, ditas actividades aparecen recollidas no blog da biblioteca de

Tololeo, onde aparecen agrupadas por celebracións e proxectos.
<http://tololeotrives.blogspot.com/>



En todas estas actividades primouse a interacción de todos e todas, a súa participación, a súa comprensividade e o reparto equitativo e atendendo ás diferencias de todo o alumnado, algo que se traballou dende o primeiro momento logrando un clima axeitado na aula. O fomento da lectura, da expresión oral e escrita, de igualdade e respecto, de aprender a aprender xogando dun xeito vivencial, foron o fío condutor nas actividades desenvolvidas. En todas as actividades prestouse especial atención á comprensividade e participación de todos e en especial do neno ucraíno.

Algunhas das actividades levadas a cabo ...

Durante o primeiro trimestre ... O día das bibliotecas. os nenos e as nenas tiveron unha xornada compartida de lecturas no exterior co IES e concello, e visitaron virtualmente bibliotecas do mundo, a celebración do Samaín. participación nos xogos dende biblioteca e na lectura de relatos curtos de medo. Festa do magosto: coa saída ao exterior e xogos coa recuperación de costumes do noso. Ou o día dos dereitos do neno e da non violencia de xénero.. A celebración da semana da ciencia onde participaron nos obradoiros organizados. O día dos dereitos da infancia nos que se fai unha posta en valor da igualdade, mais se cabe, pois é algo que traballamos durante todo o curso. E finalizamos coa elaboración da nosa participación no festival de fin de curso cun mestura de panxoliñas do primeiro ciclo.

No segundo trimestre... O día da Paz, coñecendo o porque desta celebración e facendo fincapé na temática pola situación actual, .O día de Rosalía e da lingua materna,co recitado de poemas da autora. O Entroido: a temática foi dirixida ao proxecto de reciclaxe que na aula levamos traballando dende o primeiro curso e vestímonos de súper heroes, o día da muller traballadora, coa investigación de mulleres deportistas. Celebracións de emocións, cos días da nai, pai, familia e amizade e co obradoiros creados a tal efecto. O día do libro cunha recuperación de contos tradicionais e creación de historias propias. A semana da poesía e do teatro con representacións e recitado de poemas tanto en castelán como en galego.

E xa no terceiro trimestre co día das letras galegas, durante este curso tratei de fomentar o uso da lingua galega que tanto está a custar nas ultimas xeracións, e ao final do mesmo constatee unha evolución máis que positiva para a este uso . A semana da prensa na escola, o día do medio ambiente, xornadas de educación viaria ou entrevistas con autores de libros que lemos na aula, así como xogos de orientación e cooperativos , todo iso nun ambiente lúdico e motivador. Para finalizar co festival e a súa participación na creación e ambientación dunha obra de teatro e a recepción do su premio á mellor sección do xornal traballada por eles.

En xeral, Participamos na emisión de radio Pingueira, nas lecturas compartidas con nenos e nenas de educación infantil, fixemos conta contos, e obradoiros científicos, de cociña, dos sentidos e das emocións . Concretamos a nosa sección do xornal cada mes e acadamos o premio ao mellor sección internacional centrada por suposto no noso alumno ucraíno. mantivemos unha relación por carta cun colexio de Vigo, os nenos e nenas participaron dun xeito entusiasta na redacción das súas cartas.

8.3.7.- O TRATAMENTO DAS DISTINTAS ÁREAS .

Na áreas de ciencias sociais e ciencias naturais utilizamos as súas propias vivencias e experiencias para irnos achegando ao coñecemento real do que se nos presentaba apoiando no blogue de aula co material audiovisual , complementando cos obradoiros ou saídas ao exterior. O feito de vivir nunha zona rural facilita en moitos casos o acceso e á moitos contextos nos que é moito máis fácil observar e experimentar. Dende a reflexión e a manipulación e a experiencia intentamos que descubriaran e aprenderan por si mesmo , facéndolles partícipes da súa aprendizaxe.

Nas áreas de linguas traballamos tanto a expresión oral como a escrita, a través de relatos de experiencia, contacontos, elaboración de contos sinxelos ou verbalización dos mesmos ou experiencias propias, ditados, resumos sinxelos , descrições, recitados, e memorización de poemas . Lectura de libros colectivos en galego e castelán, utilización de recursos multimedia, ordenador, pantalla dixital e outros como xogos interactivos no blog de aula,

así mesmo promovín a utilización do diálogo para resolver situacións problemáticas que foron xurdindo de xeito normal pola convivencia dentro dun grupo.



Na área de matemáticas traballamos o cálculo mental e escrito todos os días, así como orzamento e resolución de situación problemáticas intentando achegalos á vida cotiá o máis posible.

8.3.8 .- PROPOSTAS DE MELLORA

Para seguir reforzando e mellorando a nosa calidade educativa, propoñemos:

- Fomentar o desenvolvemento do razoamento lóxico fronte á resolución mecánica., dotando de estratexias autónomas de aprendizaxe ao alumnado.
- Reflexionar sobre a organización dos contidos cun enfoque globalizado para adecualos aos ritmos evolutivos e características persoais do alumnado.
- Favorecer o traballo cooperativo na aula, como motor da aprendizaxe, axudándoos a entender e empatizar coas diferenzas.
- Fomentar a autonomía nas aprendizaxes e a creatividade no alumnado.
- Potenciar o uso da Biblioteca do Centro como centro de recursos da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida do Centro.
- Intercambiar información entre as diferentes titorías sobre os contidos que se están a traballar para facilitar, potenciar e mellorar o traballo, relación e a comunicación entre as mesmas. Establecer apoios e un seguimento estreito ao alumnado que o precise sempre que o precise.

8.4. MEMORIA DO TERCEIRO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

8.4.1.- **COMPOÑENTES**



Titor: José Antonio Fontao bande

- Mestre de Relixión : Amador Ares Ares
- Mestra de lingua estranxeira -inglés; María Pérez Álvarez
- Mestra de Música : Pilar García Mosteiro
- Mestra de P.T.. María Blanco Rodríguez
- Mestra de AL: Montserrat Méndez Pérez
- Mestre de E. Física: Sara Rielo Quintela
- Mestra de Plástica: Pilar García Mosteiro

8.4.2 Alumnado e diversidade:

Na aula de 3º neste curso estiveron escolarizados sete nenos e nenas.

A valoración global do curso é bastante boa, predomina un alumnado con boa predisposición ó proceso de aprendizaxe. Os alumnos promocionaron todos de curso.


O alumnado de terceiro é un alumnado heteroxéneo, aínda que unha parte do alumnado ten un nivel moi bo, hai un grupo con dificultades de cálculo e resolución de problemas e outro con dificultades ortográficas.

En xeral, é un grupo unido, un alumnado cunha motivación por aprender e unha boa disposición para o traballo, participativos e agradecidos.

8.4.3 Actividades desenvolvidas

.De maneira conxunta, xunto ao resto do alumnado do centro, celebrouse de forma presencial:

- Magosto: asado de castañas no patio do centro e distintos talleres.

- Samaín.
 - Elaboración de debuxos.
 - Concursos
 - Festival de Nadal.
 - Día do neno
 - Día da muller traballadora.
 - Día da Paz.
 - Entroido
 - O día do libro, cunha andaina e diferentes xogos.
 - Día do medio ambiente.
 - O día das letras galegas.
 - Festival de fin de curso.
- 

Levóronse a cabo actividades na biblioteca escolar e adicamos todos os días un cuarto de hora para a lectura, ademais dun día completo na biblioteca cada 15 días.

8.4.4 Seguimento da programación e propostas de mellora.

Neste curso, cumprimos co previsto na programación na primeira, segunda e terceira avaliación. Os mestres que impartimos clase no curso reunímonos segundo o calendario establecido.

Levóronse a cabo varias actividades na biblioteca e, concretamente, na radio, dada a motivación que iso supón para o alumnado.

Participamos no xornal escolar FISCAÍÑO


Empregáronse con frecuencia os recursos tecnolóxicos da aula, polo gran interese que xeran no alumnado.

O alumnado deste curso ten unha gran disposición á lectura. Os libros proporcionados pola biblioteca do centro tiveron gran aceptación na clase.

Consideramos que é imprescindible unha boa coordinación entre o profesorado e o traballo en equipo.

Por outra parte dada a repercusión que ten en tódalas áreas do currículo, é moi necesario adicar un tempo a actividades de lectura comprensiva e elaboración de distintos tipos de

textos con tódolos/as nenos/as do curso. Ademais, é importante dedicar tamén tempo para o cálculo e a resolución de problemas.



8.5 MEMORIA CUARTO CURSO DE PRIMARIA


8.5.1 COMPOÑENTES

1. Titor: M^a Dolores Méndez Rodríguez.
2. Mestre de Relixión : Amador Ares Ares
3. Mestra de Lingua Estranxeira -inglés; María Pérez Álvarez.
4. Mestra de Música e Plástica: M^a del Pilar García Mosteiro.
5. Mestra de E. Física: Sara Rielo Quintela.
6. Mestra de Lingua: Mariluz González Carballo.
6. Mestra de P.T.: María Blanco Rodríguez.

Na aula de 4^o de E. Primaria houbo un total de 22 alumnos, un deles repetidor, e promocionan todos ao curso seguinte. Neste grupo están dúas nenas procedentes de Ucraia, que así mesmo recibiron reforzo nas linguas. Coa mestra de P.T. saíron tres nenos (a dous deles deberáselle manter este reforzo), a un deles retiróuselle o apoio a metade de curso ao considerar que xa non era preciso.

Aínda que o grupo -clase é moi numeroso, salientar que é traballador e participativo en todas as tarefas e actividades que se lle formularon ao longo do curso: xornal escolar, biblioteca, olimpíadas matemáticas, concursos (de feito unha alumna de 4^o gañou un concurso organizado polo Sergas), lecturas colectivas..

O noso centro foi seleccionado este curso para realizar as probas TIMSS, e en concreto a este grupo. Ditas probas leváronse a cabo o día oito de maio. Fixéronas todos os nenos agás un deles que non asistiu ese día ao centro, e as dúas alumnas ucraínas que estaban exentas de realizalas polo idioma.



8.5.2 Actividades desenvolvidas

Ao longo deste curso que remata leváronse a cabo distintas actividades, tanto en horario lectivo coma fóra del.

- Magosto
- Samaín
- Día da Constitución
- Día da infancia
- Nadal
- Festival de nadal
- Día da Paz
- Día do pai
- Día da nai
- Día de Rosalía
- Entroido
- Día do Libro
- Letras Galegas

_Saídas pola vila, unha delas para explicarlles a diferenza entre o Trives de antes e o de agora, a feira..


-Actuación de Fin de Curso

_Excursión de fin de curso.

8.5.3Seguimento da programación e propostas de mellora.

Neste curso cumprimos os obxectivos previstos.

A colaboración dos membros do ciclo transcorreu con normalidade chegando a acordos para tentar desenvolver tarefas cada un na súa aula.

Globalmente, todo o Equipo Docente, coincidimos en sinalar que os alumnos/as que presentan maiores dificultades para acadar os obxectivos previstos amosan unhas características moi variadas que podemos  unhas aos seguintes factores:

- Dificultades na adquisición das aprendizaxes das nocións básicas.
- Escasa autonomía para organizar e interiorizar a información.
- Problemas de déficits na atención.

En base ao anteriormente exposto cómpre ter en conta para anos vindeiros:


- Fomentar o desenvolvemento do razoamento lóxico fronte á resolución mecánica.
- Reflexionar sobre a organización dos contidos cun enfoque globalizado para adecualos aos ritmos evolutivos e características persoais do alumnado.
- Favorecer o traballo cooperativo na aula sempre que a situación epidemiolóxica o permita.
- Fomentar a autonomía nas aprendizaxes e a creatividade no alumnado.
- Potenciar o uso da Biblioteca do Centro como centro de recursos da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do Centro.
- Intercambiar información entre as diferentes titorías sobre os contidos que se están a traballar para facilitar, potenciar e mellorar o traballo, relación e a comunicación entre as mesmas.

8.6 MEMORIA DE 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

8.6.1 COMPOÑENTES:

1. Titora: M^a Asunción Lamelas Fernández
2. Mestre de Relixión: Amador Ares Ares
3. Mestra de lingua estranxeira -inglés; María Pérez Álvarez.
4. Mestra de Música e plástica: Pilar Mosteiro Garcia
5. Mestre de Educación física: Sara Rielo Quintela

6. Mestra de P.T: María Blanco Rodríguez



8.6.2. AGRUPAMENTO E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

No quinto curso de educación primaria estiveron escolarizados [19nen@s](#), sendo unha nena procedente de Ucraína no último trimestre

Promoción . nen@s deste curso alcanzan os obxectivos e contidos propostos en tódalas materias sen problemas. Hai 5 alumnos/as que estivo recibindo apoio e reforzo educativo da mestra de PT durante todo o curso A nena Ucraína tivo o programa de adquisición de linguas, no que respondeu moi ben.

Previsión de apoios cara o curso que vén..

E n principio para o vindeiro curso seguiremos cos apoios dentro e fóra da aula.

8.6.3. CALENDARIO DAS REUNIÓN REALIZADAS E TEMAS TRATADOS.

As reunións do equipo docente tiveron lugar os luns de cada mes no horario de 16:00 a 17:00 horas. Os principais temas abordados nelas foron os seguintes:

Elaboración da programación de Curso.

Concreción dos apoios a realizar no 5º Curso.

Organización da participación do curso nas actividades complementarias

Programación de actividades a levar a cabo ao longo do curso 2022/23

Colaboración e implicación nas actividades de biblioteca.

Valoración e seguimento do alumnado ,e decisión e posta en marcha de medidas para solucionar problemas de aprendizaxe do mesmo.


Coordinación co equipo de orientación en habilidades sociais.

Avaliación da aprendizaxe do alumnado e promoción do mesmo

Concreción das necesidades cara o curso que vén.

Realización desta memoria.

8.6.4 ALUMNADO E DIVERSIDADE

Remítese ao punto correspondente das  orias de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Pero destacar que os apoios recibidos polos nenos foron axeitados en canto ao horario e disposición do profesorado.

8.6.5. VALORACIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS

Os resultados da maior parte do alumnado foron satisfactorios.
Todos acadaron avaliación positiva

8.6.6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS REALIZADAS.

Ao longo deste curso participouse en tódalas actividades a través da Biblioteca do Centro.
Este ano estivemos inmersos no proxecto " Polos creativos: con Digicraft, Robótica, Impresora 3d, Plotter,máquina de chapas, croma,
A parte delas fixéronse outras actividades complementarias como son:

FESTA DO MAGOSTO: Andaina do Magosto co recitado de diferentes poesías e rimas
Celebración do SAMAÍN. Microrrelatos en lingua galega, decoración de cabazas e presentación a través de fotos . Participación na gamificación dende a biblioteca

DÍA DOS DEREITOS DO NENO E DA NON VIOLENCIA DE XÉNERO. Traballamos sobre os nenos do mundo que non teñen as mesmas oportunidades, lendo testemuñas a partires duns libros ofrecidos pola biblioteca do centro e posterior exposición

FESTIVAL DE NADAL: dramatización dunha obra de teatro

DÍA DA PAZ: Autores premios Nobel da Paz, traballo individual e exposición.

. Actividade conxunta, canción .

ENTROIDO: Coidadores do medio ambiente.

DÍA DA MULLER TRABALLADORA. Investigación sobre mulleres galegas que destacaron no deporte.

DÍA do PAI: Os nen@s elaboraron un agasallo para os seus pais.

DÍA da NAI: Os nen@s elaboraron agasallo a nai

DÍA DO LIBRO.

RADIO ESCOLAR. Participamos en progr^a de radio.

SEMANA DA PRENSA: semana na que traballamos cos xornais, elaboración de noticias locais.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS .Biografía e gravación para a radio Pinguera.

FIN DE CURSO: OBRA DE TEATRO:Mellor a Paz e non a guerra. Canción

COLABORACIÓN coa Biblioteca: contacontos aos pequeniños e lecturas individuais.

Durante todo o curso levamos a cabo actividades como : hora de lectura, e lectura de libros en galego e castelán, actividades na biblioteca, representacións e dramatizacións, colaboracións con outros cursos como lecturas compartidas..., . Colaboramos no mantemento da biblioteca como voluntarios da mesma...,conseguiron o pasaporte solidario homologado pola xunta de Galicia e crearon e deseñaron o seu propio selo de voluntariado e participamos en todas as actividades que se propuxeron á nivel de centro.

8.6.7 .- PLURILINGÜISMO NA AULA

Os nenos de quinto contaron coa área de Plástica en Inglés.

VALORACIÓN DOS RESULTADOS CORRESPONDENTES A AVALIACIÓN GLOBAL:

Neste curso cumprimos os obxectivos previstos na programación de curso.

A colaboración dos membros do ciclo transcorreu con normalidade chegando a acordos para tentar desenvolver tarefas conxuntas cando foi posible.

En canto á valoración dos resultados académicos: concluimos que son satisfactorios na súa maioría.

CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O PRÓXIMO CURSO.

Para seguir reforzando e mellorando a nosa calidade educativa, cremos que é preciso seguir reforzando as habilidades lectoras do alumnado, e pór especial atención na competencia matemática (razoamento lóxico e resolución de problemas).

Tamén e preciso seguir favorecendo o traballo cooperativo na aula, fomentar a autonomía e a creatividade no alumnado.

8.7 MEMORIA DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

8.7.1 COMPOÑENTES:

- Titora: M^a Luz González Carballo
- Mestre de Relixión: Amador Ares Ares
- Mestra de lingua estranxeira -inglés; María Pérez Álvarez.
- Auxiliar de conversa en inglés Aliza Winneg
- Mestra de Música e arts an craf ts: María del Pilar García Mosteiro
- Mestre de Educación física: Sara Rielo Quintela
- Mestra de P.T: María Blanco Rodríguez
- Mestra de francés: Marisol Vasallo Merayo, substituta: María Espasandín Martínez
- Orientadora do Centro. Iria Alberich Quintas

8.7.2. AGRUPAMENTO E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

No sexto curso de Educación Primaria estí  escolarizados 9 nen@s,

Promoción . Todos os nenos e nenas deste curso promocionan con certos matices , deberían repasar no verán .

Previsión de apoios cara o curso que vén..

En principio tres d@s alumn@s precisarán apoio en Secundaria .

8.7.3. CALENDARIO DAS REUNIÓN S REALIZADAS E TEMAS TRATADOS.

As reunión s do equipo docente tiveron lugar os luns de cada mes no horario de 16:00 a 17:00 horas. Os principais temas abordados nelas foron os seguintes:

Elaboración da programación de Curso.

Concreción dos apoios a realizar no 6º Curso.

Organización das distintas celebración s e conmemoración s.

Colaboración e implicación nas actividades de biblioteca.

Valoración e seguimento do alumnado ,e decisión e posta en marcha de medidas para solucionar problemas de aprendizaxe do mesmo.


Coordinación co equipo de orientación.

Avaliación da aprendizaxe do alumnado e promoción do mesmo

Realización desta memoria.

8.7.4 ALUMNADO E DIVERSIDADE

Este curso non tivemos alumnado con dificultades salientables.



8.7.5. VALORACIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS

Os resultados da maior parte do alumnado foron satisfactorios.

	0-4	5-6	7-8	9-10
C Natureza	1	4	3	1
C Sociais		4	3	2
Música			4	5
Plástica			6	3
E Física			5	4
L. Castelá		4	2	3
L Galega		4	5	
Matemáticas		4	2	3
Inglés		3	4	2
Relixión/valores			2	7

8.7.6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS REALIZADAS.



Ao longo deste curso participouse nas actividades que se fixeron conxuntamente como así consta na Memoria de Actividades Extraescolares e na de biblioteca escolar.

A parte delas fixéronse outras actividades complementarias como son:

(En calquera caso remítese ao punto correspondente de actividades extraescolares desta memoria e de biblioteca onde traballaron como voluntariado en múltiples actividades alí detalladas)

FESTA DO MAGOSTO: elaboración de receitas e participación na actividade.

Andaina do Magosto co recitado de diferentes poesías e rimas

SAMAÍN. Microrrelatos en lingua galega, decoración de cabazas e presentación a través de fotos . Participación na gamificación dende a biblioteca

DÍA DOS DEREITOS DO NENO E DA NON VIOLENCIA DE XÉNERO. Traballamos sobre os nenos do mundo que non teñen as mesmas oportunidades, lendo testemuñas e mirando varios vídeos


FESTIVAL DE NADAL: gravación dun vídeo dunha panxoliña. “A árbore de Nadal” preparada por eles e a mestra de música

DÍA INTERNACIONAL DA EDUCACIÓN: lemas polos dereitos de tod@s os nen@s a educación.

DÍA DA PAZ: Autores premios Nobel da Paz, traballo individual e exposición.

. Actividade conxunta, canción .

NA CANDELORIA: refráns .

ENTROIDO: este ano o tema foi “Coida s do Medio Ambiente “

1º as ordes do Meco durante a semana previa.

Elaboración das coplas .

DÍA DA MULLER TRABALLADORA: Investigamos a grandes mulleres do entorno galego.

DÍA DA POESÍA: Exposición na aula de poesías que compuxeron .

SEMANA DA PRENSA: semana na que traballamos cos xornais, elaboración de noticias locais.

LETRAS GALEGAS : Biografía e gravación para a radio Pingueira.

FINAL DE CURSO :gravación dun vídeo como despedida coa adaptación da canción *Mamma Mia*

Durante todo o curso levamos a cabo actividades como : hora de lectura, e lectura de libros en galego e castelán, actividades na biblioteca, representacións e dramatizacións, colaboracións con outros cursos(teatro)... Colaboramos no mantemento da biblioteca como voluntarios da mesma.

8.7.7 .- PLURILINGÜISMO NA AULA

As actividades estiveron relacionadas coa lingua inglesa e coa francesa . Así fixeron dramatizacións, cancións, versións de cancións , poesías

8.7. 8. .- O TRATAMENTO DAS DISTINTAS ÁREAS .

Os nen@s continuaron neste ano co libro dixital E-DIXGAL e hai que constatar que houbo pequenas dificultades no momento de descargar algúns temas e co funcionamento .En xeral engadir que solventando esas pequenas dificultades , resultou positivo .


Nas áreas de linguas traballamos tanto a expresión oral como a escrita, a través de relatos , experiencias , elaboración de contos sinxelos verbalización dos mesmos , debates , ditados, resumos, redaccións, descricións , memorizacións de poemas e recitado, lectura de libros de xeito colectivo , lectura individual respectando os tempos destinados para iso. Utilización do ordenador e a Internet para buscar información. Ademais de ser o libro guía para a súa aprendizaxe , recalcando a importancia das dúas linguas nas que se poden expresar por vivir onde viven, ensinándolles así mesmo a utilizar o diálogo para resolver as situacións problemáticas que lles foron xurdindo de xeito normal pola convivencia dentro dun grupo.

Na área de matemáticas traballamos o cálculo oral e escrito (aplicación do Quinzet) , razoamento e resolución de situación problemáticas intentando achegalos á vida diaria o máis posible.. O progreso do alumnado foi axeitado na maioría dos casos . Tamén foi positivo achegar material manipulativo aos nenos para facerlles participes da súa aprendizaxe, e salvo en casos contados , o resto foi quen de continuar con bo ritmo na súa aprendizaxe e conseguir os mínimos establecidos.

Na área de Ciencias Sociais e da Natureza utilizamos as súas propias vivencias e experiencias para irnos achegando ao coñecemento real do que se nos suxería unhas veces ben nos libros ou ben na vida diaria . A través de diversas andainas fíxose unha pequena inmersión na contorna para traballar certos temas xa que ao vivir nunha zona rural facilita o acceso e a proximidade a moitos contextos nos que é moito máis fácil observar e experimentar. O coñecemento do noso planeta traballámolo co planisferio e o globo terráqueo cos mapas interactivos, coa aplicación de Google mapas para poder situar os diferentes lugares. Fixeron un traballo moi interesante elaborando Lapbooks. Dende a reflexión , a manipulación e a experiencia foron descubrindo e aprendendo por si mesmos , facéndose participes da súa aprendizaxe, interiorizando e consolidando as técnicas de

estudo , fomentando o traballo en equipo e a colaboración e autonomía na aprendizaxe que tan importantes son neste ciclo.

8.7.9 .- PROPOSTAS DE MELLORA



No que se refire a convivencia do grupo clase , resaltar que é un grupo colaborador e participativo nas actividades que foron xurdindo. Dicur é un grupo peculiar en canto as situación individuais de cada un ., pero son capaces de seguir un ritmo de traballo axeitado.

Convén seguir traballando as actividades que favorezan a comprensión lectora e o razoamento lóxico,

Seguir utilizando o diálogo para a resolución de conflitos e desenvolvemento da expresión oral e o razoamento matemático.

Non esquecer atopar un xusto equilibrio entre o traballo individual e o traballo en equipo , axudándolles a entender a importancia dos dous e a súa interrelación, e axudándoos a desenvolver un espírito crítico, emprendedor, colaborador e empático co resto dos compañeir@s.

8.8. MEMORIA DE EDUCACIÓN FÍSICA

8.8. MEMORIA DE EDUCACIÓN FÍSICA

MESTRA ESPECIALISTA: SARA RIELO QUINTELA.

Durante o presente curso 2022-23 a docente encargada de impartir a área de Educación Física foi Sara Rielo Quintela.

Este curso impartiu a área de Educación Física en Educación Primaria e psicomotricidade en Educación Infantil. Ademais de Lengua Castellana en 5º de Primaria. Ademais de formar parte do equipo de Biblioteca.

Impartíronse dúas horas semanais de Educación Física en cada curso de Educación Primaria e unha de psicomotricidade en cada un dos tres cursos de Educación Infantil.

-PSICOMOTRICIDADE EN EDUCACIÓN INFANTIL.

Os obxectivos fundamentais marcados adquiríronse sen maiores dificultades. Entre eles, resaltar:



No caso do alumnado de 3 anos, pese á novidade que resultou para o grupo adaptarse a unhas rutinas de chegada e de hixiene, desprazamento a un novo espazo, emprego de materiais novos... considero que a evolución do grupo foi boa en xeral. Traballamos dende o máis básico como son aceptación das regras, participación activa e integración en xogos grupais, o xogo simbólico, favorecendo en todo momento a socialización e o goce entre compañeiros/as como medio para encarar desafíos e propostas lúdicas. Este foi o medio que nos permitiu experimentar con novos materiais, texturas, espazos, entornos, propostas... Tentouse potenciar a súa iniciativa, controlando o corpo en movemento adaptándose as dimensións e elementos do espazo... A nivel motriz incidíuse no traballo da motricidade fina e grosa, resaltando a importancia do esquema corporal e das habilidades cotiás para o alumnado, as habilidades motrices predominantemente perceptivas e habituais, desprazamentos variados, manipulacións sinxelas. Destacar a existencia de un neno con NEE neste grupo, cuxo desenvolvemento e a súa adaptación ao grupo foi moi positiva.

Co alumnado de 4 anos seguíuse a mesma liña que co de 5, perseguindo uns obxectivos semellantes. Estes relaciónanse co emprego de circuítos ou percorridos diversos (con reptas, arrastres, empuxes, agarres, saltos, xiros...), que precisaran dun traballo global (moverse con axilidade, confianza nas posibilidades de acción e movemento así como coordinar estes últimos con outros nenos e nenas). A nivel motriz en ambas idades incidíuse no traballo da motricidade fina e grosa, reforzando a importancia do esquema corporal e das habilidades cotiás para o alumnado, as habilidades motrices básicas, no primeiro e metade do segundo trimestre. Fíxose fincapé no traballo cooperativo a través de xogos de cooperación-oposición, que incluían a introdución no traballo das habilidades motrices básicas (saltos, xiros, desprazamentos, lanzamentos, recepcións...) co emprego de material de diferentes texturas e tamaños. Neste senso, incidíuse en maior medida co alumnado de 5 anos, requirindo maior esixencia como preparación para a vindeira etapa, a Educación Primaria. As actividades e a metodoloxía a seguir, procuraron ser o máis lúdico posible favorecendo a integración do grupo en xeral e mantendo un vínculo afectivo e próximo entre

mestre-alumnos/as. Deste xeito, realizaron contos motores, xogos relativos ao coñecemento e dominio do corpo, actividades expresivas e pequenos bailes, múltiples circuítos para desenvolver unha iniciación a habilidades motrices como desprazamentos, saltos, equilibrios, reptas, arrastres... xunto coa manipulación de obxectos de diversos tamaños, formas, peso e altura.

A avaliación é moi positiva na etapa de Educación Infantil, xa que se puido observar unha gran mellora nas habilidades motrices predominantemente perceptivas e habituais e tamén nas habilidades motrices básicas de todo o alumnado, unha maior axilidade e mellor e maior predisposición ó xogo motor.

-EDUCACIÓN PRIMARIA

A área de Educación Física neste curso 2022-2023 foi dirixida a un total de 76 alumnos e alumnas, dos cales 8 se corresponden a 1º, 11 a 2º de EP (dos cales un deles, ausentouse durante longos períodos por ser NEAE de orixe ucraíno e incorporación tardía); 7 alumnos e alumnas conforman o grupo de 3º de EP, con boas actitudes e aptitudes; 23 nenos e nenas de 4º, dos cales dúas alumnas son de orixe ucraíno; 19 nenos e nenas de 5º de primaria, con unha nena ucraína de incorporación tardía ao sistema educativo e 9 de 6º de primaria. En total, son 6 os grupos/aulas. En canto ao desenvolvemento da programación seguiuase a planificación establecida en cada un dos cursos, onde se traballaron os 6 bloques recollidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia.

1º E 2º EDUCACIÓN PRIMARIA. Desenvolvéronse na súa totalidade as 15 Unidades Didácticas recollidas na programación deste nivel.

- BLOQUE 1 (Contidos Comúns): impartíronse ao longo de todo o curso, pois fan referencia á participación activa, hábitos de hixiene e saúde, recollida de material, aceptación de regras e boa disposición cara a resolución dos conflitos, entre outros.

- BLOQUE 2 (o corpo: imaxe e percepción): deuse na súa totalidade, pois relaciónanse co respecto pola diversidade de realidades corporais, esquema corporal, lateralidade, equilibrio e percepción espazo-temporal. O traballo deste bloque centrouse sobre todo no primeiro trimestre e logo de maneira transversal ao longo do curso.

- BLOQUE 3 (Habilidades motrices): o seu traballo desenvolveuse principalmente ao longo do segundo e terceiro trimestre, facendo fincapé nos desprazamentos, saltos, xiros,

equilibrio e manipulación de obxectos. Introducíronse materiais novidosos, diferentes formas, pesos, texturas... para traballar diferentes habilidades manipulativas.

- BLOQUE 4 (Actividades físicas artísticas e expresivas): dedicáronse diferentes sesións ao traballo da expresión corporal a través da introyección, da expresividade, do baile, do acrosport... con maior énfase a finais do 2º trimestre.

- BLOQUE 5 (Actividade física e saúde): concienciación pola importancia de hábitos alimentarios, saudables, con un traballo máis concreto no primeiro trimestre, así como ao longo do curso, se incidiu na importancia das normas de seguridade. Neste senso, este bloque traballouse na súa totalidade. Destacar a participación do grupo no programa de EduSaúde, con boa participación a través das merendas saudables e de retos adaptados.

- BLOQUE 6 (Os xogos e as actividades deportivas): empregamos o xogo cooperativo como un eixo ao longo de todas as sesións, xa que o grupo cústalle este tipo de xogos. Empregáronse estilos de descubrimento guiado para potencialo. Tamén introducimos a iniciación ou familiarización a diferentes actividades predeportivas (kinball, palas, bolos, baloncesto...) basándonos nas habilidades manipulativas. Tamén empregamos o medio natural, sobre todo no 1º e 3º trimestre, para o traballo de xogos tradicionais galegos, xogos do mundo, e algo de educación viaria e orientación.

3º E 4º EDUCACIÓN PRIMARIA. Desenvolvéronse as unidades programadas.

- BLOQUE 1 (Contidos Comúns): impartíronse ao longo de todo o curso, pois fan referencia á participación activa, hábitos de hixiene e saúde, recollida de material, aceptación de regras e boa disposición cara a resolución dos conflitos, recoñecemento de condutas inapropiadas e explicación de xogos ao resto de compañeiros/as. Valémonos do emprego das TIC a través do uso dunha WebQuest no 3º trimestre.

- BLOQUE 2 (o corpo: imaxe e percepción): deuse na súa totalidade, pois relaciónanse co respecto pola diversidade de realidades corporais, esquema corporal, consolidación da lateralidade, control do ritmo respiratorio, equilibrio, percepción espazo-temporal.

- BLOQUE 3 (Habilidades motrices): comezamos introducindo o seu traballo a través do Parkour no 1º trimestre, e logo desenvolveuse de xeito transversal en períodos do segundo e terceiro trimestre, facendo fincapé nos desprazamentos, saltos, xiros, equilibrio, lanzamentos e recepcións incluídos nas diferentes prácticas predeportivas. Existiu unha

unidade, ao longo do 2º trimestre, para cada unha das habilidades motrices básicas con un bo nivel de desempeño.

- BLOQUE 4 (Actividades físicas artísticas expresivas): leváronse a cabo no primeiro trimestre (acrosport) e tamén no segundo (baile a través de Dance Revolution).

- BLOQUE 5 (Actividade física e saúde): incidíuse na súa totalidade coa concienciación pola importancia de hábitos alimentarios e posturais, beneficios do exercicio físico, frecuencia cardíaca e mellora das capacidades físicas. Ao longo do curso incidíuse na importancia das normas de seguridade. Destacar a gran involucración nas merendas saudables e de Retos Saudables que tamén aportou a este bloque.

- BLOQUE 6 (Os xogos e as actividades deportivas): realizamos unidades adicadas especificamente a traballar diferentes deportes a través do xogo cooperativo, tanto de cooperación oposición como de cooperación. Empregamos o Kinball, o floorball, o pádel, as kickball o datchball, os xogos tradicionais galegos, as actividades na natureza a través da orientación e os xogos do mundo a través dunha webquest.

5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA. Desenvolvéronse na súa inmensa maioría as Unidades Didácticas establecidas na programación, agás a de EF inclusiva (logo dunha avaliación inicial do alumnado e ver que xa se tiña traballado).

- BLOQUE 1 (Contidos Comúns): impartíronse ao longo de todo o curso, pois fan referencia á participación activa, hábitos de hixiene e saúde, autonomía e confianza, recollida de material, aceptación de regras e boa disposición cara a resolución dos conflitos, recoñecemento de condutas inapropiadas e explicación de xogos ao retos de compañeiros/as. Incidíuse nas rutinas de hixiene con auga e toallíñas, no emprego das TIC con un traballo trimestral sobre diferentes figuras femininas no mundo do deporte, entre outros.

- BLOQUE 2 (o corpo: imaxe e percepción): deuse na súa totalidade, pois relaciónanse co respecto pola diversidade de realidades corporais e a valoración do esforzo que esixe a aprendizaxe de novas habilidades.

- BLOQUE 3 (Habilidades motrices): estivo presente dende o primeiro trimestre, fundamentalmente co Parkour pero tamén co acrosport. E logo, en todas as unidades do 2º e 3º trimestre de carácter predeportivo onde as habilidades motrices básicas e as capacidades físicas son esenciais.

- BLOQUE 4 (Actividades físicas artístico-expresivas): leváronse a cabo tanto no primeiro trimestre a través do parkour, como a finais do segundo trimestre, na UD Homo expresivus, adicando sesións á creación de coreografía


- BLOQUE 5 (Actividade física e saúde): incidiuse na súa totalidade coa concienciación pola importancia de hábitos alimentarios e posturais, beneficios do exercicio físico, frecuencia cardíaca, mellora das capacidades físicas desenvolvidas fundamentalmente ao longo do primeiro trimestre. Tamén participaron no programa EduSaúde. Destacar o seu valor nas unidades de tipo predeportivo.. Dicitur que no 3º trimestre cambiouse a UD de Xogos do mundo por unha de kickball.

- BLOQUE 6 (Os xogos e as actividades deportivas): realizáronse xogos tradicionais, bádminton, atletismo (carreiras de relevos e salto de lonxitude), deportes alternativos como o colpbol, o kinball e o floorball. Tamén se realizaron actividades de orientación no medio natural.

En canto ao desenvolvemento das **competencias clave** en xeral é positiva, destacando a mellora da CSC e a CAA a través do emprego de moitos xogos de carácter cooperativo, onde sen o equipo non era posible gañar. No caso da CL e contribución ao Plan Lector a través do programa rEFerentes dicir que tivo mellor aceptación no curso de 5º, onde houbo maior interese e calidade nos traballos, cos que, como idea para o seguinte curso, se podería dar continuidade facendo algún capítulo ou pódcast para Radio.

No relativo á **metodoloxía** que se levou a cabo, tentouse dar unha funcionalidade aos contidos para a súa aplicación en diferentes contextos, procurando que o alumnado aprenda a aprender, impulsando a participación activa e favorecendo a cooperación e a resolución de conflitos. Deste xeito partiuse do xogo como recurso metodolóxico cun carácter global e lúdico, buscando propiciar a motivación e a participación e potenciando así a súa inclusión e integración do alumnado para o logro dos obxectivos e competencias clave. Salientar entre outras os desafíos físicos cooperativos, traballo por estacións... Xa para rematar, os resultados foron satisfactorios e moi positivos, pois todo o alumnado superou a materia de Educación Física na avaliación final de curso 2022-2023.

8.8.4- Avaliación

A avaliación foi global, continua, formativa e  egradadora como se establece na Orde do 9 de xuño do 2016, actualizada pola Orde de 25 de xaneiro do 2022. Sempre se centrou na individualización, observando as melloras e progresos individuais de cada neno e nena, en función do nivel de cada persoa. Valorando a súa participación activa, interese, colaboración, esforzo e gañas de aprender.

Aplicamos os seguintes instrumentos de avaliación:

Pautas de observación, rexistros anecdóticos, diarios de clase. Tamén se tivo en conta a asistencia coa roupa deportiva e o aseo.

Para os alumnos que estaban lesionados preparámoslle fichas e colaboraron dentro das súas posibilidades e limitacións na sesións.

Todo o alumnado, acadou os obxectivos previstos en cada un dos cursos nesta materia.

8.8.5- Recursos


Empregouse tanto o ximnasio do centro coma os patios exteriores para o desenvolvemento das sesións. Algún do diverso material que se empregou foi: Balóns de foam, pelotas de diversos materiais, raquetas, aros, colchonetas, etc.

Para o vindeiro curso será necesario renovar o material de psicomotricidade e mercar algúns balóns de psicomotricidade, volantes de bádminton, balóns de plástico e outros tipos de pelotas para o desenvolvemento das sesións. Algunha raquetas de bádminton comezan a mostrar desgaste sendo necesario encordar algunhas delas. Sería interesante instalar un rocódromo para complementar o traballo das habilidades motrices básicas en todos os cursos.

8.8.6- Actividades complementarias e extraescolares

PROXECTO EDUSAÚDE

Dende a área de Educación Física e na liña do Proxecto Deportivo de Centro, levouse a cabo o proxecto de Actividade Física e Alimentación Saudable. O seu obxectivo principal era mellorar os hábitos de alimentación do alumnado, sobre todo nos tempos de lecer, e por outra banda, aumentar o compromiso motor e o traballo cooperativo das clases nos tempos de lecer (xa que tenden a ser individualistas e xogar sempre ao mesmo).

Para isto, ao comezo de curso realizouse unha sondaxe a través dunha enquisa do estado da cuestión. Unha vez analizados os resultados polo alumnado de 6º, establecéronse dúas liñas de acción:  a alimentación saudable, un calendario de merendas que se expuxo en cada aula e nos corredores, e un ránking de seguimento semanal para cada clase, onde cada un podería conseguir puntos se cumpría co calendario. Para a actividade física, establecéronse semanalmente un reto motriz cooperativo, que empregara ou non material, pero no cal deberían participar todos os membros de cada aula. Se o conseguía toda a clase, conseguían un puntos. Queda pendente para o próximo curso darlle un maior seguimento coa maior implicación dos titores. No caso das merendas houbo gran aceptación polo alumnado e creouse hábito.


Materiais variados para dinamizar os patios. Empregáronse diferentes materiais fóra dos balóns de fútbol (frisbees, tizas, cordas...) para dinamizar os patios. A inclusión dunha nova pista multideporte aumentou o compromiso motor do alumando nos tempos de lecer.

Saídas. Realizáronse saídas á contorna próxima, de xeito interdisciplinar con outras áreas como a de Música ou Lingua Galega. Tamén realizamos actividades complementarias dentro do horario escolar como: xincana no día do libro polo pobo, carreira de orientación e talleres multideporte no día do medio ambiente, visitas ao parque infantil para traballar psicomotricidade, roteiros próximos, xincana polo samaín con retos deportivos...

PROPOSTAS DE MELLORA:

Tras o remate do curso escolar, é momento de facer valoración sobre aqueles recursos que poden incrementar e mellorar aínda máis o rendemento e a calidade educativa do noso alumnado. A proposta sería a seguinte: poderíase ampliar e dinamizar a oferta de actividades do colexio de cara ao curso que ven ou sucesivos, sacando maior proveito da zona de herba destinándoa para usos múltiples, tanto no relativo á área de Educación Física como co resto de materias: construción de cabanas, acondicionar unha zona para xogos populares, investigación, horto escolar... Formación e dinamización en patios dinámicos

8.9 MEMORIA DE INGLÉS



8.9 MEMORIA DE INGLÉS

MESTRA ESPECIALISTA: MARÍA PÉREZ ÁLVAREZ.

Podemos establecer o seguinte:

8.9.1 EDUCACION INFANTIL

Durante o presente curso académico (2022-23) a lingua inglesa impartíuse no CEIP plurilingüe Manuel Bermúdez Couso en Educación Infantil nunha sesión de 50 minutos de duración á semana. O libro de texto empregado foi: *Daisy, Robin and Me (green) Ed. Oxford*.

As clases foron formuladas tendo en conta as características dos nenos/as nesta etapa e en constante coordinación cos mestres-titores. Partimos sempre de aprendizaxes significativas e centros de interese próximos ós nenos/as tendo en conta os seguintes aspectos:

- Perspectiva globalizadora e integradora.
- Enfoque comunicativo.

Os nenos/as acadaron os obxectivos plantexados satisfactoriamente. Participaron activamente nas diferentes actividades, xogos, diálogos, cancións, contos,...; comprenden mensaxes e ordes sinxelas e reproducen algunha delas, empregan a mímica para facerse entender, relacionan o vocabulario aprendido coas imaxes ou obxectos, reproducen cancións, empregan os saúdos e despedidas, etc... Os nenos/as amosan unha alta motivación na aprendizaxe da segunda lingua.

As actividades levadas a cabo foron variadas, e incluíron xogos: (adiviñar a palabra, de velocidade, recoñecer erros, "Simon says...") cambios de voz e tonalidades para expresar palabras ou ideas, adiviñas, imitación de sons,...

Ademais realizáronse actividades de motricidade fina (recortar, picar, etc) e ampliaron e consolidaron o vocabulario aprendido a través de fichas.

Fomentáronse actividades de interacción oral utilizando flashcards, como buscar parellas, darlle volta ás cartas indicadas, visualización de historias, recitado de cancións, interaccións coa mascota...

Tamén se recitaron cancións e chants, a través das que se propiciou a produción da lingua a través de accións físicas (Total Physical Response), así como actividades de repetición ou resposta a preguntas tanto a través de Internet como de CDs.

Os DVDs e as pizarras dixitais foron esenciais para o asentamento do vocabulario dun xeito lúdico, así como para o repaso da historia de cada unidade. As flashcards foron imprescindibles para revivir as historias, realizar role-plays ou amosarlles vocabulario ós alumnos. Tamén escoitaron contos, realizando actividades sobre eles e traballando o vocabulario de forma complementaria a cada unidade didáctica estudada. Os pop-outs fomentaron o gusto polo inglés por parte dos alumnos.

En Educación Infantil as principais técnicas de reforzo que se utilizaron consistiron basicamente, na repetición de contidos, na busca doutras formas de explicalos, adaptación das fichas con dificultade e redución do traballo a facer polo alumno, así como no flash-back co que comezamos cada sesión e ó que recorremos con frecuencia, A visualización de vídeos e as cancións tamén foron un reforzo imprescindible altamente motivador, en especial para os contidos máis difíciles. A maioría destas medidas tamén se empregaron para adaptar os contidos ás necesidades dun alumno con TEA na aula de 4ºEI.

Coa incorporación na segunda avaliación de dous nenos/as ás aulas de 4ºe 5º EI, foi necesario levar a cabo certos cambios para favorecer a súa adaptación e integración.

METODOLOXÍA

A aprendizaxe foi lúdica, basicamente a través de xogos, recortables, actividades coas flashcards, historias e cancións. Os nenos tiveron un papel activo e protagonista en tódalas actividades propostas, permitíndolles experimentar o máximo posible para que aprendan a lingua.

Tívoise ademais en conta que a prioridade era a aprendizaxe da lingua a nivel oral, expoñendo ós alumnos á lingua para que pouco a pouco a vaian producindo. Por tanto, as actividades foron orais e auditivas.



Por outra banda, na clase seguíronse certas rutinas, como os saúdos, as cancións ou chants, a realización de actividades que implicaban a participación activa dos nenos a través de xogos, seguidamente a realización dunha ficha e finalmente cantar a canción de despedida

Tamén se contou con que os nenos non se poden centrar na mesma actividade durante un longo período de tempo, polo que se procurou realizar actividades curtas e variadas.

Os xogos case sempre implicaron movemento para que os nenos mantiveran a interese. As instrucións en inglés foron acompañadas de xestos, mímica e demostracións doadas de comprender. Por outra banda, a nivel escrito utilizáronse actividades que reforzaron habilidades de pre-lectura, como lectura de imaxes de esquerda a dereita ou recoñecer secuencias; tamén de pre-escritura, como actividades de motricidade fina.

En canto á organización do espazo, as clases tiveron lugar na propia aula dos nenos, xa que un entorno coñecido e familiar para os nenos.

Os *recursos* empregados durante o curso inclúen:

- Cores: lapis, ceras, rotuladores e ceras Manley.
- Materiais de plástica (pegamento, punzón, almofadas, plastilina...).
- DVDs
- CD de audio
- Ordenadores
- Flashcards temáticos.
- Cancións e chants.
- Pósters e carteis relacionados con cada contido didáctico e coas rutinas diarias.
- Internet.
- Mascota de peluche Mouse.
- Contos.
- Recortables

COORDINACIÓN CO EQUIPO DE ORIENTACIÓN.

Ó longo do curso leváronse a cabo ás pertinentes consultas ó equipo de orientación e aos titores sobre as necesidades do alumnado, tomáronse as medidas necesarias para individualizar a aprendizaxe adaptándose ás características destes alumnos.

UTILIZACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

O ordenador e a pizarra dixital da aula foron elementos esenciais no proceso de ensinanza-aprendizaxe para a proxección de vídeos, a realización de actividades interactivas... que motivaron ós alumnos. Estas actividades pretendían reforzar os contidos aprendidos, así como ampliar o seu vocabulario.

A aula de informática non se utilizou nesta área debido á curta duración das sesións, pero as familias recibiron enlaces do libro de texto, para que desde casa se puidesen implicar na aprendizaxe do Inglés.

AVALIACIÓN

Ó longo do curso levouse a cabo unha avaliación continua e globalizadora, tendo en conta o nivel inicial de cada un dos alumnos ademais dos distintos niveis madurativos. Fíxose un continuo “feed-back” para non esquecer o aprendido e poder ter unha boa base para adquirir novos contidos.

Cada semana apuntouse o progreso ou retroceso de cada un dos alumnos. Por tanto trátase dunha avaliación individualizada.

Nesta etapa os instrumentos de avaliación foron basicamente o traballo realizado polos alumnos, así como a calidade do mesmo; tamén me baseei en respostas a preguntas tanto individuais como colectivas. A observación tanto do comportamento como dos coñecementos dos alumnos así como o interese amosado foron instrumentos esenciais para poder avaliar nesta etapa.

En resumo, o 90% dos alumnos de E.I. acadaron os obxectivos propostos

8.9.2 EDUCACION PRIMARIA

Durante o presente curso académico (2022-23) a lingua inglesa impartíuse no CEIP plurilingüe Manuel Bermúdez Couso en Educación Primaria do seguinte modo:

1º EDUCACIÓN PRIMARIA

Os libros de texto empregados foron: *ALL ABOUT US NOW 1. Ed. Oxford (Class Book & Activity Book)*.

O ensino do inglés en 1º ten por obxectivo a motivación dos alumnos/as e conseguir que a súa experiencia na aprendizaxe da lingua resulte positiva.


Temos en conta:

- A capacidade cognitiva.
- Os intereses dos nenos/as.
- O nivel de inglés adquerido na etapa anterior.

Os alumnos/as acadaron tódolos obxectivos propostos. Conseguiron un nivel moi satisfactorio de vocabulario e emprego de estruturas para poder comunicarse e entenderse na lingua estraxeira. Entenden e executan as ordes, reproducen cancións, diálogos, contos... e participan de forma activa en tódalas actividades.

Os contidos estiveron graduados de acordo co nivel do grupo. As actividades empregadas tiveron un enfoque totalmente lúdico para que foran interesantes para os nenos/as e para que estes tiveran a necesidade de seguir avanzando na aprendizaxe da lingua. As clases impartíronse na aula de 1º.

Resaltar que é un grupo moi traballador, cun bo nivel de lectoescritura que permitiu profundizar na ensinanza do inglés a nivel escrito.

As familias recibiron de bo agrado enlaces a través do blog para que dende casa se puidesen implicar na aprendizaxe do inglés e aos nenos/as encantoulles o feito de poder ver de novo os vídeos, contos, chants e cancións de 

2º EDUCACIÓN PRIMARIA.

Os libros de texto empregados foron: *BIG SURPRISE 2. Ed. Oxford (Class Book & Activity Book)*.

É un grupo que, en xeral, traballa ben e asimila os contidos rapidamente. Están moi motivad@s e participan nos xogos e nas interaccións orais con entusiasmo. En xeral @s alumn@s amosan grande expectación por ver e escoitar as novas aventuras das personaxes do libro de texto. Disfrutan cantando as cancións, facendo os mini-books recortables, xogando coas flashcards, interpretando role-plays e seguindo as ordes de T.P.R. As clases impartíronse na aula de 2º.

Sempre presentamos o vocabulario que van a aprender a través das flash-cards ou obxectos reais. Traballamos ese vocabulario e estruturas novas (con marionetas de dedos, distintos xogos, cancións, rimas, T.P.R, role-plays, bingos,...). Enviáronselles as familias enlaces e aos nenos/as encantoulles o feito de poder ver os contos, chants e cancións nas súas casas.

A metodoloxía empregada foi activa e participativa, predominando actividades orais e lúdicas, pero tamén reforzando a aprendizaxe da lingua escrita.

Salientar que o nivel que se acadou nas catro destrezas foi máis que satisfactorio.

Neste grupo acadan os obxectivos o 90% do alumnado.

3º EDUCACIÓN PRIMARIA

Os libros de texto empregados foron: *ALL ABOUT US NOW 3. Ed. Oxford (Class Book & Activity Book)*.

En 3º aproban o 100% dos alumnos. É un grupo moi bo e traballador en xeral.

Respecto ós espazos empregados, as clases de inglés foron impartidas na aula de inglés. A metodoloxía empregada foi activa e participativa.

Os alumnos/as de 3º E.P. acadaron os ob~~os~~ nun 100% aproximadamente.

Para acada-los obxectivos, os contidos estiveron secuenciados de acordo cos niveis dos nenos/as e os seus intereses, permitíndolle domina-los aspectos básicos da lingua.

As actividades empregadas foron moi variadas, motivadoras e de carácter lúdico co fin de facilitar o aprendizaxe da lingua estranxeira e para que os nenos e nenas sintan a necesidade de comunicarse na lingua inglesa.

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Os libros de texto empregados foron: *BIG SURPRISE 4. Ed. Oxford (Class book & Activity Book)*.

Os contidos víronse ó completo traballando as catro destrezas fundamentais: listening, speaking, reading and writing . As clases tiveron lugar na aula de inglés.

Cuarto é un grupo traballador pero moi disruptivo. Hai dous nenos/as que presentan certas dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira. Tamén hai un grupo de nenos/as ós que hai que darlles máis traballo constantemente porque así o demandan.


As actividades levadas a cabo foron moi variadas, motivadoras e de carácter lúdico co galo de facilitar o aprendizaxe da lingua estraxeira e para que os alumnos/as sintiran a necesidade de comunicarse na lingua inglesa. Os obxectivos acadáronse nun 95% aproximadamente.

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

En 5º trabállase a través da plataforma E-Dixgal. O *Pupil's Book en 5º* é o seguinte libro dixital: *ALL ABOUT US NOW 5. Ed. Oxford*.

A nosa finalidade é conseguir que os alumnos aprendan a comunicarse en inglés. Desta finalidade dedúcese a adopción dun enfoque baseado na posta en práctica dos procesos de comunicación e orientado á adquisición dunha competencia comunicativa, na

súa dobre vertente receptiva e productiva, e atendendo tanto á modalidade oral como escrita.



O desenvolvemento da competencia comunicativa require a utilización de dita competencia. A actuación do alumno constitúe así o núcleo principal de interese do proxecto curricular. Esta actuación leva ó alumno a unha progresión global na súa aprendizaxe da lingua estranxeira. O desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas (escoitar, falar, ler e escribir) contéplase como un proceso de integración. As clases tiveron lugar na aula de inglés.

Algúns nenos/as son estudosos pero en xeral son un grupo de alumn@s moi faladores, que traballan pouco e teñen pouco interese.

Pódese dicir que os alumnos acadaron os obxectivos nun 90%.

6º EDUCACIÓN PRIMARIA.

En 6º trabállase a través da plataforma E-Dixgal. O *Pupil's Book en 6º* é o seguinte libro dixital: ALL ABOUT US NOW 6. Ed. Oxford.

O desenvolvemento da expresión oral está baseado na repetición, prestando especial atención á pronunciación e á práctica comunicativa de palabras e frases complexas. Tamén realizamos actividades para obter información, tanto específica como xeral, que os alumnos/as empregan para realizar distintos tipos de traballos. Os textos son moi amplos e abundantes co fin de aumentar as estruturas, o vocabulario,...

O vocabulario e a gramática consolídase mediante a escritura tanto de palabras como de frases longas e complexas co fin de fixa-la atención na ortografía do novo vocabulario, así como, o dominio de estruturas e construcións. As actividades e os contidos foron moi variados e centrados nos intereses dos alumnos/as co fin de acadar unha maior motivación.

As novas tecnoloxías son tamén especialmente útiles na aprendizaxe de idiomas, grazas en gran medida a autilización do **lecto abalar**; deste xeito os alumnos poden revisar e modificar o seu traballo para intentar melloralo e facerse responsables da súa aprendizaxe. As novas tecnoloxías poden axudar a mellora-la comprensión do inglés falado e escrito a través de exercicios sinxelos pero motivadores, e ofrecen posibilidades enriquecedoras para traballar con sons, imaxes e as súas combinacións. Mediante traballos en equipo, favorécese o intercambio, a búsqueda conxunta e a realización de proxectos cooperativos entre os alumnos; sen esquecer a posibilidade de comunicarse con persoas de fala Inglesa por internet e observar así a vida real e a cultura dos países anglófonos.

As clases impartíronse na aula de inglés.

É un grupo pouco traballador e que amosou pouco interese e respecto hacia esta lingua estranxeira. Pódese dicir que se acadaron os obxectivos nun 90%.

MEMORIA PLURILINGÜISMO. ARTS AND CRAFTS.

COORDINADORA: María Pérez Álvarez.

MESTRA CLIL: María del Pilar García Mosteiro.


AUXILIAR DE CONVERSA: Aliza Winneg.

Esta asignatura levouse a cabo durante o curso escolar 2022-23 nos seis cursos de E.P. no CEIP plurilingüe Manuel Bermúdez Couso.

As clases desenvolvéronse satisfactoriamente contando catro días á semana coa auxiliar de conversa. Propiciando as conversas espontáneas e as preguntas básicas para o coñecemento persoal, diálogos....

Os contidos foron formulados tendo en conta as características dos nenos/as en cada etapa. Partimos sempre de aprendizaxes significativas e centros de interese próximos ós nenos/as tendo en conta os seguintes aspectos:

- Perspectiva globalizadora e integradora.
- Enfoque comunicativo.



O ensino do inglés ten por obxectivo a motivación dos alumnos/as e conseguir que a súa experiencia na aprendizaxe da lingua resulte positiva.

Inténtase divertir, motivar, cautivar e desenvolver a creatividade e imaxinación dos nenos/as e o mesmo tempo familiarizalos coa lingua inglesa para que adquiran confianza e teñan a sensación de diversión ao comunicarse en inglés.

Dáselle gran importancia á comprensión oral, e os nenos mostran esta comprensión mediante respostas non verbais: a mímica, un debuxo, coloreando...A expresión oral adquirese por imitación e interacción.

Coas actividades buscamos mellorar a coordinación óculo-manual, as habilidades motrices grosas e tamén as de carácter fino ademais das habilidades de orientación espacial, persoais, sociais e emocionais.

Entre outras levaron a cabo as seguintes actividades:

- ✓Recreación de paisaxes empregando material natural
- ✓Tratamento do color con diferentes láminas
- ✓O collage
- ✓Creación de murais
- ✓Carteis de conmemoración de datas como o día da paz, semana da prensa...
- ✓Pequenas viñetas que relaten unha historia.
- ✓Lecturas e creación artísticas a partir do recitado dunha narración

Aprenden as rutinas, o entorno da aula (The Arts and Crafts classroom), así como as queendas e a compartir. Anímanse a que co do material da aula e a que axuden ao profesor e compañeiros a repartir e recoller o material da aula.

Inténtase aumentar a súa confianza con metas alcanzables para así estimular o esforzo persoal e presentarlles situacións nas que necesiten ou desexen comunicarse en inglés.

Co obxecto de que os nenos/as tamén coñezan mellor os distintos países anglófonos, a súa cultura e costumes participaron en actividades relacionadas coas seguintes festividades:


- Halloween.
- Guy Fawks Day (Bonfire Night).
- Christmas.
- Easter
- St Patrick's Day

Estas son algunhas das festividades directamente relacionadas coa cultura de fala inglesa que traballamos ao longo do curso, pero tamén hai outras relevantes como International Women's Day, Peace Day...

Os nenos/as acadaron os obxectivos formulados satisfactoriamente. Participaron activamente nas diferentes actividades, xogos, diálogos, cancións, contos...; comprenden mensaxes e ordes sinxelas e reproducen algunha delas, empregan a mímica para facerse entender, relacionan o vocabulario aprendido coas imaxes ou obxectos, reproducen cancións, empregan os saúdos e despedidas, etc... Os nenos/as amosan unha alta motivación na aprendizaxe da segunda lingua.

8.10 MEMORIA DE RELIXIÓN

8.10.1 EDUCACIÓN INFANTIL



Na segunda etapa de Educación Infantil ó longo de todo o curso acadamos os obxectivos propostos na programación, tanto os xerais como pode ser o achegamento a relixión como base para a súa futura aprendizaxe na Educación Primaria; como outros máis concretos nos que resaltan os valores cristiáns que facilitan a convivencia (tolerancia, aceptación, respecto, confianza, colaboración, etc.).

Para acadar os contidos propostos nesta etapa e a adquisición das competencias clave empregáronse diferentes recursos e leváronse a cabo actividades como puideron ser a escoita de diversos contos, realización de fichas de elaboración propia para afianzar o aprendido, xogos, cancións, dramatizacións de relatos bíblicos entre moitas outras.

En canto a metodoloxía empregada, esta foi activa e motivadora, respectando as características individuais do alumnado e fomentando a súa participación.

Especial mención debemos facer ó terceiro trimestre, que con motivo do confinamento por mor do Coronavirus foi precisa unha modificación da programación. Dita modificación afectou principalmente ás actividades propostas, por unhas máis concretas e guiadas a través de vídeos de edición propia; a metodoloxía, por unha máis activa e participativa on line; e os recursos que se empregaron foron na súa totalidade dispositivos electrónicos e de diversos medios como e-mail ou whatsapp.

A valoración do curso en xeral foi satisfactoria e positiva nos tres cursos da Educación Infantil.



EDUCACIÓN PRIMARIA:

-1º e 2º curso:

Ao longo do curso fóronse acadando os obxectivos establecidos que van dende o descubrimento da persoa e das manifestacións relixiosas ata a importancia de acadar uns valores cristiás que favorecerán o seu desenvolvemento integral.

A través dos contidos traballados foron descubrindo o seu entorno: familia, natureza, amigos, e a relación de todo isto (a propia vida) con Xesús e coa Igrexa: Nadal, Semana Santa, Domingo-Eucaristía.

A metodoloxía foi activa e motivadora. Como recursos empregouse o libro de texto escollido e ademais a realización de actividades propias das unidades didácticas, xunto con outras para aclarar dúbidas, afianzar conceptos ou reforzar aprendizaxes.

-3º e 4º curso:

O grao de consecución dos obxectivos e a adquisición das competencias clave foi satisfactorio.

Os contidos deste ciclo levan ao alumno ó descubrimento da mensaxe de Xesús a través da Biblia, a existencia dos sacramentos, e a concienciarse de que poden mellorarse a si mesmos e tamén o mundo que lles rodea.


Levouse todo isto a cabo a través de metodoloxías, recursos e actividades variadas a parte do libro de texto proposto, como xogos, vídeos, cancións ou manexo da Biblia, que permitiron ademais suscitar interese ou afianzar conceptos.

-5º e 6º curso:

Os obxectivos establecidos pretenden que o alumnado profundice na mensaxe de Xesús, teñan unha visión clara da Igrexa e os sacramentos, e descubran como a mensaxe cristiá é moi válida para a nosa vida e ofrece posibilidades para moitos problemas da sociedade actual.

Acadamos estes obxectivos a través dos contidos, das actividades propostas e diversos recursos. Sempre intentando facelos protagonistas da súa aprendizaxe.

As clases foron dinámicas e participativas nas que a maioría do alumnado se implicou, tendo un bo comportamento, superando amplamente os obxectivos propostos.

A gran maioría ten claro que todos xuntos amos a Igrexa, que teñen a posibilidade de ir cambiando actitudes e comportamentos persoais, que poden axudar ós demais e tamén incidir na transformación da sociedade.

Cabe destacar que con respecto ó terceiro trimestre e como consecuencia do confinamento foi preciso levar a cabo unha modificación das actividades, da metodoloxía empregada e os recursos para toda a Educación Primaria e que permitiron adaptarse á situación vivida para acadar de igual xeito os obxectivos establecidos.

A avaliación empregada na totalidade dos cursos da Educación Primaria foi global, continua e formativa, tendo gran importancia a observación directa e sistemática que se levou ó longo do curso, sendo a principal fonte de información en devandito proceso. A avaliación final foi positiva en todos os cursos, cumpríndose amplamente os mínimos establecidos na totalidade do alumnado.

8.10.1 MEMORIA DE VALORES

INTRODUCCIÓN.

GRADO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

ACTUACIÓNS NO CEIP PLURILINGÜE MANUEL BERMÚDEZ COUSO.

1. INTRODUCCIÓN.




O proceso de socialización do individuo é gradual e ao longo del vanse adquirindo valores, normas e condutas, elementos necesarios para o comportamento en sociedade. O alumnado evoluciona ata acadar autonomía, tolerancia, respecto, autoestima, seguridade..., aspectos que se traballaron para que o alumno/a consiga uns valores que lle permitan vivir en sociedade.

2. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

:O que se pretende a través da formulación dos obxectivos é conquistar un desenvolvemento de valores de tolerancia e respecto. Desenvolvemento dunha autonomía progresiva, para realizar actividades cotidianas, por medio do coñecemento e dominio do propio corpo, da capacidade de asumir iniciativas e da adquisición dos hábitos básicos do cuidado da saúde e benestar. Ser capaz de traballar en equipo, respectando ós compañeiros/as.

En 4º e 6º de Educación Primaria traballáronse unha serie de contidos para acadar os seguintes

OBXECTIVOS:

- ✓  Descubrir os nosos valores e os dos demais.
- ✓  Enriquecer os nosos valores para mellorar a nosa autoestima e satisfacer ós que nos rodean.
- ✓  Ampliar os nosos valores para a vida en sociedade


Ditos contidos e actividades que se realizáronse foron guiadas a través dos libros de texto utilizados e outros materiais.

En 4º de primaria asistiron 3 alumnos/as con nota de sobresínte

En 6º de primaria asistiu un alumno con calificación de notable

OBXECTIVOS:

- ✓  Descubrir os nosos valores e os dos demais.

- ✓ 🏆🏆🏆🏆🏆🏆🏆🏆 Enriquecer os nosos valores para mellorar a nosa autoestima e satisfacer ós que nos rodean.
- 
- ✓ 🏆🏆🏆🏆🏆🏆🏆🏆 Ampliar os nosos valores para a vida en sociedade.

Ditos contidos e actividades que se realizaron foron guiadas a través dos libros de texto utilizados e outros materiais.

3.ACTUACIÓNS NO C.E.I.P. PLURILINGÜE MANUEL BERMÚDEZ COUSO.

Ademais das diversas actividades propostas, visionáronse videos, e fixéronse traballos relacionados coas diferentes celebracións o longo dos meses, tales como: Día dos animais (4 outubro), Día da infancia (20 novembro), Día internacional contra a violencia de xénero (25 novembro), Día internacional de persoas con discapacidade (3 decembro), Día da declaración dos dereitos humanos (10 decembro), Día internacional da educación (24 xaneiro), Día da educación ambiental (26 xaneiro), Día internacional da non violencia e a paz (30 xaneiro), Día internacional das mulleres e das nenas na ciencia (11 febreiro), Día internacional da muller (8 marzo), Día internacional dos dereitos do consumidor (15 marzo), Día mundial da auga (22 marzo), Día internacional do medio ambiente (27 marzo), Día mundial da saúde (7 abril), Día internacional contra o acoso escolar (2 maio), Semana das letras galegas (maio), Día dos océanos (8 xuño).


As actividades propiciaron a máxima participación do alumnado, priorizando as súas iniciativas, de cara a unha maior independencia na realización das actividades e favorecer o traballo colaborativo, respetando os turnos de palabra, traballando de forma oral e escrita.

8.10.2 PROXECTO COMPETENCIAL

En 3º e 5º o proxecto foi sobre o medio ambiente en 5º de primaria centrado sobre a Auga do noso planeta.

OBXECTIVOS DE 3º DE PRIMARIA

Concienciar aos nenos sobre os problemas ambientais e ser sensibles a eles.

Fomentar o interese pola participación  e a mellora do medio ambiente.

Desenvolver a capacidade dos nenos para coñecer cousas que non coñecen ambiente que os rodea.

OBXECTIVOS DE 5º DE PRIMARIA

Recoñecer o problema da escaseza da auga

Potenciar o aforro da auga

Traballar sobre as fontes e ríos da nosa zona.

Os nenos e nenas de 3º e 5º traballaron a gusto nos proxectos acadando sobresaínte nesta materia.

8.11. MEMORIA DE MÚSICA

Mestra do curso 2023/2024: María del Pilar García Mosteiro

A materia de música impartíuse nos seis cursos de Educación Primaria ademais de nos tres niveis de Infantil.

As actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvéronse na aula propia de Música. Seguíronse os elementos curriculares marcados na PXA, e á Ley Orgánica 3/2022 do 29 de decembro pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación para os cursos 1º, 3º e 5º e Ley Orgánica 8/2013 do 9 de decembro da mellora da calidade da educación para os cursos 2º, 4º e 6º de primaria.

Durante todo o curso levouse a cabo o apoio da ensinanza presencial coa aula virtual e en especial en 5º e 6º mediante a aula edixgal

A metodoloxía levada a cabo seguiu as correntes pedagóxicas dos principais pedagogos musicais do S. XX. Kodaly no referente á educación vocal: buscando o desenvolvemento do oído e control da voz e o coñecemento da música popular tradicional

en particular da comarca de Trives e en xeral, galega. En canto á práctica instrumental, seguíronse as consideracións de Orff.

Os obxectivos mínimos de cada nivel acadados polo alumnado.

Como consideracións finais cabe destacar que se arranxaron os instrumentos de placas e se mercaron algunhas baquetas aínda que facían falta algunhas máis. Tamén incluso a incorporación de algún set de boomwhackers ou algún instrumento de fácil manexo que incorporen novidades á formación instrumental do alumnado do centro. Compre renovar o sistema de audio da aula.

Fixéronse tres festividades importantes como foi o Festival de nadal, o do día das letras galegas e un festival de fin de curso na Casa da Cultura de Trives.

En base as conmemoracións realizamos unha interpretación de “Imagine” de John Lennon para o día da paz con todo o alumnado dende 3 anos de infantil até 12 anos de Educación Primaria.

No festival de fin de curso representaron danzas modernas, obras teatrais e os cursos de 4º e 6º interpretaron cancións nos instrumentos de placas.

8.12.- MEMORIA BIBLIOTECA ESCOLAR

8.12.1. INTRODUCCIÓN

Durante o presente curso **2022-23**, dende a biblioteca de Tololeo do C.E.I.P. Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso , levamos a cabo o proxecto “O xornal o Fiscaíño, o xornal dos nosos meniños e as nosas meniñas, novas de acá e de acolá” en colaboración con toda a comunidade educativa.

Durante este curso académico continuouse co labor realizado o ano anterior de rexistro e catalogación dos exemplares existentes na biblioteca, así como a adquisición de novos exemplares, chegando na actualidade a 6100..

O préstamo segue a ter unha gran acollida en todos os niveis, incrementándose nos cursos de primaria onde era máis baixa a participación O alumnado de 5º e 6º continuou implicándose no seu labor de voluntariado , e os nenos e nenas de cuarto que quixeron participaron do seu pre-voluntariado.

A dinamización da biblioteca escolar de Tololeo cumpriu o seu obxectivo primordial, achegando dita biblioteca á vida do centro e convertíndose no eixe de todas as actividades, unha estreita colaboración coa ANPA, ás colaboracións coa biblioteca do IES , do concello , outras asociación do concello ou outros col

Todas as actividades pódense contemplar no noso blogue no seguinte enderezo.

<http://tololeotrives.blogspot.com.es/>

8.12.2 COMPOSICIÓN E FUNCIONS DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

O equipo de biblioteca estivo formado polos seguintes membros do claustro :

Montserrat Méndez Pérez (Radio na Biblio e Dinamización lingüística).

Marisol Vasallo Merayo(de baixa dende outubro)/Pilar García Mosteiro(Biblioteca creativa e impresión 3D).

María Asunción Lamelas Fernández (Coordinación tics)

María José Rodríguez Martínez (Dinamización educación infantil)

Elena González Pérez (dinamización Brigadas Verdes)

Sara Rielo Quintela (Coordinadora Polos creativos/Biblioteca creativa/ Espazo maker).

Íria Alberich Quintas (Orientadora, biblioteca inclusiva)

M\ Dolores Méndez (registro de entrada de material)


Mestra de plurilingüismo/arts and Krafts/ auxiliar de conversa (sección dinamización lingua inglesa)

María José Rioz González (Mestra responsable da biblioteca, coordinación voluntariado e clubs de lectura)

A todos eles engadir o o equipo de voluntariado de 5º e 6º. de educación primaria.

O equipo de biblioteca reuniuse o primeiro luns de cada trimestre, salvo excepcións por cambio de horario segundo necesidades., plantexándose as actividades programadas e matizándoas. Ditas actividades estaban interrelacionadas con proxecto de dinamización e tamén co proxecto de PFPP no que estivemos traballando incluído no proxecto de polos

creativos , PLANETA TRIVES, tivemos unha formación en materia de impresión 3D ,e contidos dixitais, e asemade cos proxectos dos contratos programa Edu- saúde, e plan proxecta sobre a reciclaxe con Sogama.



A coordinadora da biblioteca escolar dispuxo de 4 horas de dedicación exclusiva á biblioteca durante o curso, ..para poder levar a cabo as súas funcións:

- .- Coordinar o traballo de biblioteca. Resolvendo dúbidas e recollendo aportacións dos distintos membros do equipo e do claustro. Tanto de mestres como de voluntarios.
- .- Redactar o PAL 2022-23 e velar pola súa posta en práctica.
- .- Elaborar as propostas ás convocatorias de voluntariado de lectura , radio na biblio e biblioteca creativa (croma, impresión 3d, robótica, espazo maker) ..Elbe...
- .-Promocionar e difundir entre o resto do profesorado e comunidade educativa as actividades propostas a través do blog.
- .-Recollida de datos do buzón de suxerencias, dos exemplares máis lidos, dos exemplares adquiridos, das propostas do alumnado, do material referido ao proxecto para a elaboración de material impreso e audiovisual que se sube con regularidade ao blogue...
- .-Impulsar actividades de lectura na biblioteca tales como contacontos, mostras de poesías, teatro, exposicións...
- .- Reunirse cos representantes da biblioteca do concello e do IES para a organización e elaboración de actividades conxuntas.
- .- Recollida e seguemento da organización de actividades coa e da ANPA.
- .-Organización, clasificación e catalogación de fondos.
- .-Redatar información e recoller documentación impresa, gráfica e audiovisual para a memoria PLAMBE 2022-23
- .- Velar polo funcionamento da biblioteca e dos proxecto en marcha.
- .- Atender demandas de libros e materiais para os distintos espazos da biblioteca.
- .-Elaborar proxecto e xestións necesarias para o PLAMBE 2023-24
- .- Redactar a memoria de biblioteca para a memoria anual de centro.

- .- Elaboración de documentos, audiovisuais para subir ao blogue e darlle así visibilidade.
- .- Rexistrar as reunións do equipo de profesorado coas actividades e decisións ao respecto ao longo do ano, co representante do concello e representante dos ANPA.

Pola súa parte , os membros do equipo de biblioteca asumiron as función seguintes:

- .- Colaboración na realización e desenvolvemento do proxecto de biblioteca.
- .- Dinamización de actividades.
- .- Cartelería e ambientación como motivador das actividades , tanto no hall do colexio, como nos corredores e a mesma biblioteca.
- .- Recuperación de exemplares no hospital de libros.
- .- Colaboración no sistema de préstamos Meiga, axudando aos voluntarios a facelo autonomamente , e completando dito rexistro cos libros de préstamos creados a tal efecto.
- .- Recollida de material impreso e audiovisual para a súa subida ao bloug de Tololeo
- .-Elaboración de material audiovisual en colaboración co voluntariado.
- .-Mantemento da distribución axeitada de exemplares na biblioteca
- .- Levar a cabo un rexistro dos gastos e ingresos dentro da biblioteca
- .- Realización de gardas de recreo na biblioteca.
- .- Elaboración de actividades relacionadas coa biblioteca creativa, inclusiva, Radio na biblio., impresión 3D , robótica, voluntariado, croma, mesa de luz...

Para todo iso fíxose un cadro de reparto de tarefas ao comezo de curso no que cada mestre ou mestra encargábase dunha ou varias partes do traballo a levar a cabo..

Para a xestión diaria da biblioteca , o equipo dispón dun ordenador principal. Empregamos o sistema MEIGA para o empréstito, altas e baixas de fondos, xestión de usuarios, estatísticas... ao remate deste curso contamos cuns 6100 exemplares catalogados. Durante o mes de xullo é preciso continuar para poder pór o día os incorporados este ano. Así mesmo durante este mes

tentaremos rematar de acondicionar os espazos , así como o material necesario para deixalos preparados cara ao curso que vén.

8.12.3 ORGANIZACIÓN DA NOSA BIBLIOTECA

INTERVENCIONS EN RELACION CON ESPAZO FÍSICO: E OS MATERIAIS

Durante este curso escolar, seguimos recolocando o espazo na biblioteca ampliándoo e dando saída aos novos proxectos xa mencionados como son a Radio, o espazo croma, o espazo maker, robótica , este ano coa creación de polos creativos no corredor contiguo á biblioteca, facilitounos darlle nova ubicación aos ordenadores do alumnado, e todo o material que recibimos que complementa o que xa tiñamos en biblioteca . Crearemos agora nos corredores máis espazo para novas creacións e todas as que xa se fixeron durante os anos que levamos cos proxectos na biblioteca. Neste curso mercáronse asemade os altosfalantes que facían falta, e material de Lego para o espazo maker.

ORZAMENTO ANUAL ESPECÍFICO PARA A BIBLIOTECA:

Actualmente, o orzamento específico do colexio adicado á biblioteca é de entre o 5 e o 10 %, uns 300 euros por trimestre.

HORARIO DE APERTURA DA BIBLIOTECA CON ATENCIÓN ESPECÍFICA:

A biblioteca permanece aberta no horario lectivo, nos recreo os nenos e nenas que o desexan poden subir á mesma, Existe un sistema de gardas ,no que participa todo o profesorado . Este ano comezamos coa apertura da biblioteca en horario despois de comedor, sobre todo nos días de mal tempo.

SECCIÓNS DENTRO DA BIBLIOTECA

- .- Buzón de suxerencias, onde os nen@s aportan ideas sobre libros ou actividades.
- .- Seccións por cores , correspondentes coas idades do alumnado, para a distribución dos exemplares apropiados a cada idade.. é orientativo, e ditas cores xa as teñen interiorizadas. Este ano introducimos tamén a sección por coleccións que os nenos e nenas demandaban.
- .- Paneis na entrada para colgar as información referentes a biblioteca. E onde se expoñen as distintas seccións do xornal traballadas.
- .-Expositor coas novidades que van entrando na biblioteca.
- .-Sección de inglés.

.-Sección das nos@s creacións, onde se expoñen todo o material impreso e gráfico elaborado polo alumnado durante este curso escolar e os anteriores.

.- Outras Seccións de manualidades, audiodiagramas, enciclopedias, poesía, cómic...

.-Sección informática, onde se atopan os ordenadores de consulta para o alumnado.

.- Expositor de revistas.

.- Panel de Tololeo no hall do colexio ,onde se comunican as novidades e se anuncian as actividades ao longo do ano.

.- Laboratorio de Radio.

., Espazo maker. Espazo cromático. Mesa de luz..Espazo para a impresora 3D.

.-Sección de lectura informal onde se atopan os sofás e un chan de madeira que invita a “tirarse “ a ler un conto.

.- Hospital de libros , para a recuperación dos exemplares deteriorados.

.- 8.12.4. GRAO DE CUMPLIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS NO CURSO 2022-23

A biblioteca non só ten como obxectivo o fomento da lectura, senón que tamén funciona como un entorno de aprendizaxe idóneo para acabar coas desigualdades sociais, e ser así un entorno formativo e creativo, convertíndose no eixe principal da vida do centro. Tentamos durante este curso, unha vez máis, dotar á nosa biblioteca do protagonismo que se merece, e centralizar toda a vida do centro nela, a totalidade das actividades realizadas ao longo do ano partiron dela e o nivel de participación nas mesmas por parte de toda a comunidade educativa foi axeitado. Se ben salienta que este ano incluímos como espazo común a aula de polos creativos que temos xa instalada e en funcionamento, tendo unha conectividade entre os dous espazos centrais do colexio tanto a nivel de traballo como a nivel espacial, e coma sempre tanto un como outro serviron unha vez máis de canle de unión e comunicación entre toda a comunidade educativa.

De feito a parte máis tecnolóxica da nosa biblioteca, impresión 3d, Croma...Foi trasladado a este novo espazo, habilitando novos espazos para o traballo multidisciplinar e competencial.

Tololeo , a nosa mascota e os seus amigos Mafalda ,Exeria ,Megarroxa e Harry , foron , un ano máis, os verdadeiros protagonistas e fio condutor da na nosa biblioteca, con eles viaxamos, cantamos, contamos, bailamos, investigamos, creamos, ilustramos... este ano comezamos con moita ilusión co proxecto XORNAL O FISCAÍÑO, recuperación do xornal que en formato papel tivemos polo cole hai moitos anos, e á estas alturas do curso só nos queda corroborar que fomos quen de traballar e ilusionar cos nosos artigos e as nosas seccións, involucrando día a día a toda a comunidade educativa.

Seguindo os obxectivos propostos na biblioteca para este curso 2022-23 podemos constatar o seguinte:

.- A consolidación do plan anual de fomento da lectura. Continuouse a facer “a hora de ler” en cada aula, ademais de facer actividades de lecturas compartidas e grupais., así o propósito de incrementar tanto as horas como o interese do alumnado foi o noso maior éxito, mostra de todas estas actividades amósanse no noso blogue de TOLOLEO.

.-Proporcionouse apoio aos programas de ensino -aprendizaxe , impulsando metodoloxías educativas activas e cooperativas. Todas as actividades partiron da biblioteca e seguiron unha metodoloxía activa, lúdica e baseada na participación cooperativa ou individual., estimulouse a creatividade dos nosos alumnos a través de diferentes actividades que partiron da mesma e promoveuse a través da oferta de libros e outros materiais que se mercaron dende a biblioteca.

.- Tívoise en conta en todo momento a colaboración coa Biblioteca do Concello, aúndando ao pobo,as familias e os nenos e en definitiva toda a comunidade educativa .

.- Tamén potenciamos a relación co IES, grazas á boa coordinación entre os equipos de ambos centros, este ano tiñamos prevista facer actividades no terceiro trimestre de xeito conxunto e conseguimos levalas a cabo , co motivo das xornadas do medio ambiente.Asemade actividades e obradoiros científicos.

.- Intentouse asegurar o acceso de todos os usuari@s, todo o profesorado , máis os nenos de 5º - 6º, voluntariado , ao sistema de informatización da biblioteca, ben para consulta,ou ben para a realización do préstamo, que se fai de xeito manual nos cursos inferiores ,e son os nenos de 5º - 6º os que o levan a cabo de xeito informático.

.-O equipo de voluntariado 2022-23 estivo composto por quinto e sexto de primaria .

.- Todos os cursos contaron cunha hora semanal de asistencia á biblioteca, aínda que podían subir noutras ocasións se así o precisaban. Neste curso comezamos a abrir os recreos ágrupos diferenciados aproveitando o noso espazo e sempre baixo a supervisión dalgún membro do equipo. Os martes só subía o equipo de biblioteca para preparar e coordinar

actividades tanto na impresora 3D como na Radio , croma , robótica , espazo maker ou outros espazos, o resto dos días repartíase entre as titorías.

.- Conseguiuse despertar e aumentar o interese pola lectura e todo o que ten que ver con ela en todos os seus formatos, facendo que desfrutaran con ela.

.- Este ano fomentamos moito o desenvolvemento da RADIO que fixo que puideran participar todos e todas alo menos unha vez por semana, asemade incrementamos as actividades de croma, a verdade é que a coincidencia da aula de polos continua a nosa biblio incrementa un uso dos espazos.

.- Actividades relacionadas con programación e robótica onde o noso voluntariado de 6º iniciouse e constatamos con interese, ditas actividades irán na memoria de biblioteca creativa.

.- O tema de catalogación , como vimos facendo dende hai anos, contamos con actualizar no mes de xullo no que dedicaremos a elo ademais de rematar de colocala cara ao seguinte curso. Fomos subindo as adquisicións ao blogue, igual que as recomendacións lectoras no Nadal e no mes de xuño cara ao verán.

O resto foise subindo según as pestanas que xa estaban, xa sexa en Radio ou en Biblio creativa, proxectos... e as celebracións que levadas a cabo todos os anos. A maiores creouse a pestana CURSO 22-23 na que aparece todo o deste ano.


.- Dinamizamos o blogue transformándoo no eixe do centro a onde acuden mestres e nenos constantemente. Empregando distintos programas e apps e ampliando as mesmas cada ano.

., Participamos en concursos de medio ambiente, de Radio, obradoiros audiovisuais e doutras índoles.

Respecto ao material e,mobiliario e espazo co que contamos

.- O tema dos ordenadores que íamos arrastrando quedou solucionado neste curso coa instalación da aula de Polos creativos onde contamos con ordenadores e tabletas e todo tipo de material audiovisual. A continuidade respecto ao espazo de biblioteca fai que sexa moito máis doado traballar ao mesmo tempo en moitos espazos, convertíndose o noso corredor nun espazo moi atractivo para o alumnado.

.- Tamén a impresora 3D tivo o seu espazo xunto ao croma e mesa de luz, que foron incorporados en dita aula facilitando o seu sitio anterior para zona de legos e xogos de mesa.



.-Seguimos suscritos ao xornal Papagaio e a editorial xerais, aínda que estamos a traballar e diversificar os exemplares que nos van ofertando outras (Hércules, Santillana, Loqueleo, Ir indo, Kalandraka, bubulú...) . Temos xa recuperados os contacontos dende hai dous anos, no só por parte das editoriais senon tamén por parte da ANPA,

. Todos ou case todos os exemplares que adquirimos neste curso foron adquiridos na librería do pobo, así como outro tipo de materiais.

De xeito máis promenorizado na educación infantil

.- Conseguimos coma sempre que vivirán a biblioteca comoun espazo de lecer , de aventuras e fantasía, contacontos, teatro , poesía . , encántanos que veñan á biblioteca e eles saben que é a casa de Tololeo e agora a de todos os seus amiguños.

polo día das bibliotecas Tololeo veunos visitar como ven facendo aproveitando así para facer a presentación do proxecto e da biblio para todo o alumnado en especial para o alumnado de nova incorporación.

.- Vivíronna coma un lugar de encontro , as xuntanzas co motivo das celebracións ou exposicións de traballos..tratouse de despertar interese pola mesma, foron os voluntarios os encargados de presentarles e amosarlles contacontos, obradoiros, experiencias de robótica... etc


.- Eles xunto coas súas titoras asistiron con regularidade , a facer o préstamo, empezando xa a pór o seu número de rexistro , no seu correspondente libro de préstamos.

.- Foron adquirindo hábitos relacionados co saber estar , desenvolvendo actitudes de respecto , colaboración e participación, tanto de uso axeitado de materiais como das instalacións.

.- Coa creación de novos espazos a biblioteca volveuse se cabe máis atractiva para eles. O espazo para biblioteca creativa, a mesa de luz, a Radio cos micrófonos de cores .. todo elo convértese nun punto moi atractivo de aprendizaxe.

Na educación primaria e de xeito máis específico

.- Fomentouse neles a inqueda por aprender dentro dun entorno atractivo e cheo de novas aventuras e posibilidades así acudían a ela a preparar os seus traballos de aula, ou a preparar os seus contacontos para os pequenos, acudían coas súas titoras ou ben en grupos mixtos.



.- Espertouse neles , en xeral, o gusto pola lectura en todas as súas vertientes e así foron realizando as actividades que dende aula, ou dende o proxecto de biblioteca e de centro se promovían, aproveitando os recursos e instalacións que se lles ofrecía na biblio e tamén o gusto polo mundo radiofónico xa que este ano conseguíuse despertar neles co traballo de elaboración , redación e expresión que conleva, así como as montaxes dos cromas levados a cabo , os programas de radio ou o traballo no xornal de elaboración mensual.

.- A colaboración que as familias , tanto de educación infantil como de educación primaria achegaron foi extraordinaria convertíndose para eles tamén nun espazo de comunicación distendido e lonxe do concepto máis serio de aula como tal, fixéronnos achegas de contacontos e obradoiros e prestáronse a colaborar todo o que fixera falla.

.- Foron aprendendo a utilizar e manexarse cos recursos, interiorizando tamén normas de comportamento e de uso e disfrute na biblioteca.

.- Animáronse a pedir libros novos do seu gusto que agora ao remate do curso intentarase comprar co diñeiro que poida quedar...iso queda recollido na caixa buzón de suxerencias onde amosan as súas peticións.

.- Integráronse fantásticamente no programa de voluntariado, participando nas actividades que dende o proxecto ,e dende biblioteca se promovían, ler cos pequenos, axudalos en todo momento, facer cousas xuntos para despois ensinalles ao resto, ...este ano aínda que traballamos co voluntariado non presentamos a solicitude como viñamos facendo sempre ,foi un erro de datas na entrega, pero continuaremos o ano que ven con novas ilusións e ganas..

.- Seguimos dinamizando as nosas seccións no blogue, como as recomendacións lectoras de Tololeo, e as creacións que foron xurdindo a partires do noso proxecto, que contarán a partires de agora cun sitio específico de exposición no corredor de biblioteca, pois é unha das cousas que máis lle gusta ver aos nen@s. Este ano foron as diferentes seccións dos xornais de tirada mensual elaboradas polo alumnado e guiados polos titores e titoras.

.- Respecto aos itinerarios lectores confirmar , que se leron os libros elexidos tanto en educación infantil como en educación primaria, títulos que normalmente elixe o titor ou titora acordos coa temática do proxecto ou microproxectos de aula, en facendo fincapé en libros de lingua galega, aínda que sen esquecer lecturas en castelán. .

.- Na celebración das letras galegas adicamos ao autor as actividades que levamos a cabo e promovemos música tradicional da nosa contorna .

.-Este ano si haberá despedida presencial da biblio,por fin fomos quen de volver a normalizar a presenza dos nenos e nenas sen restriccións, e aínda que a despedida será no exterior aproveitando o festival fin de curso será en sí unha xuntanza de todos e unha despedida de verdade ata o mes de setembro, segue aberta a posibilidade de trocar libros no mes de xullo , estando aberta ao préstamo.

8.12.5.- BREVE DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

DENDE O PUNTO DE VISTA DA XESTIÓN TÉCNICA E DA EDUCACIÓN PARA A COMPETENCIA EN INFORMACIÓN

.- Catalogación e etiquetado de fondos bibliográficos, neste senso , ao remate deste curso escolar, e durante primeiros de xullo porase ao día o número de exemplares

.- Organización do equipo de biblioteca e distribución de tarefas, ademais das reunións unha vez ao mes ou cando fora preciso. Traballamos en sintonía..e ás veces con falta de tempo para as xuntanzas pero todo saíu adiante. Cada mestre do equipo encargábase dunha sección.

.- Posta ao día , continuamente ,no hall do colexio e nos corredores, dos paneis de Tololeo como dinamizadores das actividades a desenvolver ,así como a ambientación continua para promover a curiosidade nos cativos.


.-O mapa e os paneis de Tololeo e Mafalda son os canles de comunicación coa biblioteca, onde anunciamos todo o que vai acontecer respecto ao proxecto que temos en marcha e co resto de actividades. Os nen@s están acostumados a este sistema e páranse a visualizar as novas que acontecen

.- Formación de usuarios no sistema informático tanto de alumnado como de profesorado. As voluntarias e voluntarios de biblioteca aprenderon a introducir o préstamo informático e pasalo dos libros de préstamos ao programa, acudindo un día a semana e acompañados de xeito diferenciado polos Mestres do equipo. Seguimos por outro lado co sistema de Meiga.

.-Posta ao día da caixa de suxestións mensualmente para saber as súas inquiredanzas literarias..obviamente non somos capaces de absorber todas as súas peticións pero terémolas en conta.

.- Recollida das suxerencias que nos puideran facer chegar o resto do profesorado ou comunidade educativa.

.- Dinamización do blogue de Tololeo ..con iso conseguimos que todos os nenos estén atentos ao blogue e a toda actividade que subimos ,e onde utilizamos distintas apps , presentacións, vídeos ... etc con distintas ferramentas dixitais que estivemos traballando.



.- Dende o equipo de biblioteca tamén estivemos traballando no curso sobre

PFPP sobre o xornal o fiscaíño, xornal escolar. o xornal dos nosos meniños e meniñas

Genially, flipsnack (para a creación de diversas montaxes dos traballos do alumnado e de toda a comunidade educativa).

Seguiuse a traballar coa Radio na Biblio, Radio Pingueira.

Incrementouse a actividade realizada co cromas.

Dende biblioteca creativa montáronse e revisáronse os escornabots e novo material que trouxo a encargada, e comezouse cos paneis de lego. Tamén se estivo traballando coa impresora 3D e a mesa deluz.

Toontastic para a creación audiovisual.

Presentación da mascota de radio. a pingueira. (en previsión)

Elaboracións en 3d . curso presencial de formación .

Curso de digicraft, e formación en tecnoloxía polos creativos.

Obradoiros de booktrailers e aplicación na creación de contos e aplicación en radio.

Cromas relacionadas co proxecto de auga e creación de lendas.

Creación de láminas para o traballo coa mesa de luz.

Traballo coas apps e programas de ordenador ,montaxe de videos, canva, movie maker, quick, photogrid., videoshow, filmigo, , ...inshot.

Aprender a manexarse no blog e manter actualizado o mesmo.

DENDE O PUNTO DE VISTA DO FOMENTO DA LECTURA

Centrándonos no proxecto que levamos a cabo , tratamos de animar a toda a comunidade educativa a participar do mesmo e a visitar o noso blog máis se cabe pois un ano máis foi o canle de intercomunicación. A continuación presentamos un cadro no que intentamos amosar todas as actividades encamiñadas a fomentar a súa aprendizaxe e o seu interese., isto non é máis ca unha prolongación do programado no curso anterior e que con satisfactoriedade rematamos este curso.


DINAMIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EN DISTINTAS DIRECCIÓNS



XORNAL ESCOLAR . XORNAL O FISCAÍÑO. NOVAS DE ACÁ E DE ACOLÁ .

ITINERARIOS E ACTIVIDADES PLANTEXADAS NO PROXECTO





ACTIVIDADES TEMPORALIZADAS POR TRIMESTRES.

Neste curso co lema a biblioteca escolar ten a palabra, priorizamos a expresión oral e escrita co Xornal e a Radio Pingueira ao longo dos tres trimestres. Paralelamente foron aparecendo en cada trimestre todo tipo de actividades relacionadas con biblioteca creativa e contacontos, obradoiros .

ACTIVIDADES NO PRIMEIRO TRIMESTRE

.- Presentación da biblioteca de Tololeo, benvida ao novo curso e presentación do proxecto ,e as normas da biblioteca. Saúdo aos novos nenos de 3 anos e nenos e nenas que se incorporan ao centro neste curso.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/09/biblioteca-de-tololeo-curso-2223.html>


http://tololeotrives.blogspot.com/2022/09/biblioteca-de-tololeo-curso-2223_23.html

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/10/biblioteca-de-tololeo-curso-2223.html>

.- Celebramos o Día Internacional das Bibliotecas (24 de outubro) cunha lectura por titorías, cada titor ou especialista adicou este día a actividades que conlevaran lectura nos seus distintos formatos. O lema coma sempre “conta comigo, conto contigo”.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/10/biblioteca-de-tololeodia-da-biblioteca.html>

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/10/dia-da-biblioteca-biblioteca-de-tololeo.html>

.- Presentación da sección Brigadas verdes  dados do medio ambiente.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/09/brigadas-verdes-curso-2223.html>

.- Obradoiros de igualdade durante todo o trimestre para todo o alumnado.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/10/igualdade-biblioteca-inclusiva-curso.html>

.- Exposicións sobre a auga, proxecto de polos creativos no que tamén estamos inmersos dende biblioteca e que implica a todo o alumnado.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/10/medio-ambienteexposicions.html>

.- Os distintos ciclos distribúen o traballo , así dentro de cada ciclo repartíronse as seccións do xornal de cada mes..

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/10/xornal-escolar-xornal-o-fiscaino.html>

.- Samaín, Neste día , este curso non puidemos prepara a gamificación de todo o colexio pero preparáronse actividades dentro das titorías e todo tiveron a visita dunha bruxa e unha araña que paseaban facendo das súas polos corredores e polas aulas , ademais expuxéronse as cabazas feitas polo alumnado .

http://tololeotrives.blogspot.com/2022/10/samainhalloweendinamizacion_77.html.-

Leváronse a cabo dramatizacións de contos de medo nas aulas, a cargo do equipo biblioteca e os titores. Expuxemos o obradoiro de photo call cos personaxes : drácula, bruxa, e unha pantasma que tanto lles gusta aos nen@s.

E fixemos tamén unha exposición de cabazas decoradas por eles que resultou ter un gran éxito coma sempre.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/11/samainhalloweendinamizacion.html>


.- Durante este trimestre levamos a cabo unhas andainas sobre a auga da nosa contorna.

.- Recitado de ditos e refráns polo magosto

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/11/magostodinamizacion-linguisticabibliote.html>

.- Presentación do proxecto saúde . tamén implícito no noso xornal.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/11/proxecto-saudecurso-2223dinamizacion.html>

.- Presentación do proxecto sobre a aula . a  a 2030

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/11/polos-creativocurso-2223dinamizacion.html>

.- Contacontos

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/11/educacion-infantilaudicion-e.html>

.- O 25 de novembro conmemoramos o Día Mundial contra a Violencia de xénero, os distintos roles da muller e o home . Proxectamos videos sobre a violencia de xénero. Ademais no hall da entrada fixemos unha activdade conxunta de reivindicación dos dereitos e da igualdade de xénero e participamos nunha activdade en colaboración co concello no que participaron todos .

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/11/violencia-de-xenerocurso-2223.html>

.- Obradoiros científicos con todo o alumnado

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/11/mes-da-cienciamuller-na.html>

.- As edicións de xornal dos restantes meses pódense ver no blogue na pestana do xornal

.- Edicions de Radio pingueira no blogue.

..- O día dos Dereitos da Infancia os nenos traballaron ,, dereitos relativos á educación, crenzas, liberdades, e na mesma liña que os Dereitos Humanos levaron a cabo unha montaxe sobre dito día, a continuación o enlace dos nenos e nenas de educación infantil.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/11/dia-da-infanciaeducacion.html>

.- Importancia da muller na ciencia.


http://tololeotrives.blogspot.com/2022/11/mes-da-cienciamuller-na_25.html

.- Charlas na biblioteca sobre ciberseguridade.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/12/colaboracionsexposicionscurso-2223.html>

.- Concurso sobre” NARRACION E ILUSTRACIÓN . De debuxo para os nenos de educación infantil e primeiro e de redación e ilustración para o resto do alumnado, .

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/12/concursosbiblioteca-de.html>

.- Festival de nadal , no que participaron t  os nenos e nenas con obras de teatro, música e bailes .

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/12/festival-de-nadalnadalcurso-2223.html>

.-,Recomendacións lectoras nadal .

<http://tololeotrives.blogspot.com/2022/12/recomendacionslectorasnadaldinamizacio.html>

SEGUNDO TRIMESTRE

.- Colaboracións .Arte con chocolate.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/01/educacion-infantilanpacolaboracionsarte.html>

.- Plurilingüismo

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/01/plurilinguismoarts-and-kraftscurso-2223.html>

.- Cultura galega . Castelao

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/01/dinamizacion-linguisticabiblioteca-de.html>

.- Xornadas sogama, plan proxecta

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/01/plan-proxectamedio-ambientecurso.html>

.- Medio ambiente , polos creativos

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/01/medio-ambientecurso2223voluntariadobib.html>

.- Robótica ,espazo maker.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/01/biblioteca-creativaroboticacurso.html>


.- Poesía voluntariado

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/01/poesiacurso-2223voluntariadodinamizacio.html>

.- Contacontos colaboracións ANPA

<http://tololetrives.blogspot.com/2023/01/contacontoscurso-2223anpacolaboracionse.html>

.- Entrevistas e tradicións.



<http://tololetrives.blogspot.com/2023/01/xornal-o-fiscainoxornal.html>

.- Día do libro, con actividades dende contacontos, poesía, lecturas, camiños , realidade aumentada e emisions de Radio Pingueira .

.- Celebramos o día da Paz no colexio... recitáronse poemas nos distintos ciclos, e despois realizouse unha actividade en cada titoría, dende adaptacións de cancións pola paz, impresión 3D, mandalas, danzas, plurilingüismo, emisións de Radio pingueira .

<http://tololetrives.blogspot.com/2023/01/pazcolaboracionscurso-2223dinamizacion.html>

.,. No entroido tematica grupal da reciclaxe. Houbo emisions de Radio, arts and kرافs, coñecemento dos entroidos da provincia e cromas sobre o mesmo ao redor do camiño inglés.

E os nenos de 6º elaboraron en colaboración coa dinamizaciónn lingüística as coplas ao lardeiro e lardeira , para a súa posterior queima o venres de entroido.

http://tololetrives.blogspot.com/2023/02/entroidodinamizacion_11.html

.- Microproxecto en infantil a volta ao mundo..

<http://tololetrives.blogspot.com/2023/02/educacion-infantilproxecto.html>

.- A muller e a nena na ciencia.

<http://tololetrives.blogspot.com/2023/02/muller-na-cienciaexposicionsdinamizacio.html>

.- O día de Rosalía, no que os nenos e nenas fixeron traballos que logo expuxeron para todos, e recitaron poemas lembrando a dita autora. Neste curso xurdiron un montón de actividades cantaron cancións e recitaron poemas de dita autora. Este é un día que cada vez celebramos con mais entusiasmo.

Poesía, radio pingueira, ruta rosaliana en croma ao redor do camiño de Santiago, obradoiros en educación infantil, o camiño de Rosalía e murais decorados coas flores da autora.

<http://tololetrives.blogspot.com/2023/02/dia-de-rosaliacurso-2223dinamizacion.html>

.- O día da Muller Traballadora , seguimos engadindo investigaron sobre mulleres GALEGAS , e continuamos ampliando a lista de mulleres que comezáramos o ano pasado, expondo as anteriores e as de agora, e pe[] os ir ampliando cada ano, para dar a coñecer cada vez máis mulleres en todos os ámb[] da cultura e da vida. Así mesmo seguimos colaborando coas asociación de mulleres do pobo nestes días coa lectura de textos . centrámonos unha vez máis nas mulleres científicas como sinal de empoderamento e contamos coa colaboración dunha ex alumna graduada en físicas que enviou as súas palabras para as nosas alumnas animándoas a continuar coma ela polo camiño das ciencias.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/03/muller-traballadoradinamizacion.html>

., Dia das artes galegas.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/03/artecurso-2223dinamizacion.html>

.- O día da poesía, certame de poesía e teatro.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/03/teatrodia-da-poesiacurso.html>

.- Actividades cos escornabots, nuns taboleiros creados pola responsable do mesmo para realizaren os neno e nenas cando suben a biblioteca.

.-Harry , the mousse library ,mascota acompaña ás actividades de inglés polas aulas , así no día da poesía fíxose unha exposición de poems in english e un snowmen, coa mestra de plurilingüismo versionaron Imagine .

.- O alumnado de educación infantil recibiu a asamblea en ingles acompañados da nosa mestra de plurilingüismo e a nosa auxiliar de conversa Aliza.

., Voluntariado en enregueifate.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/04/dinamizacion-linguisticavoluntariadocol.html>


ACTIVIDADES DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE

.- O sistema de préstamo continuou durante todo o curso coas medidas de precaucion axeitadas e o voluntariado implicouse no seu labor, como ven facendo sempre.

., Dia do libro en colaboración co concello.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/04/dinamizacion-linguisticavoluntariadocol.html>

.- Concursos de reciclaxe.



<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/04/reciclate-con-sogamaplan-proxectamedio.html>

..- Excursións Marcelle . fin de curso

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/04/medio-ambienteexcursionscurso-2223.html>

Dende a biblioteca de tololo , biblioteca creativa, radio, lecturas, roteiros, celebracións , todo se fixo encamiñado a un mellor coñecemento da nosa comunidade autónoma e da súa riqueza.

.- Colaboracións Ies, voluntariado.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/04/contacontoscolaboracionsanpacurso.html>

.- Cromas e tradicións

http://tololeotrives.blogspot.com/2023/04/dia-do-librodinamizacion_28.html

.- Lecturas compartidas.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/05/colaboracionscurso-2223lecturasapadrina.html>

., Formación profesorado impresión 3d

http://tololeotrives.blogspot.com/2023/05/polos-creativosbiblioteca-creativacurso_12.html

.- Letras galegas.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/05/dia-letras-galegasdinamizacion.html>

.- Xornada de acollida no IES ao noso voluntariado de sexto de primaria

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/05/corso-2223colaboracionsvisitas.html>

.- Intercambio entre centros.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/05/colaboracionsdinamizacion.html>

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/05/colaboracionscurso-2223dinamizacion.html>

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/05/colaboracionscurso-2223iesxaqdinamizaci.html>



<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/05/colaboracionsiesxaqdinamizacion.html>

.-Radio Pingueira seguiu emitindo como cada venres, abordando os días de conmemoracións e outros que ían xurdindo.

.- Medio ambiente, colaboracións se exposicións e charla dentro dunhas xornada amenas e divertidas para o alumnado, coidar o camiño, coidar os bosques é a nosa obriga. Tamén participaron en concursos e apostaron pola reciclaxe. Colaboración co IES Xermán Ancochea Quevedo.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/05/colaboracionscurso-2223contratos.html>

.- Contacontos de xerais. Ilustrador.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/05/contacontoscolaboracionsdinamizacion.html>

.- Obradoiro de voluntariado de narrativa audiovisual con GIMGko, creación de booktrailers e aplicación en radio.

(pendente de subir imaxes e montaxes)

.-Xornadas de educación vial.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/06/curso-2223colaboracionsbiblioteca-de.html>

.-Contacontos e festa da ANPA.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/06/contacontosanpabiblioteca-de.html>

.-Gala de entrega de premios a mellor sección do xornal, premios Tololeo.


<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/06/biblioteca-de-tololeodinamizacion.html>

.- Tríptico coas recomendacións lectoras cara ao verán.

<http://tololeotrives.blogspot.com/2023/06/curso-2223dinamizacion.html>

.-Festival de fin de curso.

Pendente de subir..



ACTIVIDADES LEVADAS A CABO DENDE A BIBLIOTECA DURANTE TODO O ANO.

ENLACES XERAIS

RADIO PINGUEIRA

<http://tololeotrives.blogspot.com/search/label/RADIO%20A%20PINGUEIRA>

XORNAL O FISCAÍÑO <http://tololeotrives.blogspot.com/search/label/XORNAL%20O%20FISCA%20C3%8D%20C3%91O?m=1>

.- Contacontos en colaboración coa ANPA, co personal responsable da biblioteca do concello e coa biblioteca do IEs Xermán Ancoechea, ademáis das colaboracións con outros ceips , COLABORACIÓN INTERBIBLIOTECAS .

<http://tololeotrives.blogspot.com/search/label/CONTACONTOS>

Actividades relacionadas co proxecto do xornal son todos os microproxectos nos que estamos inmersos e que tocan todas as temáticas no xornal..

8.12.6.- AVALIACIÓN REALIZADA DAS ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NA BIBLIOTECA.

Para realizar dita avaliación mantívose un contacto estreito co profesorado, reunións do centro nas que se valorou o traballado . O mesmo se fixo co alumnado de 5º - 6º a través das titorías para que puideran expresar as súas opinións e inqueanzas sobre o funcionamento da biblioteca durante este curso escolar, sobre as actividades que se levaron a cabo na mesma.

Das actividades realizadas os resultados reflicten o seguinte:

.- Os obxectivos do plan anual de lectura foron axeitados, aínda que coma sempre as circunstancias de cada ano varían e permítennos seguir adiante con todos ou non. Neste ano, fomos avanzando e completouse o que tiñamos previsto .

.- As actividades en xeral foron ben organizadas, aínda que por mór do tempo as veces puideran ser melloradas, e os titores as veces vianse entre as actividades do proxecto e as do currículo algo apretados nos seu día a día base. Isto pásannos sempre, tamén é certo que estamos xa empezando a sintetizar e englobar a actividade de biblio como algo xa inherente ao noso quefacer diario, sobre todo os nenos e nenas que xa demandan esas actividade ano tras ano.

.- A metodoloxía utilizada foi axeitada, os recursos que utilizamos nas distintas actividades foron acertados. Este ano tivemos un aumento de recursos considerable, e os nenos e nenas están desexando poder funcionar con eles de xeito normalizado.

.- A colaboración nas actividades tanto por parte dos titores como por parte do alumnado e do voluntariado, no proxecto foi axeitada..aínda que non todos colaboraron coa mesma forma e entusiasmo, é complicado cando cambia constantemente o profesorado no centro, nonobstante, seguiremos traballando neste senso.

.- Os tempos e espazos, o mesmo, contamos cun excelente espazo, e quizais é nos tempos no que nos faltou un pouquiño de tempo extra, pois todo leva o seu tempo e ás veces vémonos desbordados, pero nada que non se poida ir solucionando, pois a medida que imos facendo actividades ímonos dando conta do que precisamos e do que podemos prescindir.

.- Penso que según reflicte o interese acadado polos nenos e a súa implicación e participación nas actividades conseguimos despertar neles a curiosidade e inquietude polo mundo dos libros en todos os seus formatos, e en definitiva conseguimos que os nenos e nenas viñeran con creces a biblioteca.

.- Procuramos ofertar os libros que ían pedindo, aínda que é difícil compracer a todas as súas peticións,

.- O funcionamento dos recursos, ordenadores dos alumnos foron utilizados por eles con asiduidade para consultas do seu traballo na aula, ou sobre todo para estar o día do noso blogue.

.- Precisamos facer de novo cartelería para indicar en cada unha delas as sección con texto e pictogramas para a mellora de localización por parte do alumnado e do profesorado. Unha remodelación por desgaste por uso.

.- En definitiva, conseguimos ir implicando a toda a comunidade educativa na actividade desenvolvida no noso blogue, alumnado, profesorado, familias e continuamos en boa sintonía cos outros centros da zona, co concello e cantas organizacións temos ao redor.

DO FUNCIONAMENTO DA MESMA EN PROL DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A colaboración coa comunidade educativa foi excelente, conseguimos chegar a distintos colectivos dentro do noso concello..

.- Coa biblioteca municipal, coa que traballamos activamente dentro e fóra do colexio.

.- Coas asociación de mulleres, fixemos varias colaboracións e resultaron altamente gratificantes.

.-Coa residencia de anciáns.

.-Coas familias, a colaboración das mesmas sempre foi moi positivo en todos os proxectos nos que estamos inmersos .

.- Coa asociación de nais e pais tamén contamos e colaboraron con nós e nós con eles en todo o que precisamos.

.- Traballamos e coordinámonos co IES do pobo , e seguiremos nesta liña.

., Durante este curso a biblioteca estivo ao servizo da comunidade .Tratamosde convertirmos nun canle de comunicación da comunidade educativa onde os nenos e nenas, familias e profesorado podían compartir as súas inquedanzas.

E REFLEXIÓNS AO RESPECTO

É importante unha evolución positiva no tocante ás posibilidades de traballo, pois comezamos coas medidas do protocolo pero fomos relaxandoas e iso repercutiu nunha nova ilusión e gañas de facer., Sentímonos orgullosos de sacar adiante o proxecto, e ilusionados por continuar no curso que vén coa esperanza de poder dotar de liberdade e apertura a todo o programado con moita ilusión . O importante das reflexións despois dun ano de actividade é poder constatar que seguimos a introducir a biblioteca como algo cotiá na vida dos nenos e nenas, que están atentos ás novas que se poñen en cartelería, que as actividades que preparamos gustan, que a creatividade, a investigación, o interese están presentes nelas e sempre están receptivos ás novas actividades que preparamos mes a mes.

O curso que vén tentaremos seguir nesta liña, e intentar que o profesorado se involucre cada vez máis e vexa a biblioteca como un verdadeiro motor de aprendizaxe., seguiremos traballando para continuar o labor que con tanta ilusión levamos ano tras ano.

8.12.7.- PREVISIÓNS DE FUTURO CA CURSO 2023-24

O ano que vén , continuaremos con noso proxecto ,co xornal O Fiscaíño , e co traballo de investigación e edición iniciado neste pasado curso., o xornal o fiscaíño e que recuperaremos en formato dixital, hai gañas e ilusión . así axudados da nosa mascota Tololeo e da súa amiga Mafalda, e cos amigos Harry de plurilingüismo e Exeria de Dinamización. A pingueira de Radio,e Megarroxa,unha bruxa viaxeira coñeceremos as novas de acá e de alá, amosando unha ventá ao máis preto de nós pero coñecendo todo o que nos rodea. Seguiremos a estela da axenda 2030 para avanzar cos obxectivos de desenvolvemento sostible e apostar por unha evolución equilibrada do noso planeta e dos nos@s nen@s inmersos nel. Todo iso en estreita colaboración co equipo de dinamización lingüística e TICS.

Continuaremos ampliando a todos os ámbitos, achegándoos así a unha aprendizaxe significativa e interactiva sobre parte do contido curricular que temos hoxe en día dende educación infantil ata primaria. Integrando dun modo globalizado todas as materias do currículo,deixando o individualismo das asignaturas e achegándonos a globalidade na aprendizaxe... achegándonos máis a unha aprendizaxe por proxectos, máis innovadora e por ende máis significativa. Seguiremos investigando.

a.- En relación coa organización e xestión

Continuar coa DISTRIBUCIÓN, PRÉSTAMOS E VISITAS A BIBLIOTECA

Continuar coa catalogación de exemplares e a organización de recursos impresos para que vaian sendo accesibles a toda a comunidade escolar.

O horario de apertura da biblioteca seguirá manténdose durante os recreos, e tamén nos períodos de recreo de comedor, sempre que unha vez establecidos os horarios no mes de setembro sexa viable poder atendela..

Continuar coa formación aos voluntarios para realizar o préstamo informático, tanto de continuidade dos que xa tivemoseste ano como os novos de 5º de primaria que se incorporan.

Continuar a figura de axudante de biblioteca para os nenos de 3º e 4º que desexen iniciarse no voluntariado, xa que durante este curso foron moitos os nenos aos que lles houbera gustado participar dunha forma máis directa.PREVOLUNTARIADO

Seguiremos programando actividades de fomento da lectura e da elaboración de actividades relacionadas coa animación da biblioteca na que se poidan implicar ese alumnado. Ademais de seguir coa dinamización de Radio Pingueira e facer emisións nos recreos para toda o

centro. Continuar sobre todo con o espazo creativo é a nosa prioridade, programación, robótica e realidade aumentada, aproveitando o empuxe de recursos cos que contamos na actualidade. Ao comezo do curso trataremos dende as titorías de reforzar a autonomía de acceso ao blog por parte de cada neno e cada familia. Estableceremos dende biblioteca unhas directrices para ese uso, e uns canles de comunicación para a publicación ou aportacións..

Seguiremos coa dinamización da sección de inglés para que dentro do blogue e dentro da biblioteca poidamos aumentar a capacidade lingüística de todo o alumnado, *é convinte dende Plurilingüismo dar un empuxe a esta sección que van interiorizando os máis pequenos con parte da asemblea en inglés e no primeiro ciclo pero que temos que dinamizar nos cursos seguintes.*

b.- En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

Neste senso pretendemos continuar proporcionando novos recursos que poidan ser axeitados para traballar aspectos do currículo, por iso pasamos tamén na enquisa que nos acheguen os titores que necesidades, e que materiais precisarían cara o curso que vén.

De feito, neste curso que vén temos que afianzar o espazo maker e organizalo para que poidan subir, e xa teñan disposto todo o material preciso para traballar cos escornabots e coas planchas lego e construcións.

c.- En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional

Procurar que todo o alumnado de 5º e 6º adquira a competencia axeitada para realizar o préstamo informático, e que empecen a manexar ferramentas de edición de videos sinxelas, para facer eles mesmos as montaxes para subir ao blogue e mostrarles ao resto do alumnado do centro.


Continuar coa formación dentro do equipo de biblioteca co profesorado que se adscriba ao centro no mes de setembro.

d.- En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector do centro .

As actividades levadas a cabo dende biblioteca e os obxectivos que se marca como tal están relacionados intrínsecamente co establecido no proxecto lector do centro.

Centrámonos no fomento da lectura, nos seus posibles formatos como algo prioritario e creo que acadamos bos resultados, seguiremos nesa liña.

e.- Outras actuacións.



En relación a organización espacial da biblioteca a sección de infantil funciona axeitadamente cos paneis para ir mudando os libros cada trimestre segundo as preferencias dos titores ou titoras.

. Despois da ampliación da biblio, espazo no que se inclúe radio na biblio, resaltar o novo espazo continuo co croma e espazo maker e mesa de luz.e agora a impresora 3D, trátase de converter a biblioteca nun lugar completo como centro de investigacións e aprendizaxe, xa temos reutilizadas as estanterías nos corredores para a sección de creación dos proxectos que van saíndo.O investimento neste curso foi continuado e acadamos que os resultados serán moi bos sobre todos para aproveitamento ,disfrute e aprendizaxe do noso alumnado..

Seguimos precisando tamén reorganizar a sección de inglés, este ano fomos mercando exemplares e coa mestra de plurilingüismo e a auxiliar de conversa

f.- Criterios e procedementos de avaliación, indicadores e instrumentos que se vaian a utilizar.

Para levar a cabo unha avaliación do traballo a realizar, prepararanse unhas enquisas por titorías , nos cursos máis pequenos aplicamos sempre a observación directa e a súa participación , e ver a súa emoción ao facer actividades que se reflicte nas imaxes ,videos, montaxes que se poden consultar no blogue, onde están case todas, sempre falta algo, das actividades que levamos a cabo neste ano. Ni que dicir que estaban atentos cada mes, a escoitar a radio pingueira coas novas sobre cousas do cole...


O buzón de suxerencias tamén nos informa do que demanda o noso alumnado, e moitas veces as propias suxerencias que nos fan de xeito verbal ao equipo de biblioteca.

g.- Persoa designada como responsable dinamizadora da biblioteca escolar, equipo de apoio e horario previsto

O equipo conta coa coordinadora, María José Rioz González, e o grupo de mestras : 2 mestras de EI, mestra de AL, música, EF, a orientadora, 2 mestras titoras de primaria , e a directora do centro.Resaltar que este equipo mantén a continuidade.

O horario previsto da coordinadora tratará demanerse , a lo menos ,como ata agora, 4 horas, e o horario das mestras do equipo , que levan unha coordinación dentro da biblioteca,(e dicir Radio, biblioteca creativa, tics e dinamización) deberá contar , alo menos , cunha hora de dedicación que deberá estar incluída no horario oficial no mes de setembro. Coma sempre,

son moitas máis horas as que se lle dedican tanto por parte da coordinadora como por parte do resto do equipo, tendo en conta que temos que axustarnos á nosa actividade lectiva tamén, pero mantendo a ilusión por seguir facendo programación actividades para o alumnado.



-

8.12.8 BIBLIOTECA CREATIVA

1.INTRODUCCIÓN


O noso centro atópase nunha zona rural de alta montaña do macizo central ourensán que conta cunha poboación aproximada de 2,500 habitantes. O centro conta con 9 niveis dunha liña. O alumnado pertence en gran maioría a familias de clase media sen grandes problemas económicos que traballan no sector servizo, agrícola, gandería e unha gran empresa privada moi presente na contorna (Iberdrola).

Estamos no PLAMBE dende o 2015 e por terceiro ano consecutivo en “Bibliotecas Creativas” e parécenos interesante seguir medrando co Plan LIA. Para nós é moi importante conectar aos nosos/as alumnos/as coa realidade dixital, robótica, etc, que se desenvolve nas urbes. Deste xeito, estes alumn@s poden seguir desfrutando da calidade de vida que lles ofrece o contorno sen estar illados da evolución educativa e tecnolóxica que nos envolve.

2. OBXECTIVOS

O obxectivo deste curso foi a formación do alumnado na creación de audiovisual coa técnica croma e a impresora 3D. A formación nestes campos foi impartidos por profesionais ou persoas experimentadas en cada ámbito mediante o proxecto de formación do profesorado.

Tamén seguimos formándonos e traballando na robótica e programación así como no traballo coa mesa de luz e cultura Market.



3.MATERIAIS E ACTIVIDADES

A biblioteca creativa está ubicada dentro da biblioteca do centro que conta co seguintes materiais:

EQUIPAMENTO INFORMÁTICO

-Ordenadores

- Encerado dixital interactivo

Tableta

FOTOGRAFIA

Cámara de vídeo dixital

-Cámara fotográfica


-Trípode

-Fondo fotográfico croma verde

-Apps croma, stopmotion e vídeo

EQUIPAMENTO DE SON

-Micrófono



- Auriculares

MESA DE LUZ

-Mesa de luz con patas

- Materiais translúcidos

- Material variado para proxectar.

-Laminas de acetato para imprimir

ROBÓTICA

- Escornabots

- Pezas para o montaxe

-Plantillas de xogo


-Materiais para facer circuitos

-Apps para a programación

IMPRESIÓN 3D

- Impresora 3D

Bobinas para impresión



-Apps para deseño

ACTIVIDADES

Dende Biblioteca Creativa tratamos de diversificar as aprendizaxes outorgándolles un sentido lúdico, motivador e divertido. Trátase en definitiva de mudar os conceptos da aprendizaxe sen deixar de aprender.

Na biblioteca creativa traballamos o pensamento creativo e a imaxinación a través de distintas técnicas e actividades e con ferramentas moi variadas como proxector, mesa de luz, puzzles, escornabots, legos, apps, impresora 3D ...

As actividades levadas a cabo este curso se centraron en ensinar aos nenos o funcionamento da impresora 3D e seguir traballando co alumnado na programación de escornabots e manexo da mesa de luz como ferramentas de aprendizaxe. Este curso tamén comezamos na iniciación da realidade aumentada.

Todas as actividades están no bloguer da biblioteca e na web do centro.

<https://tololeotrives.blogspot.com/search/label/BIBLIOTECA%20CREATIVA>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelbermudez>

ACTIVIDADES MESA DE LUZ

Este curso seguimos innovando e aprendendo coa mesa de luz. O alumnado de infantil aprendeu novas técnicas e moitos contidos con esta ferramenta. A mestra especialista de Audición e linguaxe usa esta ferramenta nas súas sesións de estimulación co alumnado de infantil.

Na biblioteca estamos traballando o camiño de Santiago, usando esta ferramenta para traballar tamén no proxecto.

IMPRESORA 3D

Este curso recibimos formación sobre a impresora 3D para seguir aprendendo sobre esta ferramenta. Se traballaron diversas actividades de aula, actividades complementarias. O alumnado de 5º e 6º iniciou a súa formación con esta ferramenta, aprendendo a manexala e a elaborar diversos deseños. Fixeron o símbolo polo día da paz e non violencia, boliñas para decorar a árbore de nadal entre outros


CROMA

Este curso estivemos iniciándonos na técnica croma e traballamos distintos proxectos do centro con esta técnica innovadora.

Recibimos formación sobre esta técnica e foi xunto coa impresora 3D unha das nosas prioridades este curso.

Felicitación polo día da nai e pai dos alumnos de 5º que se pode ver en

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelbermudez/node/240>



Elaboramos un vídeo para o días das letras galegas con esta técnica.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelbermudez/node/243>

ROBÓTICA – PROGRAMACIÓN

O longo do curso tivemos unha hora semanal adicada a Robótica e Programación.

O alumnado mostrouse moi participativo e motivado no centro de interese. No último trimestre programamos con Tinkercad e logo imprimían as súas creación na impresora 3D

LAPBOOK

O alumnado de 2º e 6º de primario traballou os proxectos do centro mediante esta técnica de Lapbook.


REALIDADE AUMENTADA

Aprendemos xogando e xogamos aprendendo coas apps de realidade aumentada.

CULTURA MARKET

Con bloques de cartón o alumnado de infantil traballou varios contidos do currículo e o proxecto de biblioteca sobre o camiño onde se puxo a proba a súa creatividade e imaxinación.

OUTRAS ACTIVIDADES



Aprendemos as taboas de multiplicar

Aprendemos xogando

4. CONCLUSIÓN

Hoxe en día é imprescindible seguir innovando por iso o noso centro aposta por unha educación innovadora onde se potencia a creatividade e imaxinación do alumnado.

Queremos seguir apostando pola nosa idea de mellora educativa e trala ampliación da nosa biblioteca incorporando a “radio na biblio” e un espazo “maker”, contamos agora tamén cun recuncho de impresión 3D.

Temos pensado para o vindeiro curso crear un recuncho de ciencias e investigación e seguir investigando e aprendendo sobre a realidade aumentada.

8.12. MEMORIA RADIO NA BIBLIO

8.12.1. INTRODUCCIÓN

Un curso mais seguimos co programa de Radio na Biblio, coa nosa radio Pingueira. “Radio Pingueira”, un proxecto de fomento da lingua galega no que participa todo o colexio. O obxectivo principal deste curso e do proxecto é consolidar progresivamente unha boa competencia na lingua galega e pensamos que a mellor

maneira de facelo é a través dunha nova ferramenta que temos no centro A Radio. Os medios de comunicación e as novas tecnoloxías son as ferramentas que nos poden axudar a dinamizar a lingua ^{na} _{que} este curso vamos a dinamizar a nosa lingua a través da Radio, da nosa Radio Pinguera.

8.12. 2. COMPOÑENTES DE RADIO NA BIBLIO

Monserrat Méndez Pérez (Coordinadora de radio)

María José Rioz González (Coordinadora de biblioteca)

María Asunción Lamelas Fernández (directora do centro)

Sara Rielo Quintela (mestra de Educación Física)

8.12.3. OBXECTIVOS

Mellorar a expresión, o ton e a pronunciación.

Por en practica os distintos tipos de expresión oral: entrevista, debate...

Ampliar o vocabulario.

Mellorar a competencia en tódalas áreas do currículo.

Fomentar o traballo en equipo.

Aumentar o coñecemento nas TICS

Fomentar o pensamento crítico

Fomentar o uso da lingua galega no oral e no escrito.

Participación e colaboración coas familias e outras entidades.

Crear unha mascota para Radio.

8.12.4. PROCEDEMENTO

Na nosa Radio participan todos os cursos dende infantil ata primaria.

Todos os martes de 09:00 a 10:00 adícanse a gravación dos podcast na Radio Pinguera.

Os podcast son preparados anteriormente na aula co titor/a ou especialista que o prepara. Nas aulas elixen o tema e preparan a escaleta.

Destacar que este curso houbo mais participación de persoas externas ao centro, que era una das propostas de mellora do curso pasado.

8.12.5. ACTIVIDADE A REALIZAR

A actividade na radio é de gran interese para o alumnado, polo tanto. É unha actividade ideal para implicar aos alumn@s e que participen de maneira activa no proceso de ensinanza- aprendizaxe.

A comezos de curso o equipo de radio na biblio reuniuse para organizar e coordinar as actividades que se levaron a cabo en Radio Pinguera.

As gravacións en Radio Pinguera foron todos os martes a 1º hora.

Todos os grupos participaran e gravaran como mínimo una vez en cada trimestre sobre temas de interese do alumnado, temas complementarios de festividades no centro e sobre proxectos que se levaron a cabo nas aulas.

Todas as imaxes e producións sonoras levadas a cabo están no blog da biblioteca.

<http://tololeotrives.blogspot.com> e na web do centro

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelbermudez>.

8.12.6. AVALIACIÓN

Avaliáse a posta en marcha do proxecto e o seu funcionamento mediante rexistro sonoros, anotacións e observación do proceso durante todo o curso.

8.12.7. PROPOSTAS DE MELLORA

Como puntos de mellora destacan :

Maior implicación do profesorado e dos especialistas.

Involucrar as familias tanto na participación como na escoita dos podcast.
Seguir aumentando a participación de persoas axenas ao centro, xa que este ano se comezou a traballar na Radio mediante entrevistas.
Creación de unha mascota para a Radio Pingueira, obxectivo que se propuxo na aula de arte este curso e esta pendente de rematar.

8.13.MEMORIA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E CONMEMORACIÓNS:

- Destacar que ademais das actividades tradicionais, séguese co **programa de radio dio Pingueira**” mensual no que @s alumn@s de 5º e 6º son locutores e relatan as novas cada mes.

- Fertiberia**
 - Concurso no que participaron 1º, 2º, 3º e 4º de Primaria.

 -

- Actividades Afundación ABANCA**
 - Os alumnos de todo o centro asistiron as actividades de teatro que se levaron a cabo durante todo o curso no auditorio de Ourense para ver as distintas representacións teatrales.

 - Os alumnos de 3º e 4º de Primaria non asistiron.

- Concurso “Jovenes y mayores”**

- O xornal A Región organizou este concurso e no centro participaron os alumnos de 4º de Primaria onde manifestan a través dos seus traballos a relación que hai na sociedade actual entre as persoas m e os rapaces novos.

-

•Samaín

- O centro celebrou a festa do Samaín o 28 de outubro de 2022.
- Este día levaranse varias actividades para conmemorar este día como a búsqueda dos misterios polo centro onde a través de pistas buscarán as chaves que abrirán os cofres misteriosos con obxectos terroríficos.
- Decoración de corredores e zoas comúns.
- Decoración de cabaza: Cada alumno decorará na casa con axuda da familia unha cabaza. Expoñerase nas escaleiras do centro.
- O propio día de Samaín poderán vir disfrazados terroríficamente.


•Magosto

- Previsto o Magosto para o día 11 de novembro.
- Asamos as castañas no patio do colexio e os alumnos poderán disfrutar delas no patio do centro despois de comer acompañados de música galega.
- Pola mañá ese día saída por grupos- aula para facer rutas polos soutos da vila camiñando dende ás 11:30 horas. Cada grupo fará unha ruta diferente en función dos ciclos.

•Día contra a Violencia de Xénero

- Traballouse o día 25 de novembro por titorías cada grupo.

- **Celebración do Nadal**



- O Festival de Nadal celebrouse o día 22 de decembro de 2022 na Casa da Cultura para toda a comunidade educativa.

- As actuacións deste curso foron as seguintes:

- Educación Infantil: Performance, panxoliña e baile “O Apalpador”

- AULA 1º e 2º Primaria: “Popurri de Nadal”

- AULA 3º Primaria: baile “Christmas Dance”

- AULA 4º Primaria: “A Coral de Shakespeare”

- AULA 5º Primaria: teatro “Unha historia contemporánea de Nadal”

- AULA 6º Primaria: O Rap das festas.

•

- **Día da Paz**

- O día 30 de xaneiro de 2023 conmemoramos o día da Paz.

- Por titorías decoraremos os corredores relacionados con este día.


- Fixéronse xogos tradicionais ese día no patio do centro.

- Pola tarde no patio do centro cantouse unha canción pola paz.

•

- **Sogama**

- O venres 20 de xaneiro viñeron ao centro a presentar unha charla por ciclos sobre o tema da reciclaxe.



•Entroido

- Este ano o entroido celebrouse a semana do 13 de febreiro coa Semana Louca coas distintas ordes do meco.

- Cada día da semana os nenos que queren participar veñen disfrazados segundo as mandas establecidas.

- Luns pixama.

- Martes pelos loucos.

- Mércores día do sombreiro, mandil e paxarita.

- Xoves disfraz libre con chocolatada no recreo.

- Venres disfraz libre con nenos do IES.

•


•Skiou

- Os días 6, 7 e 8 de marzo os alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria subiron a Cabeza de Manzaneda para practicar xornadas de ski e outras actividades propostas para esos días.

•

•Día da árbore

•O día 21 de marzo celebramos no centro o día da árbore. Visitounos un axente forestal para dar unha charla os alumnos de Primaria para favorecer a concienciación sobre o coidado da contorna natural.



•Posteriormente todos os nenos do centro sairán o patio a plantar unha pequena árbore.

•**Marcelle**

•Os alumnos de Educación Infantil foron de excursión ao zoo Marcelle o día 26 de abril para pasar alí todo o día.

•**Regueifas Santiago de Compostela**

•O día 15 de abril os nenos de 3º, 5º e 6º de Primaria foron a Santiago para participar na gala Enreguéifate-Regueifesta no Auditorio de Galicia onde foron escolares de distintos puntos de Galicia e na cal se fixo unha “viaxe” polo mundo da improvisación oral en verso, na que houbo música en directo co obxectivo de achegar os nenos e nenas á fala do idioma galego espontáneo.


•**Saída Vila**

•O 20 de abril os nenos de Educación Infantil realizou unha saída pola natureza aproveitando o proxecto da auga que se está a realizar no centro. Fixeron unha ruta polo Río Fiscaíño.

•**Saída Vila**

•O 21 de abril o alumnado de Primaria saiu polas rúas da vila en grupos para descifrar pistas colocados el lugares da vila (Pilón, Casa Grande, Concello, Praza do Reloxo, O Bodegón, O Grifo, A Cantina do Catro e os Soportais) relacionados con contos tradicionais. Os alumnos foron recollendo pistas que o final levarán a Santa Leonor e

alí formaron unha frase con todas as pistas recollidas e colgarán un cartel no xardín coa súa sinatura.



•Película “Valentina”

•Todo o centro o día 16 de maio fomos a Casa da Cultura a ver a película “Valentina”.

•Carreira de Orientación

•O día 5 de xuño realizamos a carreira de orintación polo Día do Medio Ambiente. Os alumnos dividíronse en grupos mixtos de 14 nenos e no patio do centro pasarán por distintos postos que foron relevos, xogo das sillas, pintacaras, pintura mural, xogo do lixo.

•Pavillón Municipal

•Todos os do colexio foron o Pavillon de deportes o día 16 de xuño a realizar un campeonato de xogos e tomar unha merenda saudable a base de brochetas de froitas.

•Xornadas de Educación Vial


•Os días 19 e 21 de xuño houbo no centro unas xornadas de Educación Vial organizadas pola Policía Local. Para realizar a actividade os nenos trouxeron bicicletas, patinetes, patins, triciclos...e os circuitos estiveron na pista verde do centro.

•

•Festival fin de curso: 20 de xuño 2023

•Este ano o festival foi na Casa da Cultura para toda a comunidade educativa.

•As actuacións foron as seguintes:

- Educación Infantil “Baixo o mar”.
- 1º Primaria: teatro “O Ratiño presumido” 
- 2º de Primaria: teatro “ Que teño no pañal?”
- 1º e 2º primaria: baile “I’m a believer”
- 3º de Primaria: baile “The final countdown”
- 4º de Primaria: interpretación “Stars Wars” “El Guateque”.
- 5º de primaria: teatro “ Paz e despois gloria”
- 6º de Primaria: baile “Tiktok”, interpretación “Misión imposible, Titanic e Indiana Jones”.

Canción en francés “On escrit sur le murs”

- Graduación de Educación Infantil.
- Graduación de Educación Primaria.

•Excursión Oporto

Os alumnos de 4º, 5º e 6º de Primaria realizaron a excursión de final de curso a Oporto (Portugal) os días 21, 22 e 23 de xuño.

Sairon de Trives o día 21 dirección Baiona para visitar a Réplica da Carabela, A Fortaleza e a Casa da Navegación. Fixeron xantar na Guarda e disfrutaron da tarde de Praia e visitaron un castro celta. Noite en Diverlahonso (Parque multiaventura con albergue).

O día 22 visitaron a librería Lello en Oporto e fixeron unha visita guiada polo casco vello o por Vilanova de Gaia. Subiron en funicular, aloxamento no parque multiaventura.



O día 23 fixeron as actividades do parque Diverlahonso pola mañá e pola tarde regresou a Trives con parada en Braga.

8.14 MEMORIA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

8.14.1. Introducción

No CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso de A Pobra de Trives, todos os cursos nos propoñemos a mesma finalidade, queremos que o alumnado consolide a lingua galega coma unha lingua viva e non abandonen o seu uso.

As actividades que se realizan están ligadas aos proxectos que se desenvolven no centro. Os proxectos de centro son o froito da coordinación entre o EDLG, biblioteca, biblioteca creativa e TICS.

Este curso as actividades teñen como eixe central o proxecto da biblioteca que se centra na escritura, polo que levaremos a cabo a elaboración dun xornal e tamén actividades ligadas ao Plan PROXECTA, INNOVA E POLOS CREATIVOS.

As actividades patexadas teñen como obxectivo que o noso alumnado e profesorado conviva coa lingua galega de xeito natural, no día a día do centro. Por iso todas as actividades complementarias do centro xiran arredor da nosa lingua. Para acadar este obxectivo, as actividades concretas que propoñemos son o mais motivadoras e atractivas posibles. Evidentemente a actitude e colaboración do profesorado será

imprescindible, así como do resto da comunidade educativa, porque se o alumnado non observa un compromiso cara á lingua por parte dos docentes, eles non cambiarán a súa actitude cara ao noso idioma.


8.14.2. Obxectivos

Durante este curso e tendo en conta as necesidades do ano anterior desenvólense os seguintes obxectivos:

Obxectivos Xerais

- Seguir coñecendo os elementos etnográficos, culturais e inmateriais da nosa cultura e da na nosa contorna e a conservación dos elementos naturais e a forman.
- Dinamizar e potenciar o uso do galego no centro e favorecer a súa visibilidade na comunidade educativa.
- Colaborar coas institucións locais e outros centros de ensino para organizar e participar en actividades conxuntas.
- Fomentar o uso do galego oral e escrito nas diferentes actividades.
- Emprego das novas tecnoloxías como principal ferramenta para consolidar e fomentar o uso do galego nos nosos alumn@s.
- Fomentar o uso da linguaxe oral en galego mediante a Radio “Radio Pingueira” e medios audiovisuais, facendo así conscientes ao noso alumnado da riqueza que proporciona o dominio do galego como medio de expresión.
- Promover a lectura en lingua galega colaborando coa biblioteca do centro e levando todas as actividades de maneira conxunta.

- Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades propostas polo EDLG.



- Promover o uso do galego nos espectáculos e celebracións.

Obxectivos respecto do profesorado

- Empregar a lingua galega na nosa vida cotiá, aínda que só sexa no recinto escolar.
- Promover a lingua galega a través das TIC (web, blog...)


Obxectivos respecto ao alumnado

- Adquirir unha boa competencia en lingua galega.
- Valorar positivamente o uso da lingua galega en calquera contexto.
- Participar activamente en actividades de tradición cultural.

Obxectivos respecto ao centro

- Ampliar os recursos en galego do centro.
- Involucrar a toda a comunidade educativa nas actividades do centro.
- Favorecer a presenza das asociacións e outra entidades no centro.
- Participar en actividades culturais ou deportivas ou organizadas por outros organismos (concello, asociacións...)
- Potenciar e promover o uso da lingua galegas en todas as actividades do centro.
- Empregar as TICs en galego.

8.14.3. DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES



As actividades levadas a cabo no centro polo EDLG, propostas para o curso 2022-2023 están ligadas as conmemoracións que se celebran nos distintos meses do curso, ao proxecto de biblioteca e a outros proxectos do centro.

As actividades se propoñen e organizan conxuntamente e en colaboración coa biblioteca do centro, tamén colaboramos activamente con outras entidades como o concello, a biblioteca municipal, o IES, a ANPA, CIM, asociacións da zona ...

Durante o curso escolar fixemos uso de todos os recursos que dispoñemos no centro como A Radio, a impresora 3D, biblioteca, polos creativos..

Proxecto “Xornal o fiscaño” .

Colaboramos na programación, posta en marcha, desenvolvemento e avaliación do proxecto de biblioteca centrado na escritura. Centramos a nosa participación na potenciación do curso do galego nas elaboración do xornal e demais actividades desenvolvidas, na procura de recursos para o traballo nas aulas ,así como na organización de actividades.

Celebracións e festas tradicionais

Con estas actividades pretendemos poñer en valor as tradicións da nosa cultura e valoralas como elementos da nosa identidade cultural. Ao longo deste curso centrámonos en achegar recursos e propostas ao profesorado para que poida abordalas dende a aula e organizar xunto cos coordinadores da biblioteca actividades para abordar as distintas festividades.

Tratamos de coñecer estas celebracións dende unha perspectiva local, conectando deste xeito coas maiores do noso Concello e recuperando as tradicións. Celebramos ademais unha serie de datas sinaladas arredor da nosa cultura e lingua.

As conmemoración de cada mes a presentamos en esta táboa..

OUTUBRO	Día das bibliotecas (24 de Outubro) Samaín (28 de outubro)
NOVEMBRO	Magosto (11 de novembro) Mes da ciencia Día do neno Día da música Día contra a violencia de xénero
DECEMBRO	Día da discapacidade Día de cine de nadal celebración de nadal
XANEIRO	Día da paz e a non violencia
FEBREIRO	Día da lingua materna Día da nena e a muller na ciencia Día da Radio Día de Rosalía Semana de entroido
MARZO	Semana da prensa Día da muller

	Día da poesía Día do teatro
ABRIL	Día das artes galegas Día do libro Día da Terra
MAIO	Día das letras Galegas
XUÑO	Día do medio ambiente

Promoción da lingua oral

Respecto do uso oral da nosa lingua, consideramos imprescindible crear contextos de uso do galego máis alá das festas de tradición popular, para devolver á lingua galega no seu lugar dentro da vida cotiá.

Aproveitaremos o recurso da biblioteca escolar e da nosa Radio Pingueira, para usar e valorar a lingua, así como para crear referentes musicais en galego e poñer en uso a nosa lingua.

Este curso puxemos en marcha a dinamización da lingua oral por medio de representacións teatrais e contacontos en galego, en colaboración coa ANPA. Os pais voluntarios representaban un conto en galego un día a semana na biblioteca escolar.

Promoción da lingua escrita

Este curso participamos activamente no proxecto de biblioteca na creación dun xornal, fomentando así a lingua escrita.

Tecnoloxías da información e da comunicación

Dada a importancia das novas tecnoloxías, recursos tecnolóxicos, redes sociais e robótica, consideramos imprescindibles estar presentes nelas para poder afondar na dinamización da lingua.

- Parte das actividades propostas de información referentes ao proxecto son interactivas (, códigos QR, Genial.ly...

-Publicitamos por medio do blog da biblioteca a labor do EDLG.

<http://tololeotrives.blogspot.com/>

-Emprego de ferramentas TIC para a creación dun banco de recursos en galego para o profesorado.

Dinamización do centro


Realizamos diferentes intervencións nas que o centro será o eixo fundamental de dinamización, polo que nos corredores se exporán murais, información e outros elementos, sempre tendo como obxectivo o de dinamizar o emprego da lingua galega.

Dinamización da contorna

No tocante á dinamización da contorna levaremos a cabo as seguintes actuacións:

- XORNAL O FISCAIÑO: Trátase dunha publicación dixital de carácter mensual. O obxectivo deste xornal, foi que participen todos os alumnos e alumnas do centro, é o de dinamizar o uso do galego en diferentes formatos da escrita así como levar á comunidade educativa as nosas inqúedanzas neste aspecto.

-Elaboración da “Recomendacións lectoras” de nadal e para verán en colaboración co equipo de biblioteca.



- Involucración da comunidade na procura de información sobre as festas e celebracións tradicionais no noso concello.

Intercambios con outros equipos, centros, entidades e asociacións culturais

Varias das actividades que se levaron a cabo ao longo do curso serán en colaboración con outras institucións.

-Biblioteca de Tololeo. A colaboración co equipo de biblioteca é constante ao longo de todo o curso. A organización de moitas actividades é común, dado que ambos equipos perseguimos un obxectivo básico: dinamizar e potenciar o emprego da nosa lingua.

- Equipo de actividades complementarias e extraescolares: na organización de actividades e conmemoracións e calquera outra actividade na que a cultura e lingua galega teñan un lugar protagonista.
- TIC's: na realización de actividades, creación de recursos e redes sociais.
- ANPA: na realización de diferentes actividades ao longo do curso, contacontos todas as semanas.
- Concello: as colaboracións abarcan recursos ofrecidos polo Servizo de Normalización, a contratación de actividades e medios...
- IES Xerman Ancochea Quevedo, organización de actividades conxuntas onde os alumnos interactúan e aprender dos máis maiores.

Posta en valor da lingua mediante a cultura e a etnografía


Pretendemos realizar actividades que involucren recursos da nosa contorna. Deste xeito, podemos dotar de significatividade e interese os nosos proxectos, á vez que poñemos en valor o noso patrimonio social, natural e cultural.

- Actuacións de música tradicional galega no centro.
- Búsqueda de información nos fogares sobre as tradicións e celebracións en
- Información sobre aspectos de interese do patrimonio existente na nosa contorna.

Outras actividades do curso

Durante o curso levaronse a cabo saídas culturais onde se puxo de manifesto a cultura e a arte galega. Coñecemos autores e autoras galegos así como artistas e deportistas. Visitamos o auditorio de Ourense para ver distintas obras teatrais, contacontos... que nos ofrece Abanca.

O EDLGA facilitou ao profesorado información, libros, apps e distintos recursos para traballar nas aulas.



Participamos en REGUEÍFATE co alumnado de 5º e 6º levando a Santiago o noso tradicional entroido.

Gravacións semanais en Radio pingueira, todos os cursos gravarán a lo menos unha vez ao trimestre.

Para fomentar a lectura traballamos conxuntamente co equipo de biblioteca ofrecendo propostas as aulas, axudando a adquirir lecturas e libros para ler en galego e facendo as recomendación lectoras.

Para dinamizar a linguaxe escrita colaboramos coa biblioteca do centro, na elaboración de un xornal dixital "O FISCAIÑO", onde cada mes cada clases se ocupara de unha sección coas novas que elixa.

4. ACTUACIÓNS DE MELLORA

A maioría dos obxectivos propostos foron sonxeguidos pero para o vindeiro curso debemos de seguir incidindo nos seguintes:

Incidir no uso do galego nas primeiras etapas educativas.

Concienciar as familias da súa responsabilidade na herdanza da lingua e da normalización da cultura galega.

Traballar mais a oralidade así coma na lectura e na escritura en galego no 2º ciclo de primaria.

Conseguir unha boa competencia na lingua galega.

Para o vindeiro curso seguiranse dinamizando a lingua a través de RADIO PINGUEIRA e a través do proxecto de biblioteca, un proxecto conxunto onde o obxectivo e dinamizar a lingua galega.

8.15 MEMORIA DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A Comisión de Coordinación Pedagóxica estivo integrada pola Directora do Centro como Presidenta, a Xefa de Estudos a coordinadora de EI, os Mestres especialistas de AL e de PT, o Mestre de Educación Física, a mestra de música o coordinador do Equipo Normalización Lingüística, como secretaria a xefa do Departamento de Orientación.

Con motivo de atender as necesidades dos alumnos do centro, ó longo de todo o curso houbo varias reunións de comisión pedagóxica

Tratamos os temas seguintes:

- ✓ Propoñer os mestres/as que formaran parte da comisión de coordinación.
- ✓ Establecer e levar a cabo o Plan de Acolida para o alumnado de EI.
- ✓ Revisión das propostas de RE do curso anterior e elaboración dos horarios de PT e AL.
- ✓ Posta en práctica do PAT.
- ✓ Colaboración cos diferentes titores e titoras no deseño e desenvolvemento de programas de reforzo así como na elaboración das diferentes A.C.S
- ✓ Aprobación, avaliación e seguimento dos diferentes reforzos educativos realizados a nenos/as con N.E.E
- ✓ Revisar e elaborar diferentes programas de reforzo e de ampliación de nenos e nenas que están repartidos por diferentes cursos de primaria.
- ✓ Realizar avaliacións psicopedagóxicas, informes de orientación e outros documentos
- ✓ Atender ao alumnado que se incorpora tardiamente ao centro.
- ✓ Continuar co “Programa de Inmersión Lingüística” do curso pasado cos alumnos/as que proceden do extranxeiro
- ✓ Elaboración da Concreción curricular.
- ✓ Continuación da Comisión de Convivencia.
- ✓ Integrar programas de fomento de habilidades sociais, resolución de conflitos e toma de decisión
- ✓ Traballar co alumnado que presente problemas de comportamento, a nivel individual.
- ✓ Elaboración dun Plan de Modificación de Conduta.
- ✓ Elaboración de follas de rexistro de conduta.
- ✓ Revisión dos criterios de avaliación.

- ✓ Campaña de animación á lectura.
- ✓ Fixación das datas das avaliacións.
- ✓ Valoración dos resultados das avaliacións e modificación das medidas de reforzo educativo.
- ✓ Visita virtual ó Instituto por parte dos alumnos/as de 6º e información ós pais/nais sobre materias optativas e matrícula.
- ✓ 3º Avaliación e final, análise dos resultados e previsión de reforzos para o vindeiro curso.

Como vemos ó longo do curso tratáronse moitos e variados temas, a participación do profesorado foi constante segundo o interese de cada tema

8. 16. MEMORIA TIC.

•8.16.1 Dotación do centro:

O centro conta cunha aula TIC con 13 ordenadores, un portátil, un cañón e unha Pizarra Dixital Interactiva.


Unha aula de Polos Creativos con 22 ordenadores, 7 tablet, unha impresora 3D, unha cortadora ploter, unha máquina de coser, unha máquina de chapas, unha pantalla, un cromado, 6 Robots, material de Digicraf...

Estas salas están a disposición do centro para que titores e especialistas leven a cabo as actividades planificadas tanto en clases enteiras como por grupos. Para axilizar o seu uso, establecemos un sistema de reserva da aula.

Cada aula tamén conta cun equipo e un canón. O resto dos equipos distribúese da seguinte maneira: dous equipos na biblioteca, un na aula de PT, un na aula de AL, un no departamento de orientación, dous en secretaría, dous en dirección e dous na sala de profesores.

Este ano o centro recibiu 5 pantallas para as aulas de infantil e 1º e 2º de primaria..


O Centro conta con dúas aulas E-Dixgal e quipadas con 33 equipos 2 portátiles e 2 canóns. Durante o curso 2022/2023, leváronse a cabo varios traballos e actividades formativas encamiñadas a optimizar o uso das ferramentas TICs coas que contamos que nestas

circunstancias vividas co COVID 19 debemos plantexarnos mellorar nas Tic para facilitar ao alumnado unha educación a distancia na que non estabamos acostumados. Para iso propoñemos para o vindeiro curso Formar  lo Profesorado nesta liña.

Tamén precisamos equipos novos polo que a Consellería despois desta pandemia debía priorizar e dar orzamento aos centros para investir en equipos novos.

8.16.2 OBXECTIVOS


Obxectivos propostos	Obxectivos acadados	Causas
Establecer protocolos e principios de organización e uso didáctico dos recursos TIC dentro das aulas 5º e 6º de primaria	Acadado	
Potenciar o interese do alumnado fronte a novos métodos de ensino e fomentar neles unha actitude responsable, activa e participativa fronte a súa aprendizaxe.	Acadado	
Deseñar tarefas utilizando programas coñecidos ou os programas educativos presentes nos netbook	Acadado	
Elaborar materiais didácticos tendo como soporte os	Acadado	

recursos e a información de Internet.		
		
Impulsar pequenos proxectos que favorezan o traballo en equipo e as relacións entre todos os mestres que imparten clases nas aulas de 5º e 6º	Acadado	
Introducir na programación de aula obxectivos e actividades didácticas que teñan como recurso de ensino aprendizaje as tecnoloxías da información e da comunicación	Acadado	

8.16.3 .CONTIDOS DESENVOLVIDOS

- A)Familiarización do profesorado coas vantaxes e posibilidades que podemos explorar no mundo das TIC.
- B)Organización da aula: establecer protocolos
- C)Elementos da aula : o servidor, os netbook...
- D)Experiencias doutros docentes.
- E)Busca e Catalogación de recursos-
- F) Como integrar unha actividade no Currículo e como levala a práctica.

G)O encerado dixital: crear as propias actividades, e buscar outras que se podan levar a cabo a través da pizarra.

H)Facer un percorrido pola Web en busca  información que sexa interesante para a nosa práctica docente.

I)Utilizar distintas ferramentas para crear novos recursos educativos.

J)Creación de powerpoint

K)Traballos con Gimp

L)Traballos de JCLIC

M)Coñecemento do Open Office: writer,calc...

N)Creación de Libros Dixitais con Edulim...

O)Creación de Unidades Didácticas con Ardora

8.16.4 ACTIVIDADES

As primeiras actividades realizadas foron poñer en contacto o neno/a co miniportátil, para iso utilizamos para que se familiarizaran co teclado e colleran rapidez a hora de escribir. Unha vez que o nen@ empezou a ter confianza en si mesmo empezamos con búsqueda de actividades na rede e crear as nosas propias actividades, entre elas destacamos:

Unidades didácticas por ciclos con Ardora

Contos dixitais por cursos

Subida de actividades ao Blog e máis a páxina web

8.16.5 METODOLOXÍA E PROCEDEMENTOS DE TRABALLO.

A Metodoloxía empregada ten que estar baseada no traballo en pequeno grupo, aportando todas as ideas que nos leven a organizar facilmente o traballo diario, levaremos a cabo un Brain-Storming (remuíño de ideas) e poremos en práctica as actividades que vaian xurdindo. Observaremos o grado de satisfacción do grupo cos métodos empregados. Faremos unha observación directa da práctica educativa.


PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO.

Poñer en marcha a aula virtual do Centro.

MEMORIA CURSO ESCOLAR 2022/2023

C.E.I.P. PLURILINGÜE MANUEL BERMÚDEZ COUSO

8.17. MEMORIA: DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.



Curso 2022/23

MEMORIA FINAL

ORIENTACIÓN

*CEIP Manzaneda
CEIP.P. Manuel Bermúdez Couso*

Segundo o Decreto 120/1998, de 23 de abril, ¹⁵ que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu art. 15 (Elaboración e estrutura do plan de orientación e a súa memoria) o final de curso os departamentos de orientación realizarán unha memoria na que se recollerán os seguintes aspectos que a continuación se desenvolven:

a) Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e cambio.

No mes de setembro foi constituído o Departamento de Orientación cos seguintes integrantes:

- Mestra Especialista en Pedagogía Terapéutica:
 - o Maria Blanco Rodríguez

- Mestra Especialista en Audición e Linguaxe:
 - o Montserrat Méndez Pérez

- Orientadora:
 - o Iria Alberich Quintas

Modificacións realizadas ao longo do curso en relación ao Plan:

- Realización de avaliacións psicopedagóxicas en relación ao benestar socio-emocional, ao alumnado de 6º de Primaria.
- Incremento da periodicidade do grupo de habilidades Sociais.
- Cambio de materiais de avaliación, renovación e actualización para conseguir fidelidade e consistencia nos resultados.

b) Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.

Os **obxectivos**, en relación á diversidade e optimización da aprendizaxe:

Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades de desenvolvemento ou de aprendizaxe para evitar o fracaso ou inadaptación escolar.

- **Identificación temperá das necesidades mediante diferentes probas:**

É importante salientar que no presente ano iniciouse unha actualización do material relacionado coas probas de avaliación psicopedagóxica, xa que moitos deles atopábanse en situación de descatalogación. Porén, é un proceso lento que continuará

os vindeiros cursos incluíndo novas probas de detección e avaliación en idades temperas. Grao de Consecución: Medio.

- **Axustar a resposta educativa ás necesidades individualizadas do alumnado mediante o seguimento global dos procesos de aprendizaxe e das necesidades de adaptación do currículo e das metodoloxías:**

Importancia da incorporación dun banco de material para poder realizar de mellora xeito as adaptacións metodolóxicas materiais, así mesmo o seguimento global do alumnado é convinte ter unha continuidade semanal para poder detectar calquera necesidade que presente a nivel académico ou a nivel socio-emocional. Grao de Consecución: Medio-baixo.

- **Coordinar o proceso avaliador dos alumnos e alumnas e asesorar ás mestras e mestres sobre as condicións de promoción:**

Realizáronse intervencións nos claustros recomendando e propoñendo cambios na metodoloxía para mellorar a competencia dos alumnos, así mesmo coa aplicación de protocolos educativos. Grao de Consecución: Medio-alto.

- **Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado:**

Dende o departamento salientouse a importancia da inclusión dentro das aulas, feito mellorable. Grao de Consecución: Alto.


- **Revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar:**

En constante mellora, xa que cada alumno é diferente, así mesmo co seu ritmo de aprendizaxe e centros de interese. Porén a necesidades de modificar e cambiar o material de forma constante co alumnado, así mesmo coa modificación de metodoloxías máis inclusivas como a proposta da ensinanza multinivel. Grao de Consecución: Medio-alto.

- **Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe en caso de ser necesario:**

Obxectivo mellorable, remarcase a importancia da observación e seguimento semanal para as posible detección de necesidades nas aulas. Grao de Consecución: Medio.

- **Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo:**

Proposta de formación continua de  mensural orientada ao profesorado e ao DO, así mesmo coa proposta de medidas e recursos para mellorar riqueza de recursos dentro das aulas. Grao de Consecución: Medio.

En relación aos **Obxectivos**, en relación á tolerancia e mellora dos centros educativos:

- o **Facilitar a inclusión de cada un dos alumnos e alumnas no seu grupo e no seu propio centro.**
Proposta inclusiva de intervención dentro das aulas, mellorar a concepción da proposta de intervención dentro das aulas, amosar metodoloxías de aprendizaxe simultáneo. Grao de Consecución: Medio.
- o **Mellorar e actualizar as diferentes probas e sistemas de avaliación das necesidades do alumnado así como a coordinación e derivación se fora preciso aos servizos sociais aos que dispón o alumnado.**
En proceso de actualización de probas e sistemas de avaliación e intervención, así mesmo como a creación do banco de material. Grao de Consecución: Medio-baixo.
- o **Iniciar sesións de habilidades sociais.**
Necesidade de incrementar a frecuencia de talleres de habilidades sociais, así mesmo como a creación dun espazo de recuncho socio-sensorial para o ciclo de infantil. Grao de Consecución: Medio- alto.
- o **Fomentar no grupo de alumnos e alumnas o desenvolvemento de actitudes participativas tanto a nivel de centro como en relación co seu propio entorno.**
Ofrecer opcións para o alumnado, creación de diferentes espazos de xogo no recreo para diminuír friccións negativas. Grao de Consecución: Medio.
- o **Deseñar programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos, con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación e Asesorar na elaboración do Plan de Convivencia no centro.**
En proceso de actualización do plan de convivencia e benestar emocional do centro. Grao de Consecución: Baixo.

- **Deseñar accións que posibiliten o desenvolvemento adecuado do autoconcepto e da autoestima.**

Realizáronse propostas de actividades relacionadas co benestar emocional, é necesario confiar na importancia do impacto do benestar social e emocional para o bo desenvolvemento do alumnado. Grao de Consecución: Alto.

- **Potenciar o diálogo coma o mellor método para diminuír as situacións conflictiva así como promover a convivencia e a resolución pacífica de conflitos, colaborando na diagnose e no posterior deseño dun plan de mellora.**

Creáronse espazos de diálogo, combinados con paseos e rodas de confianza onde o alumnado pode expresar aquelas diferenzas co resto do alumnado ou conflitos ocorridos. Grao de Consecución: Medio.

En relación aos **Obxectivos**, en Orientación profesional e familiar:

- **Favorecer o proceso de madurez persoal, desenvolvemento da propia identidade, dun sistema de valores axeitado, así como propiciar no alumnado a progresiva toma de decisións da súa formación.**

En relación co obxectivo de habilidades sociais, é importante seguir fomentando ditas áreas.

- **Contribuír ó establecemento das relación fluídas entre familia e centro.**

Importancia de que o departamento de orientación poida realizar o seguimento ás familias para todo o profesorado que necesiten asesoramento por parte dun punto máis especializado. Cabe salientar o bo seguimento coas familias onde o profesorado estivo activo a colaborar e realizar as titorías que se establecen de forma lexislativa.

- **Orientar ás familias en materia de educación dos seus fillos/as.**


Importancia de que o departamento de orientación poida realizar o seguimento ás familias que necesiten asesoramento por parte dun punto máis especializado.

En relación aos **Obxectivos**, en relación coa Documentación e coordinación docente:

- **Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción titorial.**

Realizouse a actualización do PO. Pendente de actualizar a PXAD e PAT para o vindeiro curso 2023/24.

- **Coordinar cos mestres e mestras titoras e de apoio as necesidades educativas e as programacións dos alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo.**

Necesidade de realizar as CCP  do profesorado. Realizaronse reunións semanais, cada martes do DO. Grao de Consecución: Medio-baixo.

- **Coordinar con tódolos mestres e mestras do centro as accións encamiñadas á acción temperá e a prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento.**

Moi boa participación e coordinación , o profesorado amosaba moito interese po demandar axuda, estratexias e material para as necesidades que podía detectar nas aulas. Grao de Consecución: Medio-alto.

- **Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento de medidas contempladas no Plan de Acción Titorial (PAT).**

Sen dificultades coa maioría de profesorado que se amosa receptivo. Grao de Consecución: Medio.

- **Manter actualizado o Plan de Orientación, concretando no Plan Anual do Departamento as actuacións previstas para o curso.**

Actualización no curso 2023. Importancia de crear modificacións tódolos cursos.

- **Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda na aplicación informática Drdorienta.**

Realizada dentro do prazo requirido.

- **Elaborar informes de avaliación e/ou seguimento en base ás solicitudes e necesidades específicas de apoio educativo prioritarias do momento.**

Realizáronse informes de avaliación, tanto pola detección polo profesorado e pola detección do DO. Actualizáronse os informes.


- **Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.**

Realízase a memoria final, en base á Orde do 8 de setembro do 2021 en primeiro lugar. Actualización da presente baseada no D. 120/1998.

c) Conclusións e propostas concretas melloras.

- Priorizar a inclusión dentro das aulas, realizando metodoloxías multiniveladas dentro da aula.
- Involucrar por parte do profesorado na adaptación metodolóxica segundo as necesidades dos alumnos.
- Incrementar as adaptacións metodolóxicas por parte das titorías.
- Potenciar o criterio emocional dos cativos, enxaldando a figura de espírito crítico e resolución de conflitos.
- Aumentar as horas de habilidades sociais e dar a importancia que teñen os indicadores emocionais dentro das aulas.
- Priorizar a intervención baseada en funcións executivas: memoria, atención, cognición, percepción; enfronte a metodoloxías de apoio baseadas en “repaso escolar”.
- FACILITAR as canles de comunicación coas familias de forma fluída.
- Facilitar a derivación a servizos externos, dependendo das necesidades dos alumnos.
- Fomentar a creación de patios dinámicos para minimizar os conflitos dentro das horas de ocio por non dispoñer de alternativas de xogo.
- Priorizar ás alumnas/os como eixe principal.
- Crear proxecto aula SNOZELEN, dentro da aula de Orientación.
- Crear Escola de Nais e Pais coa colaboración da ANPA.
- Realizar formacións coa unidade de saúde mental e COPG.

8.18. MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA.



8.18. MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA.

MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA.

CURSO 2022/2023

MESTRA PT: María Blanco Rodríguez

ÍNDICE

- Actividades en relación co centro
- Organización da atención educativa.
- Método de traballo con cada alumno/a.
- Valoración das medidas adoptadas.


- **Actividades en relación co centro.**
- Elaboración da programación de apoio para o presente curso.
- Elaboración da memoria final de curso.
- Asistencia ás reunión da Comisión de coordinación pedagóxica.
- Colaboración nas tarefas de avaliación.

- Colaboración na elaboración, seguimento e avaliación das medidas de reforzo adoptadas.
- Atención docente directa ao alumnado tras petición dos titores/as.
- Colaboración e coordinación cos Mestres/as titores/as.
- Asistencia ás reunións do Departamento de Orientación do centro.
- **Organización da atención educativa.**

As medidas adoptadas en relación co alumnado foron todas de carácter ordinario. A principios de curso estableceuse á atención educativa, tendo en conta as necesidades específicas de cada grupo de alumnos/as:

- Primeiro curso: este curso escolar fíxose apoio por parte da mestra de PT neste nivel educativo a dous alumnos fóra da aula ordinaria, tres horas semanais.
- Segundo curso: este curso escolar fíxose apoio a tres alumnas na aula de apoio tres horas semanais.
- Terceiro curso: este curso escolar non se fixo apoio por parte da mestra de PT neste nivel educativo.
- Cuarto curso. Durante todo o curso levouse a cabo o apoio a tres alumnos fóra da aula tres horas semanais. Un deles deúselle a alta do apoio no segundo trimestre.
- Quinto curso. Apoio educativo a cinco alumnos catro sesións á semana dentro e fóra da aula ordinaria.
- Sexto curso. Neste curso impartiuse apoio a tres alumnos en matemáticas dúas horas semanais.

- Neste curso tamén se fixo apoio por parte da mestra de PT os grupos de 3 anos e 4 anos de Educación Infantil.



Ao longo do curso esta organización foi sufrindo cambios en función das necesidades do alumnado.

- **Método de traballo con cada alumno/a.**

As medidas de apoio ordinarias establecidas en función das necesidades foron as seguintes:

- 2 nenos/as (1º de Primaria)

Sairon da súa aula ordinaria tres horas semanais. Os seus apoios foron dirixidos a afianzar contidos en matemáticas e nas linguas.

Fundamentalmente refórzanse os contidos traballados na aula dun xeito máis individualizado.

A metodoloxía empregada consta do apoio da mestra de PT tres horas á semana.

Na aula de apoio empregamos materiais didácticos como cadernos de traballo, o libro de texto, fichas de traballo e reforzo, libros de contos así como xogos manipulativos.

Recoméndase que os seus apoios continúen para vindeiro ano.

- 3 nenas (alumnas de 2º de Primaria)

Os seus apoios centráronse en aspectos relacionados coa atención, razoamento lóxico, memoria e comprensión e tamén para resolver aquelas dúbidas e/ou axudar no desenvolvemento das materias de lingua e matemáticas.

Na aula de apoio traballamos fundamentalmente aspectos matemáticos relacionados coa seriación de números, ordenar números de maior a menor e inversa, recontos, grafía de números descomposicións, representacións de problemas, operacións de sumas, restas e multiplicacións así como a orde inversa directa de números. Con respecto os contidos relacionados coas linguas, expoñer que traballamos a comprensión lectora, combinacións de palabras e frases así como a grafomotricidade. Textos e comprensión de textos, resumos e análise das palabras de oracións sinxelas. Fundamentalmente refórzanse os contidos traballados na aula dun xeito máis individualizado.

Traballamos fundamentalmente o razoamento, memoria e atención.

Recoméndase continuar cos apoios para o vindeiro curso.

- 3 alumnos de 4º de Primaria)

O apoio con estes alumnos dirixiuse a fortalecer e/ou afianzar aspectos relacionados coa atención, cálculo mental, razoamento lóxico, memoria e comprensión, solución de problemas e tamén para resolver aquelas dúbidas e/ou axudar no desenvolvemento da materia de matemáticas.

Na aula de apoio traballamos fundamentalmente aspectos matemáticos como as aproximacións, números de seis e sete cifras, números romanos, as propiedades da suma e da resta, operacións combinadas, as propiedades da multiplicación, potencias, multiplicacións, e as divisións.

Fundamentalmente refórzanse os contidos traballados na aula dun xeito máis individualizado.

A metodoloxía empregada consta do apoio da mestra de PT tres horas á semana dentro da aula de apoio.

Na aula de apoio empregamos materiais didácticos como o libro de texto, fichas de traballo e reforzo así como xogos de tipo manipulativo

- 5 alumnos de(5º Primaria)

O apoio con estos alumnos diríxese fundamentalmente a proporcionarlle axuda nos contidos que se están a traballar na aula ordinaria dun xeito máis individualizado e así teña unha mellor comprensión de ditos contidos. Tamén diríxese a fortalecer e/ou afianzar aspectos relacionados coa atención, razoamento lóxico, memoria e comprensión e tamén para resolver aquelas dúbidas e/ou axudar no desenvolvemento da materia de matemáticas.

Na aula de apoio traballamos fundamentalmente aspectos matemáticos. Fundamentalmente refórzanse os contidos traballados na aula dun xeito máis individualizado.

A metodoloxía empregada consta do apoio da mestra de PT catro horas á semana, dúas dentro da aula ordinaria e dúas na aula de apoio aínda que as veces en función dos traballos que se están a facer ou das necesidades que teña a titora ou a mestra de lingua castelá o apoio da aula de apoio lévase a cabo dentro da aula co resto de compañeiros.

Na aula de apoio empregamos materiais didácticos como o ordenador, fichas de traballo e reforzo así como xogos de tipo manipulativo.

Recoméndase continuar cos mesmos apoios para o vindeiro curso escolar.

- 3 alumnos de 6º de Primaria)

O apoio con estos alumnos diríxese fundamentalmente a proporcionarlle axuda nos contidos que se están a traballar na aula ordinaria dun xeito máis individualizado e así teña unha mellor comprensión de ditos contidos. Tamén se diríxese a fortalecer e/ou afianzar aspectos relacionados coa atención, razoamento lóxico, memoria e comprensión e tamén para resolver aquelas dúbidas e/ou axudar no desenvolvemento da materia de matemáticas.

A metodoloxía empregada consta do apoio da mestra de PT dúas horas á semana dentro da aula de apoio.

Na aula de apoio empregamos materiais didácticos como o ordenador e fichas de traballo e reforzo.

Recoméndase para eles continuar cos apoios por parte da mestra de PT no IES.

- **Valoración das medidas adoptadas**

As medidas adoptadas de xeito individual de cada alumno e alumna foron medidas de carácter ordinario e deron os resultados esperados, en maior ou menor medida.

Ademais a actividade da mestra de PT está coordinada coa actividade xeral do centro por medio dos órganos de coordinación docente.

As liñas de colaboración foron as seguintes:

- Participar na elaboración do PEC tendo en conta os criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención dos alumnos con necesidades educativas especiais.
- Realizar a concreción curricular por competencias.
- Valorar as necesidades educativas.
- Diseñar e desenvolver programas de intervención educativa necesarios.
- Comunicarse coas familias para favorecer os progresos académicos do alumnado.
- Comunicar e orientar o profesorado e familias sobre os alumnos con necesidades.
- Observación e seguimento de cada alumno/a.

8.18. MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUA

8.18. MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

8.18.1. INTRODUCCIÓN

Neste documento analizo dunha forma detallada a actividade que se realizou no centro e nas sesións da aula de Audición e linguaxe durante o curso 2022/2023.

Tamén reflexo como foi o meu traballo cos alumnos con necesidades educativas especial durante este curso.

A miña labor educativa durante este curso se leva a cabo en dous centros diferentes:

C.E.I.P Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso (A Pobra de Trives), centro de referencia - 4 días semanais (luns, martes, mércores e venres)

IÉS Xermán Ancochea Quevedo - 1 día á semana (xoves)

A miña función coma especialista e mestra de AL nestes centros consistiu en realizar os apoios e intervencións específicas co alumnado con NEAE que estaban escolarizados en ditos centros, co fin de intervir e reforzar as necesidades educativas que os alumnos e alumnas presentaron nunha primeira avaliación inicial feita polo equipo de Orientación a comezos de curso.

8.18.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNO

Este curso atendín en total a 16 alumnos con necesidades específicas de apoio educativo e un alumno con necesidades específicas

- No CEIP Manuel Bermúdez Cousos acudiron a aula de AL 16 alumno@s con dificultades específicas de apoio educativo.

A continuación, preséntase unha táboa coa relación de **alumnos que reciben apoio na aula de Audición e Linguaxe.**

CEIP MANUEL BERMÚDEZ COUSO			
ALUMNO/A	CURSO	NECESIDADES	INTERVENCIÓN/TIPO DE APOIO
1	5º E.I	Dificultades na articulación pola presenza de dislalias.	1 sesión de 25 minutos semanais fóra da aula. Informe individualizado no departamento de orientación.
1	5º E.I	Dificultades na articulación pola presenza de dislalias.	1 sesión de 25 minutos semanais fóra da aula. Informe individualizado no departamento de orientación.
1	5º E.I	Dificultades na articulación pola presenza de dislalias.	1 sesión de 25 minutos semanais fóra da aula. Informe individualizado no

			departamento de orientación.
1	5º E.I	Dificultades na articulación pola presenza de dislalias.	1 sesión de 25 minutos semanais fóra da aula. Informe individualizado no departamento de orientación.
1	5º E.I	Dificultades na articulación pola presenza de dislalias.	1 sesión de 25 minutos semanais fóra da aula. Informe individualizado no departamento de orientación.
1	6º E.I	Dificultades na articulación con presenza de dislalias e fala infantilizada e as veces inintelixible. Dificultades na mobilidade e forza dos músculos que interveñen na fala. Falta de axilidade e coordinación dos movementos.	2 sesión de 25 minutos semanais fóra da aula. Informe individualizado no departamento de orientación.
1	6º E.I	Dificultades na articulación pola presenza de dislalias. Alta aula AL.	2 sesión de 25 minutos semanais fóra da aula. Alta aula AL. Informe individualizado no departamento de orientación.
1	6º E.I	Dificultades na articulación pola presenza de dislalias. Alta aula AL.	2 sesión de 25 minutos semanais fóra da aula. Alta aula AL. Informe individualizado no departamento de orientación.
1	6º E.I	Rotacismo.Dificultades na articulación do fonema R.	2 sesión de 25 minutos semanais fóra da aula. Necesidade de aumentar as horas de apoio e centrar a atención nas habilidades cognitivas básicas e no desenvolvemento da lectoescritura xa que par o vindeiro curso comeza en primaria.

			Informe individualizado no departamento de orientación.
1	6º E.I	Dificultades na fala. Presenta problemas na articulación do fonema R nas trabadas Alta aula AL.	2 sesión de 25 minutos semanais fóra da aula. Alta aula AL. Informe individualizado no departamento de orientación.
1	1º EP	Alumna con dificultades na fala. Persisten do ano pasado as dificultades na articulación do fonema R . Asistiu a AL para automatizar e xeneralizar o aprendido.	1 sesión de 25 minutos semanais fóra da aula. Alta na aula de AL.
1	1º EP	NEAE. Dificultade nas habilidades cognitivas, na atención, memoria e razoamento. Dificultades na expresión e comprensión oral e escrita o que con leva a dificultades na aprendizaxe en tódalas áreas. Ritmo de traballo lento. Lentitude no procesamento da información e razoamento.	2 sesión de 50 minutos semanais fóra da aula. Para o vindeiro curso aumentar as horas de apoio. Necesita adaptación nas áreas troncais. Informe individualizado no departamento de orientación.
1	1º. E.P	Dificultades na adquisición da lectoescritura afectando a consecución das competencias na área de lingua e lingua con un ritmo lento de traballo e falta de hábitos. Dificultades na fala. Presenta problemas na articulación do fonema S. Mellora durante o curso adquirindo un bo ritmo e nivel de traballo.	2 sesión de 50 minutos semanais fóra da aula. Para o vindeiro necesita seguir cos apoios para a articulación do S.
1	2º E.P	Dificultades na comprensión e razoamento. Apoio na aula ordinaria para afianzar a aprendizaxe dentro do grupo clase,	2 sesión de 50 minutos dentro da aula ordinaria. Manter os apoios para o vindeiro curso.

		necesita unha atención personalizada. Ritmo lento de aprendizaxe.	Informe individualizado no departamento de orientación
1	2º E.P	Dificultades na comprensión e razoamento afectando en gran medida a área de matemáticas. Apoio na aula ordinaria para afianzar a aprendizaxe dentro do grupo clase, necesita unha atención personalizada. Ritmo lento de aprendizaxe. Lentitude no procesamento da información e razoamento.	2 sesión de 50 minutos dentro da aula ordinaria. Manter os apoios para o vindeiro curso. Informe individualizado no departamento de orientación
1	2º E.P	Apoio na aula ordinaria para afianzar a aprendizaxe dentro do grupo clase, necesita unha atención personalizada. Ritmo lento de aprendizaxe. Fatiga e falta de rutina de traballo en cada sesión. Necesita axuda para organizar o traballo e as tarefas, fai falta supervisión continua.	2 sesión de 50 minutos dentro da aula ordinaria. Manter os apoios para o vindeiro curso. Informe individualizado no departamento de orientación

8.18.3. PLAN DE ACTUACIÓN

O meu obxectivo principal foi o de normalizar a fala no alumnado que amosou dificultades importantes nesta , darlle a importancia necesaria ós pre-requisitos da linguaxe e os aspectos relacionados cas bases da comunicación así como reeducar as distorsións máis común dos fonemas dende as idades temperás.

Tamén intervir nas dificultades da lectoescritura, xa que contamos con bastante alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.

Levo a cabo un programa de estimulación da linguaxe oral nos tres cursos da educación infantil do CEIP MANUEL Bermúdez Couso.



Os obxectivos son:

- Estimular a linguaxe como parte do desenvolvemento integral na etapa de Educación Infantil.
- Favorecer o progreso xeral na pronunciación dos elementos fonéticos de maior complexidade detectados na Educación Infantil.
- Fomentar a interacción global na aula mediante o desenvolvemento de actividades lingüísticas comúns.
- Estimular a amplitude léxica e a expresión oral.
- Reducir as intervencións especializadas individuais fóra da aula .
- Fomentar, desde o Departamento de Orientación – especialmente orientadora e profesoras de AL-, a colaboración co equipo docente de Educación Infantil na detección precoz de dificultades fonoarticulatorias e establecer medidas de prevención e corrección das mesmas desde a intervención diaria na aula.

8.18.4. OBXECTIVOS

Obxectivos con respecto ao centro

- Orientar e colaborar cos distintos mestres que participen na tarefa educativa e desenvolvemento integral dos alumnos/as.

- Promover o uso das novas tecnoloxías da comunicación e da información, así como doutros sistemas alternativos de comunicación.
- Coordinación cos titores/as para o seguimento e avaliación.

Obxectivos con respecto ao alumnado

- Detectar e previr posibles alteracións no desenvolvemento da comunicación e da linguaxe.
- Realizar avaliacións da linguaxe e seguimentos do seu proceso ó longo de todo o curso escolar.
- Corrixir as dificultades no desenvolvemento e adquisición das novas destrezas lingüísticas
- Programar e realizar as intervencións educativas necesarias.
- Elaborar e adecuar os materiais necesarios para dar resposta ás necesidades específicas dos alumnos/as.

Obxectivos con respecto ás familias

- Asesora aos titores e familias propiciando un clima comunicativo.


8.18.5. TEMPORALIZACIÓN

O horario da aula de Audición e Linguaxe elaborouse atendendo as necesidades educativas especiais do alumnado atendido.

As sesións tiveron unha duración variable dende 25 minutos ata 50 minutos dependendo do alumnado e das súas necesidades.

As demandas dos titores/as que apareceron ó longo do curso foron atendidas tendo en conta a dispoñibilidade horaria e das materias ás que se ausentaba o alumnado

e facendo as modificacións necesarias sempre que era posible para poder atender tales apoios.



8.18.6. METODOLOXÍA E MATERIAIS

A aula de na que desenvolvo o meu traballo está dotada dos recursos necesarios para para atender ao alumnado con NEAE. Os materiais, espazos e recursos utilizados adaptáronse ao nivel, estilo de aprendizaxe e necesidades de cada alumno/a.

Empreguei ó longo de todo o curso material funxible e adecuado de forma específica a cada un dos meus alumnos/as, empregando libro e cadernos específicos para as necesidades, cadernos de traballo, letras magnéticas, material adaptado para a lectoescritura, pictogramas, teclado adaptado para ordenado, material manipulativo, xogos didácticos, pizarra dixital, tableta con aplicacións específicas, mesa de luz... moito do material e paneis da aula de AL son de elaboración propia.

Levou a cabo unha metodoloxía a partir da aprendizaxe significativa e construtiva ,sempre de forma lúdica e cun centro de interese motivador e escollido por cada un deles, pero sobre todo tendo en conta os coñecementos previos dos que partía cada un/unha.


Os alumnos/as asistiron a aula de forma individualizada ou en pequenos grupos mantendo sempre os grupos burbulla ou da mesma aula.

En xeral, os métodos utilizados deron resultados positivos e os resultados foron satisfactorios na súa maioría xa que varios alumnos foron dados de alta pero ca necesidade que intervir no vindeiro curso para reforzar determinadas aprendizaxes.

A aula de AL ten unha **estruturación ambiental** dividida en diferentes espazos:

O recuncho do espello, para realizar praxias, movementos e tarefas rehabilitadoras do aparato fonador.

Recuncho da respiración e sopro.



Recuncho das letras e as palabras, que conta con letras móbiles, pizarra magnética.

Recuncho da pizarra dixital.

Recuncho do xogo.

Recuncho do ordenador

Recuncho do traballo de mesa.

Mesa de luz, recuncho de biblioteca creativa.

O material de cada recuncho adaptouse e correspondeuse ó tipo de actividades que os nenos/as realizaron en cada un.

8.18.7. AVALIACIÓN


A **avaliación do proceso de actuación** foi continua ó longo de todo o curso escolar e sobre todo a través da observación directa. Os plans de apoio e os obxectivos fóronse modificando en función dos avances e retrocesos dos alumnos/as.

A comezos de curso levo a cabo unha valoración na articulación mediante un rexistro fonolóxico nas aulas de 5º e 6º de educación infantil para detectar as posibles necesidades na fala.

Na aula de AL levo a cabo unha avaliación inicial a comezos do tratamento para detectar o nivel fonético do alumnos e as necesidades que presenta.

Ao longo do curso uso un caderno de rexistro onde anoto todas as observación, avances e necesidades que atopo.

8.18.8. COORDINACIÓN

Todas ás actuacións levadas a cabo na aula de Audición e Linguaxe foron coordinadas, dentro do posible e o mellor posible, co titor/a e co resto dos especialistas que traballaron co  e supervisado pola orientadora do departamento.

Os membros do departamento de orientación (orientadora, PT e AL) reunímonos os martes para tratar todos aqueles aspectos relacionados coa Atención a Diversidade dos centros aos que asisto.

Cos titores das aulas reúnome para consensuar as actividades a desenvolver co alumnado sempre coa finalidade de conseguir una inclusión positiva e afectiva que favoreza de forma axeitada o desenvolvemento integral dos nosos alumn@s. Nas reunións cos titores chegamos a acordos sobre aspectos que hai que tratar co alumn@ en concreto, ademais de informalos de como vai sendo o progreso dos nen@s, que dificultades se van atopando na súa aprendizaxe. Problemas de comportamento...Ademais de estas reunións formais, cada vez que xurde un problema co alumno o comento co titor no momento que coincidimos.

8.18.9.- PROPOSTAS DE MELLORA

Para un mellor funcionamento da aula de AL cabe propoñer o seguinte:

Sería conveniente dotar a aula de AL de recursos manipulativos e adaptadas as necesidades e características do alumnado.

Ampliar o contacto cos pais, nais, mestres e outros servizos externos dos alumnos que reciben tratamento na aula de AL e potenciar unha maior implicación nas tarefas educativas.

Debido a que hai alumnos que non puideron contar coas horas necesarias de apoio por a falta de horario penso que sería necesario aumentar as horas de AL no centro.

8.20 ACTIVIDADES DA ANPA

Neste curso escolar a Anpa  en actividades como: Teatro, Inglés, Ximnasia, Patinaxe.

Participaron no Nadal, contacontos en Educación Infantil e Primaria , Obradoiro de Ciencias , Obradoiro de Igualdade, Obradoiro de Samaín e festa fin de curso

8.21. INFORME DO CLAUSTRO.

Esta Memoria do Curso 2022/23 foi presentada e aprobada polo Claustro o día 30 de xuño de 2023

8.22 . INFORME DO CONSELLO ESCOLAR

Esta Memoria do curso 2022/23 foi presentada e aprobada polo consello Escolar con data

MEMORIA CURSO ESCOLAR 2022/2023

C.E.I.P PLURILINGÜE MANUEL BERMÚDEZ COUSO

do 30 de xuño de 2023

